

burela

O Concello mellorará a rúa Leandro Cucurny cun novo convenio urbanístico. **Páx. 9**

foz

Foz aposta por recuperar Areoura como espazo natural e punto de encontro entre veciños. **Páx. 11**

cervo

Conselleira e alcaldesa traballan para mellorar a auga en Trasbar. **Páx. 17**

trabada

Aberto o prazo para solicitar venda social na antiga escola de Vilapercide. **Páx. 19**

mar

Cas Costa Lugo: 13 anos mergullándose na natureza e na conciencia do fondo mariño. **Páx. 27**

Contraste de bandeiras

O prestixio ambiental da Mariña evidenciado polas 16 banderas azuis convive coa preocupación polas dúas negras no litoral



Galicia agochada en museos singulares

Un percorrido por espazos culturais únicos fóra dos circuitos turísticos habituais. **Páx. 4-5**

Sendeirismo desde o Valadouro

Paso Miúdo, unha asociación que con calma e pasiño a pasiño chega moi lonxe. **Páx. 20**

O Feitizo de Foz



Unha agrupación cultural que leva décadas mantendo vivas as raíces galegas. **Páx. 10**

Xuventude Chilindrina



A asociación toma o relevo para manter vivas as festas patronais de Celeiro. **Páx. 12**

J. Pedro Gómez



O artista mindoniense fálanos sobre a súa paixón pola acuarela. **Páx. 23**

A Deputación impulsa a formación dixital

O programa achegará 500 accións formativas ao rural para reducir a fenda dixital. **Páx. 29**

AGENDA CULTURAL DE GALICIA

Conciertos
Ferias ■ Festivales
Fiestas ■ Infantil
Humor ■ Gastronomía
Teatro ■ Cine...

¡NO DIGAS QUE NO LO SABÍAS!

OCIO EN GALICIA

www.ocioengalicia.com

A MARIÑA

A RAG dedicarlle o Día das Letras Galegas do 2026 a Begoña Caamaño



A Real Academia Galega dedicará o Día das Letras Galegas 2026 a Begoña Caamaño, escritora e xornalista nacida en Vigo en 1964 e falecida en Santiago en 2014. A decisión foi tomada nun pleno celebrado no pazo de María Pita da Coruña, onde tamén se valoraron outras candidaturas. A homenaxe recoñece tanto a súa obra literaria —centrada na relectura feminista de mitos como os da Odisea e da materia de Bretaña— como a súa traxectoria profesional como xornalista comprometida coa verdade, o galego e os dereitos sociais. Caamaño estreouse como narradora aos 45 anos con Circe ou o pracer do azul (2009), onde revisita as figuras de Penélope e Circe desde unha óptica feminista. En Morgana en Esmelle (2012), obra premiada amplamente, propón unha reflexión ética sobre o poder a partir da reelaboración do mito artúrico. Deixou proxectos inacabados sobre Sherezade e sobre a

súa bisavoa. As Letras 2026 celebrarán a súa mirada contemporánea, feminista e colectiva, tanto na literatura como no xornalismo. No eido xornalístico, comezou a súa carreira en emisoras locais de Vigo antes de incorporarse á Radio Galega en 1989, onde formou parte dos informativos e presentou programas culturais como Diario Cultural. Tamén colaborou con medios escritos e traballou para a Axencia Galega de Noticias. Defensora do xornalismo como servizo público, foi presidenta do Comité Interempresas da CRTVG e impulsora da Asociación de Mulleres Galegas na Comunicación. A RAG salienta que literatura e xornalismo foron para Caamaño ferramentas de coñecemento e acción, sempre dende o rigor e o compromiso. A súa figura representa unha voz coral que dialoga co presente, cunha traxectoria indisoluble entre ética, pensamento crítico e paixón pola lingua e a cultura galega.

A Mariña, sinalada tras recibir dúas Bandeiras Negras ambientais

O litoral galego volve estar no punto de mira tras a publicación do Informe Bandeiras Negras 2025, elaborado por Ecoloxistas en Acción, que denuncia as agresións máis graves ao medio mariño en todo o Estado. En total, Galicia recibiu seis distincións negativas, dúas por provincia, repartidas entre contaminación e mala xestión ambiental. A situación confirma que os problemas ambientais no litoral galego seguen sen solución efectiva por parte das administracións.

En Lugo, a empresa Alcoa recibe unha bandeira negra pola súa xestión da balsa de lodos roxos en San Cibrao (Cervo-Xove) e pola existencia dun emisario ilegal de augas residuais, utilizado durante décadas sen control administrativo nin rigor nas auditorías. O informe critica duramente a Xunta por emitir unha Declaración de Impacto Ambiental favorable para o recrecemento da balsa, sen avaliar aspectos fundamentais nin contar con plans de emerxencia ou clausura.

Tamén en Lugo, o caso da Illa Pancha, en Ribadeo, é cualificado de exemplo paradigmático de privatización encuberta dun espazo público protexido, pertencente á Rede Natura 2000. A falta de informes sectoriais obrigatorios, a ausencia de interese xeral xustificado e a opacidade no proceso son elementos que agravan a situación. O Defensor do Pobo recoñeceu que a



Consellería de Medio Ambiente non está a cumprir coa legalidade de vixente, aínda que esta só se compromete a mellorar a súa actuación futura, sen corrixir a situación actual.

En Pontevedra, o informe destaca dous casos especialmente simbólicos. Por unha banda, a ocupación do dominio público marítimo-terrestre na praia de O Con, en Moaña, por parte de Alberto Núñez Feijóo e a súa parella, o que supón unha apropiación privada dun espazo de uso común. A organización sinala que, malia tratarse dunha ocupación de pequena extensión, é particularmente grave polo perfil do infractor, expresidente da Xunta e actual líder do PP. Por outra banda, outórgase outra bandeira negra pola usurpación do dominio público na illa de Toralla, onde os propietarios dunha urbanización privada

impiden o acceso libre ao litoral, co consentimento implícito das administracións.

Na provincia da Coruña, unha das denuncias apunta ao porto de Suevos, en Arteixo, afectado por vertidos contaminantes, mentres que a segunda sinala á multinacional ALTRI, pola ameaza que supón para a biodiversidade e os recursos hídricos da ría de Arousa o seu proxecto industrial.

O informe, que este ano outorga 48 Banderas Negras en todo o Estado, advirte que moitas máis zonas poderían ser incluídas, e denuncia especialmente a ocupación crecente do espazo público por intereses privados. “A apropiación do litoral por elites económicas e a pasividade ou complicidade dalgunhas administracións son hoxe un dos principais perigos para a costa española”, conclúe o documento.

ACADEMIA

MANIPULADOR DE ALIMENTOS
APLICADOR FITOSANITARIOS
BIENESTAR ANIMAL
PROTOCOLOS DE ACOSO
PRERREQUISITOS -APPCC
PROTECCIÓN DE DATOS
FORMACIÓN BONIFICADA

formacion@amarina.org - Tf.: 982 585 098

Productos naturales de calidad suiza desde 1954

¿TE GUSTARÍA GANAR UN DINERO EXTRA MIENTRAS AYUDAS A LAS PERSONAS A VIVIR MEJOR?

Con Nahrin puedes empezar tu propio negocio en el sector del bienestar sin inversión inicial y con total flexibilidad.

- COMISIONES ATRACTIVAS Y SIN TECHO DE GANANCIAS
- PRODUCTOS NATURALES SUIZOS CON GRAN DEMANDA
- FORMACIÓN Y APOYO PARA IMPULSAR TU ÉXITO
- COMPATIBLE CON TU TRABAJO O COMO INGRESO PRINCIPAL

¡EMPIEZA HOY A HACER CRECER TU ECONOMÍA!

NAHRIN MÁS INGRESOS, MÁS LIBERTAD.

Polígono Industrial Cortaficio, Calle B, Nave 4A. 33740 Tapia de Casariego.

Tel.: 619 173 496 - www.nahrin.es

A situación da sanidade enfronta a PP e PSdeG nun intenso debate

A situación da sanidade pública na comarca da Mariña volveu centrar un dos debates máis acalorados no último pleno do Parlamento galego. A deputada do PSdeG Lara Méndez reclamou que a comarca recupere a súa área sanitaria propia, suprimida pola Xunta do PP no ano 2017, mentres que a portavoz popular en materia de Sanidade, Encarna Amigo, asegurou que a integración do Hospital da Mariña na área de Lugo serviu para “mellorar os servizos e optimizar recursos”.

Desde as filas socialistas, Méndez denunciou un “deterioro evidente e progresivo” nos últimos anos, cun hospital que, segundo afirmou, “nunca estivo peor que agora”. Aludiu á falta de especialistas, o aumento das listas de espera e á desaparición de determinados servizos. “Seguimentos que antes se facían de xeito ambulatorio acaban agora en ingresos ou en derivacións a centros privados”, alertou a parlamentaria. Méndez tamén criticou a resposta do conselleiro ante as mobilizacións veciñais, acusándoo de “desprezar as protestas cidadás” ao sinalar que estaban “politizadas”. Lembrou que o propio persoal do Hospital da Mariña, así como a veciñanza e os alcaldes da comarca, rexeitaron en



2017 a reforma da Lei de Saúde que supuxo a desaparición da área sanitaria propia, e advertiu de que a centralización en Lugo está a “acentuar as desigualdades” e a “convertir os mariñáns en cidadáns de segunda”. Pola súa banda, a popular Encarna Amigo defendeu que “o Hospital da Mariña ten hoxe máis servizos, máis prestacións, máis persoal e máis calidade asistencial que nunca”. Atribuíu estes avances á “coordinación e planificación da área sanitaria única” e criticou que se “disfracen de reivindicación sanitaria as estratexias políticas do PSdeG e do BNG”.

Segundo os datos achegados pola deputada do PP, desde 2010 o hos-

pital de Burela incorporou 154 profesionais máis, o que supón un incremento do 28,5 %. Tamén asegurou que se está a piques de resolver un concurso que permitirá cubrir 17 novas prazas, das cales cinco xa están asignadas. “Profesionais de Lugo, Monforte e A Coruña desprázanse a Burela para reforzar gardas e consultas”, sinalou.

Amigo destacou ademais melloras laborais como puntuacións adicionais e incentivos para atraer persoal ao hospital burelés, e puxo en valor a remodelación do centro, cun investimento de 20 millóns de euros desde 2018 e outros 30 millóns previstos.

A Deputación impulsa melloras viarias na comarca

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou unha nova batería de investimentos para o acondicionamento da rede viaria provincial, cun orzamento total que supera os 2,6 millóns de euros. Un dos proxectos destacados é o que se desenvolverá entre A Pontenova e Trabada, cun investimento de 195.970 euros para a mellora dos primeiros catro quilómetros da LU-P-6102, vía que conecta Pontepedrido con Trabada pola parroquia de Vilaformán. As obras inclúen a limpeza de cunetas, o asfaltado e a renovación da sinalización horizontal, cun prazo de execución de tres meses.

No Vicedo, a Deputación destinará 328.213 euros a traballos de mellora en dous treitos das estradas provinciais LU-P-6401 (de Suegos a Folcoeira) e LU-P-6402 (do Vicedo ao Cristo de Portapena), así como nun ramal de máis dun quilómetro e medio na zona de Negradas. A intervención contempla pavimentación con aglomerado en quente, reapertura de cunetas e nova sinalización.

Tamén se contempla unha actuación no interior da provincia, entre Lourenzá e Mondoñedo. Alí investiranse 204.799 euros na rehabilitación de 3,7 quilómetros da

LU-P-2806, que conecta Cazolga coa parroquia de Oirán. As melloras, que se realizarán ao comezo da vía, consistirán no reacondicionamento das cunetas, aplicación de novo firme e pintado de marcas viarias.

Outro dos puntos salientables desta sesión da Xunta de Goberno foi a aprobación dun convenio de colaboración co Concello de Xove, dotado con 1.636.807 euros, que permitirá acometer diversas obras en estradas da súa contorna e proceder á súa posterior cesión ao municipio. García Porto lembrou que esta fórmula xa se aplicou en Palas de Rei e permitirá “responder á demanda do Concello mariñán”.

En concreto, acondicionarase na súa totalidade a estrada LU-P-2601, desde a LU-862 ata o Portiño de Morás, rematando así a súa mellora integral. Tamén se renovará o firme da LU-P-2604 (ata Valcarria por Monte), da LU-P-2605 (entre A Tronca e Tarolo por Vila), e dun treito de máis de dous quilómetros da LU-P-6606 (de Augadoce a Fontao por Faro). Unha vez completadas estas actuacións, a Deputación transferirá ao Concello as dez vías que discorren polo municipio.

Obradoiros, cinema e contacontos este verán nos museos provinciais

A Rede Museística Provincial de Lugo desenvolverá durante os meses de xullo e agosto unha variada axenda de obradoiros creativos e propostas didácticas.

Baixo o epígrafe Cousas nosas, os catro museos da rede - Museo de Lugo, o Museo do Mar de San Cibrao, San Paio de Narla e o Pazo de Tor- acollerán estas actividades orientadas a propiciar a creación e a convivencia e a divulgar e transmitir a cultura e a historia

do país a través das coleccións e fondos dos museos

Campamentos, obradoiros creativos, contacontos, ioga, cinema inmersivo ou xadrez son algunhas das propostas destacadas desta axenda pensada para nenas e nenos, rapaces e rapazas de diferentes idades pero tamén con opcións para a participación interxeneracional.

Na presentación das actividades a deputada de Cultura Iria Castro

sinalou que “esta programación reforza o coñecemento e a vinculación da cidadanía cos museos, desde as primeiras idades, esperando o interese polo patrimonio e pola creación artística”.

A axenda de actividades pode consultarse na web comunidadempl.com e nas redes sociais da propia Rede e dos catro museos. A maioría das actividades son con prazas limitadas polo que se require inscrición previa.

Medio Rural activa as axudas para paliar danos na Faba

O sector da Faba de Lourenzá conta xa cun novo apoio económico da Xunta de Galicia. A Consellería do Medio Rural, a través da Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal), activou as bases reguladoras para unha liña de axudas directas dirixidas aos produtores desta Indicación Xeográfica Protexida (IXP), gravemente afectada polas condicións climáticas adversas e as enfermidades asociadas á humidade nas últimas campañas.

A contía fixada ascende a 2.000 euros por hectárea sementada, e os beneficiarios serán persoas físicas ou xurídicas cuxa explotación se atope dentro da área recoñecida pola IXP e figure no rexistro de plantacións. Para optar a esta compensación non será necesario presentar documentación complementaria, pois o procedemento será por adxudicación directa e para explotacións que teñan formalizada a declaración de sementeira de 2024.

Quando necesitas energía limpia y accesible, él está aquí

Cree en el Sol

En EDP, creemos que elegir la Tierra conlleva mirar al Sol en busca de soluciones energéticas limpias y accesibles. Porque, cuando elegimos el Sol, elegimos lo mejor para todos.

Descubre cómo ahorrar en edpenergia.es

edp

Pequenas xoias culturais ocultas

Espazos únicos espallados por toda Galicia amosan coleccións sorprendentes sobre videoxogos, xoguetes antigos, maquinaria agrícola ou traxes tradicionais, e reivindicando outro xeito de vivir a cultura, máis íntimo e comprometido coa memoria local

Por Galicia adiante existen museos que non adoitan figurar nas rutas máis transitadas nin nos folletos turísticos de cores brillantes. Espazos culturais que, lonxe do ruído mediático ou da masificación, conservan a súa autenticidade e ofrecen unha experiencia de descubrimento. Son museos que nacen da paixón de persoas concretas, da memoria colectiva ou da necesidade de preservar un legado cultural ou tecnolóxico. E nese silencio relativo, acadan unha forza particular.

MUVI

Un deses exemplos atópase en Cangas do Morrazo, onde funciona o MUVI, Museo dos Videoxogos, que moitos descoñecen pero que pode presumir de ser pioneiro no seu eido. O centro é tanto interactivo como divulgativo, cun percorrido que leva ao visitante pola evolución da microconsola, do ordenador e do videoxogo. Máis de 150 sistemas electrónicos amosan como cambiaron as formas de xogar e tamén os obxectos que acompañaron xeracións enteiras. Dende consolas dos anos 80 ata dispositivos máis actuais, o MUVI convida a redescubrir aparellos que quizais moitos teñan esquecidos nalgún recuncho da casa, convertidos xa en pequenas reliquias da tecnoloxía doméstica.

MUSEO DOS XOGUETES

Sen afastarse demasiado do universo lúdico, cómpre mencionar os museos do xoguete, repartidos por varias localidades galegas. En Allariz, o Museo Galego do Xoguete ocupa unha casa señorial do século XVIII. A súa orixe está ligada á xenerosidade dun veciño, Alberto Oro Claro, quen doou unha colección persoal de preto de 800 xoguetes de diferentes épocas, que van dende comezos do século XX ata mediados dos anos 60. Os xoguetes son testemuñas materiais dunha infancia doutros tempos, de xeitos de xogar, educar e soñar que xa non existen, pero que seguen a emocionarnos.

En Lalín, concretamente no Pazo de Liñares, atopamos outro Museo do Xoguete, alimentado pola colección de Antonio Chaves. A mostra reúne pezas únicas que permiten observar



a evolución do deseño, dos materiais e mesmo das ideas pedagóxicas arredor do xogo. A colección é un exercicio de memoria compartida, tanto para adultos como para crianzas. Un enfoque máis orixinal ofrece o MELGA, Museo Etnolúdico do Xoguete, situado en Ponteceso. A súa especialización céntrase nos xogos e deportes tradicionais, facendo un repaso desde a prehistoria ata os nosos días. A través de paneis, réplicas e obradoiros, o museo pon en valor formas de xogo que forman parte da tradición galega e europea, contribuíndo a recuperar prácticas que, sen espazos coma este, correrían o risco de desaparecer.

MUSEO DO FERROCARRIL

Tamén a tradición ferroviaria ten o seu lugar destacado en Galicia, e o exemplo máis significativo é o MUFERGA, Museo do Ferrocarril de Galicia, situado en Monforte de Lemos. Unha das xoias desta institución é a súa rotonda ferroviaria, un antigo taller de tracción cunha estrutura única en España: 38 vías radiais e un ponte transbordador xiratorio que permiten visualizar como se manexaban as locomotoras noutra época. O museo conserva tamén locomotoras e vagóns de distintas décadas e ofrece un parque

temático a pequena escala que entusiasma ao público familiar. A visita supón un regreso ao tempo no que o tren era a columna vertebral da mobilidade interior galega.

MUVICLA

Moi preto, en Trasliste (Láncara), atópase o MUVICLA, siglas de Museo Vivo e Integrado do Campo e da Locomoción Agraria. Aquí non só se expoñen tractores e maquinaria, senón que o propio museo está inserido nunha explotación agrícola en funcionamento. A finca dedícase á produción de mazá e á cría de tenreira, e isto permite que o visitante observe de primeira man o uso real e pasado das ferramentas agrícolas. O MUVICLA conta a historia da mecanización do campo galego, e permite, entre outras cousas, dar un paseo nun tractor clásico. Máis que un museo, é unha experiencia.

MUSEO DO MOUCHO

Pero se falamos de singularidade, poucos centros tan inesperados como o Museo do Moucho, situado en Cerceda. Fundado en 1994, acolle unha colección de máis de 5.000 pezas relacionadas con esta ave nocturna que tanto fascina a sabios e supersti-



ciosos. Hai esculturas, pinturas, obxectos de xoiería, pezas artesanais e ata instalacións interactivas, todo arredor do moucho. O museo naceu do coleccionismo e da devoción, e hoxe constitúe un espazo de reflexión e humor arredor dun símbolo cultural moi presente no imaxinario galego.

CENTRO A MINA

Por último, cómpre mencionar o centro de interpretación A Mina, nas Pontes, situado na antiga Casa da Enerxía. Esta instalación convida a reflexionar sobre o pasado industrial da vila, especialmente vinculado á extracción de lignito pardo. O espazo ofrece contidos gráficos, audiovisuais e paneis explicativos que afondan na historia da mina e na súa pe-

gada ecolóxica e social. Trátase dun exemplo de como a memoria industrial pode converterse nun recurso cultural de valor. En definitiva, os museos menos coñecidos de Galicia forman un mapa paralelo da nosa identidade. Espazos pequenos, moitas veces xestionados por persoas ou asociacións locais, que gardan historias extraordinarias. Nun tempo no que todo parece pasar pola visibilidade en redes sociais e o turismo masivo, estes museos reivindicando outro xeito de coñecer: máis tranquilo, máis próximo, máis humano.

MUPEGA

Santiago de Compostela, capital da cultura galega por antonomasia, agocha tamén algúns espazos pouco coñecidos. Un deles é o MUPEGA, Museo Pedagóxi-

co de Galicia, onde se mostra a evolución da escola galega a través de mobiliario, libros, instrumentos e fotografías de distintas épocas. O visitante pode observar aulas recreadas do século XIX ou material didáctico xa en desuso, que permite comprender mellor o proceso educativo das xeracións pasadas. Outro espazo destacable é o Museo de Historia Natural, no Parque de Vista Alegre, con dioramas que reproducen os hábitats de distintas especies animais e unha das maiores coleccións malacolóxicas do mundo, a de Emilio Rolán. A mostra de minerais complementa a visita, que resulta tan atractiva para familias como para persoas investigadoras.

MUSEO DO TRAXE

Hai nomes que deixan pegada, e un deles é o de Juanjo Linares, bailarín e mestre nacido en Ordes, figura fundamental na recuperación das danzas tradicionais. O museo que leva o seu nome, Museo do Traxe Juanjo Linares, está situado na súa vila natal e xorde a partir da súa doazón persoal: máis de mil traxes de baile, dos cales se expoñen uns 260. A colección inclúe vestimenta tradicional galega de diferentes épocas, traxes utilizados polo propio Linares e pezas que pertenceron a artistas de renome, como Antonia Mercé ou Antonio Gades. É un museo que, máis alá da indumentaria, fala do movemento, da escena e da identidade.

MUSEO DE CORNAMUSAS

A música tamén ten o seu espazo noutros puntos de Galicia, como na Escola Provincial de Gaitas de Ourense. Alí, ademais de formar ás novas xeracións de músicos, albergan o Museo Internacional de Cornamusas, unha colección única que reúne gaitas de Galicia, Europa, Asia e África. É un percorrido sonoro



e visual pola diversidade dun instrumento que, malia as súas múltiples variantes, comparte estruturas básicas e unha mesma alma musical.

MUSEO BONITEIRO

Dentro do eido etnográfico, Galicia está chea de pequenos museos locais que documentan oficios, rituais e formas de vida propias de cada comarca. Pero

hai un espazo que destaca pola súa orixinalidade: o Barco Museo Boniteiro Reina del Carmen, en Burela. Trátase dun barco de madeira construído nos anos 60, que foi transformado nun museo flotante sobre a pesca do bonito e a vida mariñeira. A visita permite coñecer os espazos reais nos que vivían os mariñeiros, as técnicas de pesca, o funcionamento do motor, e todo o que rodea a cultura do



mar. É, como din algúns visitantes, “unha viaxe ao centro do océano sen saír do porto”.

MUSEO DO HUMOR

E como non todo vai ser solemnidade, en Fene funciona dende hai anos o Museo do Humor, impulsado por Xaquín Marín, unha das figuras máis queridas do humor gráfico galego. O museo alberga exposicións

permanentes e temporais de caricatura, cómic, ilustración e obxectos curiosos. Un percorrido polas salas permite coñecer o traballo de autores como Siro, Davila, Pinto & Chinto ou Castelao, e tamén de humoristas doutras latitudes. O centro organiza actividades, premios e actuacións, e busca conectar co público dende a risa e a crítica, entendendo o humor como un instrumento de pensamento.

INFORMACIÓN

MUVI, Museo dos videoxogos Rúa Aragón, 2, Cangas, 36940. Horario: Sábados de 16.30 a 21.00 horas	Museo do Xoguete en el Pazo de Liñares Liñares, s/n, Lalín. Horario: De martes a sábado: 11:00 a 14:00, 17:00 a 20:00 horas.	Museo do Ferrocarril, MUFERGA Padre Feijoo, s/n, Monforte de Lemos Horario: Mércores a Venres: 11:00-14:00 e 16:00-19:00 horas. Sábados e domingos: 10:00-14:00 e 15:00-19:00 horas. Festivos: 12:00-14:00 y 17:00-19:00 horas.	Barco Museo Boniteiro Reina del Carmen Explanada portuaria de Burela Horario: consultar chamando ao 982 888 506 (desde febreiro ata o 31 de outubro) - 982 586 000 (do 1 de novembro ao 31 de xaneiro).
Museo Galego do Xoguete Rúa Portelo 4, Allariz. Horario inverno: Sábados, domingos e festivos: de 11:00 a 14:00 y de 17:00 a 19:00. Xaneiro pechado. Horario verán: De martes a domingo e festivos: de 11:00 a 14:00 y de 18:00 a 20:00	MELGA, Museo Etnolúdico do Xoguete Avda. de Bergantiños 65, Ponteceso. Horario: Sábados 11:00 a 14:00 e 17:00 a 19:00. Domingos 11:00 a 14:00.	Museo do Traxe Juanjo Linares Praza do Campo da Feira, 5, Ordes Horario: Martes a sábado de 10:00 a 14:00 e de 17:00 a 20:00 horas.	Museo do Humor de Fene Avenida de Conces, 20-22 Horario: Luns a venres de 10 a 13 horas e de 16 a 21 horas. Sábados de 10 a 13 horas.
MUVICLA A Eirexe 1, Trasliste, Láncara Calquera día do ano con cita previa	Museo do Moucho Edificio de Servizos Múltiples. Avda de Galicia, 37, Cerceda. Horario: De martes a sábado de 10 a 13 e de 16 a 19 horas.	Museo Internacional de Cornamusas Doutor Temes S/N Ourense Horario: Luns a venres: 9.30-14.30 horas.	Centro de Interpretación de A Mina Alcalde José Vilaboy Pajón, s/n, As Pontes. Horario: consultar 981 453 116

“Os nosos produtos naturais axudan sen causar efectos secundarios”

Rosaura García Caballero é a directora comercial e distribuidora de Nahrin en Tapia de Casariego, que ofrece produtos naturais de nutrición e cosmética

Que é Nahrin?

Esta é unha empresa de Suíza que leva máis de 70 anos no mercado e ten a súa sede en España, desde onde se envían os produtos. Nós estamos no polígono industrial El Cortaficio na rúa B, nave 4A. Antes, a empresa operaba desde Barcelona, desde onde xestionou a súa actividade durante 20 anos, pero agora instalouse aquí, comercializando en España e Portugal produtos de nutrición e de cosmética para todo o que é o coidado da saúde. Os produtos son naturais e seguen modernas técnicas de produción e baixo as estritas normas de calidade suízas. O obxectivo é contribuír de maneira activa na mellora da saúde e da calidade de vida de todas aquelas persoas que están interesadas tanto no seu benestar como no das súas familias.

Con que profesionais traballan?

Nós traballamos tanto con profesionais, sexa masaxista, un centro de ioga, unha perruquería... ademais, quen queira falarlle a un cliente dos produtos e vendelo pode ter un ingreso adicional. Temos unha plataforma con formacións de produto que tanto profesionais como non profesionais poden ver para formarse sobre o produto e poden recomendarlo aos seus clientes. A

empresa véndeos con desconto e o cliente paga o prezo de venda final, polo que teñen unha ganancia de vender eses produtos.

Que teñen de especial os produtos que comercializan?

En canto a materia prima, Nahrin sempre escolle a materia prima co extracto máis potente ou concentrado e de maior calidade, traballando sempre coa excelencia. O cliente nota rapidamente o efecto do produto. Tanto en cremas como en suplementos nutricionais nótase moito o efecto, vese moi rápido. Ademais, é todo natural, sen químicos; así como no proceso tamén apostan por procesos que inclúan o medio ambiente, pois traballan con placas solares, a auga obtéñena da terra directamente... Ou sexa, é todo moi enfocado a coidar o medio ambiente e coidar moito a elaboración dos seus produtos para que sexan o máis naturais posible, pero tamén eficaces.

A saúde, a base da marca, non?

Si, é unha actividade que se dedica a mellorar a saúde da xente e por riba permite que unha perruquería ou un centro de saúde teña produtos mellores. Ti cando abres un negocio como unha perruquería, un centro de saúde, un centro de ioga, ao final

ti buscas que o teu cliente se sinta ben, que estea contento, que estea feliz, polo que ofreces un servizo a maiores. É unha maneira adicional de que as persoas se sintan mellor. E é mellor que, en vez de tomar un químico que che vai estragar outra cousa, tomar algo natural que che vai axudar a aliviar todos eses problemas ou a solucionarlos; e por riba non ten ningunha contraindicación e non che vai xurdir ningunha consecuencia ao tomar ese produto, como che pode pasar cun medicamento.

Falaba antes da formación.

Si, hai formacións que se van facendo en liña, e se non poden asistir quedan gravadas. Entón a persoa cando se dá de alta ten acceso a esa plataforma na que pode acceder a todas as formacións e pode velas as veces que queira. E logo hai un teléfono sempre de atención por se ten algunha dúbida ou me consulta que lle podería ir ben e demais. Eu son a directora comercial e levo 23 anos traballando, polo que son quen fai as formacións. Por iso, a xente fágame a consulta e son eu quen atende persoalmente. Aconséllolle sobre o que lle vai mellor á cliente.

Poderíase dicir que é unha atención personalizada.

Si que é unha atención o máis per-



sonalizada posible e o máis fácil posible tamén para a persoa que comeza, para que poida consultar no momento todas as súas dúbidas. Seguimos atendendo aos nosos fieis clientes de Cataluña, porque é onde tiñamos a sede, pero agora aquí temos que ir comezando a buscar clientes aquí, xa que estamos empezando a medrar na zona, pero sobre todo a base é atender a todos eses clientes de anos que levamos atendendo, que son moitísimos.

Cre que vai ser doado abrirse camiño nesta zona de España?

Eu creo que si, porque nesta zona, tanto Asturias como Galicia, foi unha zona de moito traballo de campo, moito traballo con animais, moita xente moi traballadora, hai moito tema de dor e de desgaste de ósos e demais, e nós somos especialistas

en tratamento da dor. O grupo de clientes máis grande que temos fidelizados é de alivio da dor, tanto con cápsulas para rexenerar, como xarope natural para aliviar a dor, como un aceite, unha crema... Entón cremos que podemos axudar moito á xente que teña dor, á que convidamos a probar os nosos produtos. De feito, estamos traballando con fisioterapeutas, con acupuntores e outros profesionais que recomentan os nosos produtos que diminúen a dor. Temos unha liña de cremas e aceite que é interesante para aquela xente que toma moita medicación e que ten moita dor, xa que aplicarse iso alivia moitísimo e evita que tomes máis medicamentos. Están usando algo natural e creo que hai moitísima xente á que lle viría ben usalo.

O BNG esixe á Xunta que asuma a xestión directa da Unidade de Atención Temperá

O Bloque Nacionalista Galego vén de denunciar a situación de “abandono institucional” que sofre a Unidade de Atención Temperá da Mariña, con sede en Burela, e acusa á Xunta de Galicia de pretender privatizar o servizo en lugar de asumir as súas obrigas como administración competente.

Este recurso, xestionado polo Concello de Burela desde 2006, atende a crianzas de 0 a 6 anos con trastornos do desenvolvemento ou risco de padecelos, así como ás súas familias. A pesar de estar recoñecido dentro da Rede Galega de Atención Temperá, é o municipio quen vén asumindo en solitario a súa organización e financiamento. A concelleira de Asuntos Sociais e Igualdade polo BNG, Sandra Fernández, lembrou que a unidade atende a nenos e nenas de oito concellos da Mariña: Ribadeo, Foz, Burela, Cervo, Xove, Viveiro,

O Vicedo e O Valadouro. “A carga está a recaer nun único concello para un servizo comarcal, e iso é insostible”, afirmou. Actualmente, o equipo atende a 50 usuarios activos cunha lista de agarda doutros 40, o que evidencia a alta demanda e a falta de recursos humanos suficientes.

A proposta que o BNG considera inadmisíble chegou da Consellería de Política Social, que suxeriu externalizar o servizo a través dunha empresa privada. “Non só non se fai cargo a Xunta, senón que pretende que o Concello busque unha solución por fóra, privatizando un servizo público esencial”, declarou Fernández, que cualificou a proposta de “desleixo absoluto”.

O tamén edil do BNG en Burela, Mario Pillado, insistiu en que “non se pode permitir que a Xunta mire para outro lado ou derive a xestión a unha empresa”.

A Xunta impulsa varios proxectos con máis de 1,1 millóns de euros

A Xunta de Galicia vén de mobilizar máis de 1.162.000 euros para impulsar melloras en infraestruturas e servizos municipais na Mariña lucense. Así o anunciou o delegado territorial, Javier Arias, quen detallou que os fondos proceden de tres ordes de axuda convocadas este ano pola Dirección Xeral de Administración Local da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

En total, estas achegas permitirán desenvolver 24 proxectos en 15 concellos da comarca, así como na Mancomunidade de Municipios da Mariña.

Unha das liñas resoltas recentemente está destinada a creación ou mellora de infraestruturas municipais consideradas estratéxicas. Entre os beneficiarios atópanse Ouro, que realizará unha actuación de accesibilidade no centro social; Mondoñedo, que intervirá na alameda dos Remedios; Barreiros, que rehabilitará un local en Vilamartín Pequeno para



convertelo en centro social; Ribadeo, que ampliará as dotacións da escola de música; e O Valadouro, que acometerá melloras en instalacións de titularidade municipal.

Ademais, Barreiros e Trabada recibirán unha achega conxunta para acondicionar unha estrada que comunica os núcleos do Rego e Vilamartín Pequeno. Arias puxo en valor esta colaboración intermunicipal,

destacando que “é unha actuación relevante para a veciñanza” e lamentou que “desde os gobernos locais non se fixera referencia á participación da Xunta no financiamento cando presentaron publicamente o proxecto”.

O delegado territorial referiuse tamén a outra subvención de 32.000 euros ao Concello de Trabada para mellorar o alumeadado público en diversos núcleos.

Entre as liñas incluídas tamén figura o Fondo de Compensación Ambiental (FCA) do ano 2025, cun orzamento conxunto de arredor de 994.000 euros, repartido entre convocatorias competitivas e non competitivas. Neste caso, os concellos beneficiados son Alfoz, A Pontenova, Cervo, Foz, Lourenzá, Mondoñedo, Ouro, O Valadouro, O Vicedo, Trabada, Viveiro e Xove. Tamén a Mancomunidade de Municipios da Mariña contará con fondos para mellorar o equipamento de recollida de lixo doméstico.

NOVAS

burela

O Concello convida á creación artística arredor da memoria mariñeira

O Concello de Burela vén de poñer en marcha o certame artístico 'MoldeArte', unha iniciativa dirixida a persoas creadoras e colectivos que desexen desenvolver unha intervención no molde restaurado do faro Pena Burela, situado na contorna da Marosa. Esta proposta insírese dentro do proxecto O espello do faro, impulsado grazas ao financiamento do GALP A Mariña – Ortegal a través do Fondo Europeo Marítimo de Pesca e Acuicultura (FEMPA), e ten como finalidade poñer en valor o patrimonio material e inmaterial ligado á tradición mariñeira do municipio.

A convocatoria permanecerá aberta durante trinta días naturais desde a súa publicación oficial e inclúe unha dotación económica de 3.500 euros para levar a cabo a intervención seleccionada. As persoas interesadas poden consultar as bases completas nas canles oficiais do Concello de Burela, e tamén dirixir as súas consultas ao correo electrónico burelafempa@gmail.com.

O certame dálle continuidade ao traballo desenvolvido ao longo deste ano, no que se acometeu a restauración do molde do Pena Burela e se organizaron obradoiros interxeracionais coa participación de adolescentes e da Asociación de Xubilados do Mar A Moncloa. Estes encontros permitiron recoller testemuños,



lembranzas e reflexións arredor da vida no mar e a identidade pesqueira de Burela.

Para facilitar o deseño das propostas, o Concello ten previsto organizar unha xornada de visita, na que os e as participantes poderán coñecer de primeira man o espazo e resolver dúbidas técnicas co equipo promotor. A resolución do xurado está prevista para o mes de xullo, e a intervención artística escollida desenvolverase ao longo do verán.

Entre os criterios de valoración destacarán a orixinalidade, a calidade plástica, o grao de innovación e a capacidade para incorporar os contidos tratados nos obradoiros previos, como retratos ou audios de persoas vencelladas ao sector pesqueiro.

Filipe VI e Letizia poñen en valor o peso pesqueiro de Burela a nivel estatal



A localidade de Burela viviu o pasado martes, 17 de xuño, unha xornada histórica coa primeira visita oficial conxunta de Don Filipe e Dona Letizia á provincia de Lugo. A cita, centrada exclusivamente na vila burelesa, pon en valor o peso específico que ten este enclave dentro do panorama pesqueiro estatal, consolidado como un dos portos máis dinámicos e simbólicos de Galicia.

O porto de Burela, que xera un 25 % do Produto Interior Bruto local, foi recoñecido polos monarcas como un exemplo de modernización, competitividade e compromiso co mar. A visita arrincou ao mediodía co recibimento oficial no Concello por parte da corporación municipal, coa excepción do grupo do BNG. Posteriormente, os Reis desprazáronse ata as instalacións portuarias, onde percorreron o peirao vello e o novo, coñeceron de preto a actividade da Confraría de Pescadores. Durante o percorrido, tiveron ocasión de presenciar unha descarga de peixe e a corres-

pondente poxa na lonxa, considerada unha das máis importantes do Estado pola súa actividade e volume económico, cunha facturación anual de 60 millóns de euros entre bonito e pescada. A visita tamén incluíu unha parada na nave de redes, onde traballan varias das máis de 4.000 mulleres galegas que manteñen vivos os oficios tradicionais vencellados á pesca. A xornada tamén deixou espazo para o deporte, coa recepción ao equipo feminino do Burela FS, recente campión da Copa da Raíña e gañador de sete edicións do prestigioso torneo. Os Reis felicitaron persoalmente ás xogadoras e enxalzaron o seu esforzo como exemplo de superación e compromiso co deporte feminino.

A visita real queda xa na memoria colectiva de Burela como un recoñecemento público a décadas de traballo, esforzo e identidade ligada ao mar. Un xesto que reforza a autoestima dunha vila que segue navegando con forza cara ao futuro.

O Monte Castelo xa ten imaxe para a romaría do 2025 da man de Davixino



Romaría do Monte Castelo de Burela xa ten cartel oficial para a edición de 2025. O recoñecido ilustrador Davixino, veciño da vila, é de novo o autor da imaxe que acompañará esta celebración, unha das máis emblemáticas do verán na Mariña lucense. A peza gráfica, que mantén o estilo característico do artista, mestura elementos da cultura popular galega —como o hórreo, as fogueiras ou os peixes— con motivos que evocan a convivencia, o contacto coa natureza e o espírito comunitario que define esta romaría. As tendas de campaña, as follas e os remuíños completan un mural cheo de dinamismo e significado.

A edición 2025 da Romaría do Monte Castelo celebrarase os días 25, 26 e 27 de xullo, e contará, como vén sendo habitual, con actividades para todos os públicos, música tradicional, gastronomía e acampada libre nun entorno privilexiado.




CORBAR
MAQUINARIA

INNOVACION,
COMPROMISO
Y GARANTIA



CUCHILLA MAÍZ LATERALES ABATIBLES MODELO MEIRA

CUIDAMOS EL BIENESTAR ANIMAL



ENCAMADORA DE CUBÍCULOS DE 0,7m³, 1m³-1.7 m³ Y 2.1m³

ENCONTRARÁS CUALQUIER TIPO DE RECAMBIO AGRÍCOLA



EXTENDEDOR DE SILO MODELO VIMIANZO CON BOMBOS GALVANIZADOS DE Ø 80/225 E Ø 100/240



CUCHILLA MAÍZ MODELO CORISTANCO





www.corbarsll.com



¡CONSÚLTANOS SIN COMPROMISO!

NOVEDAD

RODILLOS AGRÍCOLAS ARRASTRADOS AUTONIVELANTES DESDE 1-2-3- CUERPOS DE 3 A 11 M DE LABOR. TUBOS 711X12, 820X18 Y DE 3000 KG A 8000 KG.

MAQUINARIA AGRÍCOLA CORBAR, S.L. Polígono Ind. O Morelle nave nº 4 - 27614 - Sarria, Lugo // Telf. y Fax: 982 531 463 // corbar@corbarsll.com

Homenaxe ao talento de Xosé Vizoso cunha exposición póstuma da súa obra

A vila de Burela abre as portas da súa sala de arte para celebrar a memoria e o legado do artista gráfico Xosé Vizoso cunha exposición póstuma que poderá visitarse durante todo un mes. A mostra poderá verse na Casa da Cultura e achega ao público visitante unha ampla selección da obra deste creador singular, nado en Mondoñedo e falecido o pasado mes de febreiro. Vizoso, figura fundamental da cultura visual galega contemporánea, foi autor de pezas icónicas no ámbito do deseño e a ilustración, especialmente vinculado á cerámica de Sargadelos, onde desempeñou un papel clave como ideólogo das súas coleccións máis representativas. Tamén deixou a súa pegada noutras disciplinas artísticas, como a restauración monumental, participando en traballos relevantes como os da Catedral de Mondoñedo.

A exposición poderá visitarse ata o 24 de xullo no horario habitual da sala: de luns a venres entre as 11:00 e as 13:00 horas e polas tardes de 18:00 a 20:00. A actividade está organizada por Arraianos Producións, o Concello de Burela, a



Deputación de Lugo e a Rede Museística Provincial de Lugo, entidades que quixeron unir forzas para reivindicar a figura dun creador que deixou unha fonda pegada no imaxinario colectivo galego. A concelleira de Cultura, Lina Gómez, anima a toda a veciñanza a achegarse á exposición e lembra que “Vizoso foi un dos grandes nomes da Mariña, recoñecido polo seu traballo en Sargadelos pero tamén pola súa traxectoria artística, comprometida e sempre vencellada ao noso territorio”. Gómez destaca tamén o valor pedagóxico da mostra, ideal para que novas xeracións coñezan a súa obra.

O PP acusa á alcaldesa de subir impostos e incumprir a normativa municipal

O portavoz do Partido Popular, Manuel Rouco, cargou duramente contra a alcaldesa Carmela López, á que acusa de protagonizar “un mandato marcado pola suba constante de impostos e o reiterado incumprimento de ordenanzas e leis vixentes”. Segundo Rouco, esta forma de gobernar “sen precedentes no noso concello” demostra unha “mala xestión continuada” que estaría a afectar negativamente á veciñanza. Nun comunicado difundido tras o último pleno, o líder do PP local asegurou que “estes si son méritos da señora López, e non outros dos que pretende apropiarse sen ter responsabilidade real”. Referíase así á recente visita da Casa Real a Burela, que cualificou de “histórica” pero que, segundo el, “foi iniciativa da propia Casa Real e non unha xestión do executivo local, malia o que pretende facer crer a rexedora”. O portavoz popular denunciou un incremento impositivo “insostible”, como o aumento do 19 % nun só ano na taxa da auga e tamén na do sumidoiro. “Advertímolos xa no 2023: este goberno está a afogar economi-

camente aos seus cidadáns cunha suba continua de impostos”, sinalou. Outro punto central das críticas é o incumprimento da regra de gasto, que segundo Rouco foi superada en dous millóns de euros. “E non hai grandes obras nas que se poida comprobar en que se investiu ese diñeiro que supera o permitido por lei”, asegurou. O PP preguntou no pleno onde foron parar eses fondos, pero non obtivo resposta. Tamén censurou que a propia Carmela López, responsable da área económica na Deputación de Lugo, “descoñeza ou ignore sistematicamente as normas económicas que tamén rexén para Burela”. “É inadmisíbel que o Concello incumpra os seus compromisos mentres carecemos de explicacións ou proxectos concretos que xustifiquen ese gasto excesivo”, engadiu. Finalmente, Rouco criticou que “nin sequera se cumpren as ordenanzas que ela mesma aproba, nun exemplo claro do desleixo institucional co que está a funcionar este goberno municipal”.

Burela, onde o mar e a tradición crean un destino inesquecible

A vila mariñeira por excelencia fusiona patrimonio, gastronomía e natureza con festas únicas e praias de calidade e tradición viva

Burela consolídase como un dos destinos turísticos máis atractivos da Mariña lucense grazas á súa capacidade para combinar a esencia mariñeira coa beleza natural e un patrimonio vivo que se expresa en cada recuncho. Esta vila costeira ofrece ao visitante unha experiencia completa, na que a cultura, o sabor e a paisaxe conviven en perfecta harmonía.

Un dos emblemas da localidade é o seu porto, recoñecido como un dos máis importantes de Galicia, especialmente pola actividade dos boniteiros e pola súa lonxa, onde se comercializa peixe de primeira calidade. Esta vinculación co mar acada o seu punto álxido na popular Feira do Bonito, declarada festa de interese turístico nacional, que este ano terá lugar os días 2 e 3 de agosto. Durante esa fin de semana, veciñanza e visitantes gozan dunha oferta gastronómica centrada no bonito do norte preparado de múltiples maneiras, ademais de actuacións musicais e propostas culturais para todos os públicos.

O litoral burelés é outro dos seus grandes reclamos. As praias da Marosa e O Portelo locen bandeira azul, símbolo da súa excelente calidade ambiental. A primeira, de area fina, é perfecta para familias e surfistas, mentres que outras como O Cantiño ofrecen unha contorna máis natural e tranquila para desconectar. Para os amantes do sendeirismo e da xeoloxía, a Ruta do Perdouro permite descubrir formacións rochosas singulares e panorámicas espectaculares da costa.

A pegada da historia tamén se aprecia na igrexa de Vila do Medio, que conserva valiosas pinturas murais dos séculos XV e XVI. A poucos metros do centro urbano, o Monte Castelo agasalla con vistas privilexiadas sobre a vila e o mar Cantábrico, sendo tamén o escenario dunha das festas máis queridas polos burelaos: a romaría do mesmo nome, que se celebra a fin de semana do 25 de xullo.

A vida diaria en Burela está marcada pola cordialidade e a vitalidade da súa xente, que recibe con afecto a quen chega. As súas rúas combinan modernidade e tradición, con espazos públicos cheos de vida onde compartir conversa. A hospitalidade da veciñanza é un valor engadido que fai da estadia unha experiencia próxima e auténtica, reforzando ese sentimento de “estar na casa” incluso para quen visita por primeira vez.

A arte tamén está presente nos es-



pazos urbanos a través do Museo ao Aire Libre, situado no porto e que exhibe as pinturas do Certame Internacional de Pinturas Murais AMARTE; o Mural ‘Burela, o mar e as súas xentes’ na antiga fábrica de Gres, ou outros moitos que se están a crear por toda a vila. Ao mesmo tempo, a tradición mariñeira mantense viva grazas ao labor das Redeiras Cabo Burela, que continúan tecendo redes e nasas como leva facendo xeracións, sendo símbolo do carácter traballador e colectivo da vila.

Outro evento que destaca pola súa capacidade de atraer público diverso é o festival Osa do Mar, que en setembro combina música e actividades para toda a familia. Trátase dunha proposta que aposta por

unha cultura viva, participativa e de proximidade, mantendo o espírito aberto e integrador que caracteriza a este municipio costeiro. Burela é, en definitiva, un destino para todos os públicos: ideal para quen busca descanso á beira do mar, pero tamén para quen desexa mergullarse na súa historia, na súa cultura ou na súa gastronomía. Cunha oferta que vai dende o turismo activo ao patrimonio artístico e natural, pasando por festas populares que enchen as rúas de alegría, esta vila da Mariña lucense invita a ser descuberta con calma e sentidos abertos. Quen se achega a Burela, repite. Porque aquí o mar non é só paisaxe: é identidade, é sabor, é festa. E tamén futuro.

#Concello314 arranca en Burela para mellorar a xestión municipal

Burela converteuse no punto de partida do proxecto #Concello314, unha iniciativa do Consello de Contas de Galicia que pretende reforzar a colaboración co conxunto das entidades locais galegas para avanzar na mellora da xestión pública municipal. A presentación contou coa presenza do conselleiro da Área de Corporacións Locais do Consello de Contas, Simón Rego, quen fixo fincapé na relevancia dos informes de fiscalización como ferramenta de apoio aos gobernos locais. “O obxectivo é promover unha administración máis eficiente, transparente e responsable”, explicou Rego, que salientou tamén a necesidade de establecer un diálogo fluído cos concellos. A través deste proxecto, o Consello pretende achegarse a cada municipio para resolver dúbidas técnicas, analizar boas prácticas e fomentar o uso útil dos informes elaborados polo órgano fiscalizador.

A alcaldesa, Carmela López, agradeceu que o municipio fose escollido para iniciar esta rolda de encontros e destacou a importancia da iniciativa: “É fundamental contar con ferramentas que garantan unha xestión rigurosa dos recursos públicos”.

O Vencello insta ao Concello a actuar ante a crise da vivenda no municipio

A Asociación de Veciños O Vencello alerta da crecente dificultade que moitas familias de Burela están a sufrir para acceder a unha vivenda digna e asequible. A entidade sinala que, coma no resto do Estado, a crise habitacional tamén afecta con forza ao municipio, onde a escaseza de oferta e os prezos desorbitados do mercado inmobiliario deixan fóra de xogo a boa parte da veciñanza.

Desde O Vencello critican a inacción do Goberno local e cuestionan a utilidade do anuncio feito pola alcaldesa en febreiro sobre a limitación das vivendas turísticas, unha medida que, consideran, “non solucionará o problema da vivenda e mesmo podería agravalo”.

A asociación propón bonificacións e axudas aos propietarios de pisos sen rematar, especialmente das décadas dos 80 e 90, para incentivar a súa rehabilitación. Ademais, piden que o Concello active a promoción de vivenda protexida mediante a cesión de solo municipal, como xa fixo recentemente o Concello



das Pontes. Esta iniciativa podería desenvolverse en Torrentes, onde, segundo denuncian, “despois de 20 anos da aprobación da Unidade Urbanística, a zona segue nun limbo legal e sen avanzar na súa urbanización”.

Para O Vencello, a solución pasa por unha estratexia combinada: desbloquear Torrentes, facilitar a vivenda social e rehabilitar o patrimonio existente. “O Concello debe deixar de mirar cara outro lado e tomar decisións valentes para garantir o dereito a unha vivenda digna en Burela”, conclúen.

O Goberno local impulsa a mellora da rúa Leandro Cucurny



O Concello continúa dando pasos para mellorar a rúa Leandro Cucurny, un dos espazos con maior tránsito peonil e viario do municipio. O obxectivo principal é reforzar a seguridade e facilitar a accesibilidade mediante a urbanización da zona frontal da antiga fábrica de gres.

O mércores 25 de xuño, o Diario Oficial de Galicia (DOG) publicou o anuncio de exposición pública do convenio urbanístico asinado entre o Concello de Burela e a empresa Galicia Playa 3 S.L., propietaria do solar situado na contorna. Este acordo, formalizado no mes de novembro de 2022, contempla a cesión voluntaria dunha parcela de 415,45 metros

cadrados por parte da empresa. Segundo se recolle no documento, será o Concello quen asuma a responsabilidade de urbanizar a superficie cedida, incorporándoa ao proxecto de mellora integral da rúa. A actuación definitiva concretarase unha vez redactado o proxecto técnico, que definirá os detalles das intervencións previstas para adaptar o espazo ás necesidades actuais da veciñanza.

Con esta iniciativa, o goberno municipal procura avanzar na creación dun entorno máis accesible, cómodo e seguro, dando resposta ás demandas cidadás nun punto neurálxico do centro urbano.

DESCUBRE · SABOREA · VISITA

BURELA BONITA

 Burela Bonita

 CONCELLO DE BURELA

www.BURELA.org   [concellodeburela](https://www.facebook.com/concellodeburela) [turismoburela](https://www.instagram.com/turismoburela)

Nace a asociación Agarimos para defender a residencia

Un grupo de familiares de usuarios da residencia de maiores de Foz vén de dar un paso firme na defensa dos dereitos da terceira idade coa creación da Asociación Agarimos, un colectivo que ten como obxectivo protexer e promover a calidade do servizo público tanto da residencia como do centro de día da vila.

A nova entidade, bautizada como Agarimos. Asociación para a Defensa do Servizo Público de Residencia e Centro de Día de Foz, nace coa vontade de representar os intereses sociais e económicos das familias usuarias e de todas aquelas persoas que comparten a preocupación polo benestar das persoas maiores.

A súa directiva está encabezada por Manuel García como presidente, Marina González Cabanela como secretaria e Luis Sixto Legaspi no cargo de tesoureiro. A asociación mantén as portas abertas a familiares de residentes actuais e futuros, así como a cidadáns sensibilizados coa importancia dun coidado digno e accesible para a terceira idade.

Foz acolle o seu primeiro Open Nacional de Petanca

Foz converterase o vindeiro 26 de xullo no epicentro da petanca en Galicia coa celebración da primeira edición do Open Nacional “Villa de Foz”, un torneo de carácter estatal que reunirá xogadores de diversas comunidades autónomas. A cita terá lugar nas pistas situadas na rúa Uxío Novoneyra, que se estrearon en outubro de 2022 como as primeiras instalacións deste tipo na Mariña Lucense e que desde entón contan cunha notable actividade.

O presidente do club, Jesús Mercader Hermida, destacou que a nova directiva, que leva tres meses ao fronte, pretende revitalizar esta práctica deportiva na vila. “Animamos a toda a veciñanza a achegarse a coñecer a petanca de preto e a gozar dunha xornada diferente”, afirmou.

O evento contará coa presenza de xogadores de renome chegados de diferentes puntos da xeografía estatal, o que, segundo a organización, garante un nivel competitivo alto e un espectáculo atractivo para o público. O club agradeceu tamén o apoio dos patrocinadores e colaboradores que fixeron posible a posta en marcha do open.

Raíces que unen: a forza da tradición

O Feitizo mantén viva a identidade local a través da música, o baile e o compromiso interxeracional



Por Ana Somoza.

No ano 1978, un grupo de persoas de Foz deu o primeiro paso cara á creación dun espazo onde a arte, a cultura e as tradicións galegas puidesen florecer sen límites. Nació así a Asociación de Amigos das Artes, coa clara vontade de promover as artes entre a xente nova, organizar actividades culturais e mostrar ao público o talento dos seus integrantes a través de exposicións permanentes e itinerantes por distintas vilas da comarca. Anos despois, esa semente daría lugar a unha agrupación que se converteu en símbolo de identidade e resistencia cultural: a Agrupación Cultural Amigos das Artes O Feitizo.

A profesora de baile Pilar, que foi presidenta da entidade durante moitos anos, lembra aqueles primeiros tempos con claridade e emoción. “En 1985 e 1986, a raíz da Asociación de Amigos das Artes, xorde O Feitizo co fin de non perder as tradicións galegas”. Foi unha etapa de entusiasmo e compromiso, na que figuras como Vicente Sempere, Suso Bahía e o Conde de Fontao foron decisivas. “Eles foron quen puxeron as bases. No ano 1986 creouse tamén a sección de baile, sempre coa mesma idea: preservar o noso”.

IDENTIDADE LOCAL. O actual presidente da agrupación, Darío Vázquez, comparte esa visión, coa responsabilidade de manter vivo un proxecto que continúa sendo relevante en pleno século XXI. “Non só tratamos de conservar, senón tamén de adaptarnos aos tempos e de atraer á xente nova, que é o futuro”.

Na actualidade, O Feitizo conta cunha base de arredor de 70 socios. “Hai un pouco de todo, desde adultos a cativos, mulleres e homes, aínda que si que é certo que hai menos nenos varóns”, re-

coñece Pilar. Esta diversidade, din, é un reflexo da comunidade e un sinal de que o traballo interxeracional dá froitos.

As actividades que organiza a agrupación son variadas e pensadas para manter vivo o espírito das tradicións galegas sen deixarse atrapar pola rutina. “Temos clases de gaita, percusión, pandeireta, canto e baile galego. E tamén outra disciplina que é moi divertida: un estilo de baile con música actual, tipo batuka, para facer exercicio e pasalo ben”, explica Pilar con entusiasmo.

ESFORZO DIARIO. Durante épocas sinaladas como o Samaín ou o Nadal, O Feitizo dá un paso máis aló e prepara espectáculos que combinan teatro musical e danza, abrindo novas posibilidades creativas. “Adoítamos facer algo especial nesas datas, porque a xente espera con ilusión e é un momento perfecto para involucrar aos máis pequenos”.

Pero se algo destaca en O Feitizo, ademais da súa actividade artística, é a súa estética. Os traxes que usan para as actuacións están deseñados e confeccionados por Pili e Sara, responsables de Antolinas Atelier e, ao mesmo tempo, membros da asociación. “Todo queda na casa. Somos as encargadas de dar forma ao que queremos transmitir tamén visualmente”, conta Pilar. Esa conexión entre creatividade e identidade ten moito que ver co nome da agrupación.

“O noso nome foi posto polos fundadores da asociación, e evoca algo positivo, algo que fascina e cativa. É como se enfeitizáramos á xente coas nosas músicas e bailes”, describe Pilar cun sorriso que confirma esa idea.

Desde a agrupación recoñecen que manter esta actividade cultural require apoio, e que o papel

das administracións locais é clave. “Ao goberno local pedímoslle que reafirme o seu compromiso coa cultura facilitando infraestruturas e investimentos para as actividades, tanto para nós como para o resto de asociacións do concello”, sinala Darío Vázquez.

DESAFÍOS E FUTURO. Un dos obxectivos principais da agrupación é que non se disolva, que non se perdan os costumes que tanto esforzo custou manter. “Na pandemia foi moi duro. Tivemos que parar case todo, e notouse moitísimo a desconexión emocional”, lembra Pilar. “Agora, pouco a pouco, estamos a recuperar a enerxía e as gañas”.

O traballo diario dentro de O Feitizo está marcado por unha planificación minuciosa. “Temos distintos horarios segundo a clase. Hai que coordinar moitas cousas, e facémolo sempre pensando nas persoas que participan”, di Pilar, quen subliña a importancia de manter o ambiente familiar e acolledor que caracteriza á agrupación.

Para este ano, a axenda está xa practicamente completa. “Acabamos de celebrar o festival dos nenos en Vilaronte e tamén estivemos no San Xoán. O 24 de agosto iremos a Portomarín, e temos moitas outras saídas programadas”, explica o presidente.

Un dos eventos máis esperados é o festival de adultos, que se retoma este ano despois de dous anos sen poder celebrarse. “Estabamos desexando volver facelo, porque é unha oportunidade única para mostrar o traballo de todo o ano e tamén para compartir con outras agrupacións”, apunta Pilar.

FEITOS MEMORABLES. Cando se lles pregunta por un momento especial vivido durante todos estes anos, Pilar non dubida: “Cada vez que saímos a actuar cos pequenos

é un momento fermoso para lembrar. Ver as súas caras de ilusión, a súa entrega, é marabilloso”. E engade: “Hai actuacións que nos marcan, como a que facemos en agosto en Portomarín. É un espazo máxico e sempre se respira algo especial”.

Tamén recordan con cariño outras viaxes, como a visita a Valencia ou a participación no programa Luar. “Sempre que saímos é un momento especial, pero sobre todo o que lles temos que transmitir aos cativos é a actitude. Iso é o máis importante. Unha boa actitude é a base de todo. O demais, xa sairá”. A pesar dos retos que implica manter viva unha agrupación cultural, O Feitizo é un exemplo de resiliencia e ilusión compartida. “Non se trata só de ensinar a bailar ou tocar a gaita. É moito máis. É ensinar respecto, compromiso, amor pola terra. É dar sentido de pertenza”, afirma Pilar.

A agrupación segue aberta a novas incorporacións e anima a toda a veciñanza a achegarse. “Aquí hai sitio para todos. Só fan falta ganas e vontade de aprender”, aseguran. Esa é, tal vez, a maxia máis verdadeira de O Feitizo: a capacidade de acoller, de inspirar e de manter aceso o lume da tradición. Na súa traxectoria, a agrupación ten demostrado que é posible manter vivas as raíces sen caer na nostalgia, e que a cultura tradicional pode ser tan atractiva como calquera outra forma de expresión contemporánea. “Se soubéramos o valor que ten todo isto, coidariámolo máis”, di Pilar cun certo ton reflexivo.

O Feitizo de Foz continúa, así, o seu camiño, entre melodías e danzas, entre esforzos e sorrisos, entre compromiso e ledicia. Un camiño que fala de nós, da nosa terra, da nosa identidade. E que, como ben di Pilar, “non queremos que se perda nunca”.

Foz proxecta unha nova área de lecer sobre a praia de Areoura

O Concello de Foz está a traballar nun ambicioso proxecto para recuperar e revitalizar a contorna da praia de Areoura, un espazo moi frecuentado durante o verán por residentes tanto de Foz como do veciño municipio de Burela. O obxectivo é crear unha nova área recreativa no emprazamento que ocupaba unha urbanización de chalés que foi derrubada no ano 2023, tras unha longa batalla urbanística.

A proposta busca devolverlle á cidadanía un espazo privilexiado xunto ao mar que durante anos estivo hipotecado por unha construción ilegal, e transformalo nun lugar de encontro, descanso e disfrute da natureza. Segundo explica o goberno local, trátase dun enclave con moito potencial, tanto polo seu valor paisaxístico como pola súa localización entre dous núcleos poboacionais importantes da Mariña lucense.



A nova área recreativa situaríase sobre o antigo solar da urbanización e estaría deseñada para integrarse na paisaxe dun xeito respectuoso e sostible.

Desde o executivo municipal destacan que esta actuación responde a unha demanda social e supón un paso máis na recuperación do litoral focense para o uso público: “Queremos que Areoura sexa unha praia

accesible, aberta e viva, un punto de encontro para veciños de Foz e Burela, e un exemplo de como se pode reverter un espazo degradado en beneficio da comunidade”, sinalan.

O proxecto forma parte da estratexia municipal para fomentar un modelo de desenvolvemento sostible, no que se combine o respecto ao medio ambiente co aproveitamento racional dos espazos costeiros.

O PSOE presenta unha nova executiva para abrir unha etapa de política útil

A agrupación socialista de Foz vén de dar a coñecer a súa nova executiva local, un equipo renovado que combina experiencia, compromiso e ilusión para afrontar unha nova etapa política no municipio. Á fronte estarán o secretario xeral Fran Cajoto e o responsable de organización Carlos García, que impulsarán un proxecto centrado na mellora do día a día da cidadanía.

Desde o PSOE defenden un xeito de gobernar baseado na “Pequena Política”, unha forma de facer que pon o foco nos xestos cotiáns e útiles, na proximidade e no sentido común. “Temos claro que non se precisa grandilocuencia para facer política útil”, sinalou Cajoto, quen incidiu en que “a verdadeira transformación



empeza nas cousas pequenas: nos servizos que funcionan, nos espazos públicos coidados e nunha administración que atende e escoita”.

A nova executiva ten como obxectivo construír un proxecto de vila a longo prazo, con horizonte no 2027,

sustentado na participación da veciñanza e na aposta polo ben común. “Queremos facer de Foz unha vila máis amable, accesible e viva, onde todos conten e poidan achegar. A política tamén é saber coidar”, explicou Carlos García.

O PP critica o “estado de abandono” do municipio de cara ao verán

O Partido Popular de Foz denuncia a falta de preparación do municipio ante a chegada do verán, asegurando que moitos espazos públicos continúan sen rozar nin limpar. Paseos, accesos ás praias, áreas recreativas e estradas do rural atópanse, segundo o PP, nun estado de abandono que provoca malestar entre veciños e visitantes.

Durante o último pleno, os populares preguntaron polos prazos para iniciar os traballos de mantemento,

pero critican que as respostas do alcalde foron “alleas á realidade”. O voceiro do PP, Javier Castiñeira, reprocha que se esixa aos particulares manter limpas as súas fincas mentres o Concello non cumpre co seu deber. “Temos paseos invadidos pola maleza e merendeiros inservibles pola falta de coidado”, sinala.

O grupo reclama reforzar o persoal municipal ou contratar medios adicionais para executar os traballos de desbroce con urxencia. Advirten que

a imaxe actual de Foz é “de abandono absoluto” e rexeitan que se culpe, como outros anos, á chuvia da primavera. “Hai que anticiparse e actuar con responsabilidade”, defenden.

Tamén critican a ausencia de orzamentos municipais en 2025, que segundo o PP agrava a desorganización e limita a mellora dos servizos públicos. “Xa vai medio ano sen presupostos, e así non se pode avanzar”, conclúe Castiñeira.

San Martiño vibrará do 18 ao 20 de xullo coas súas festas

A parroquia de San Martiño converterase do 18 ao 20 de xullo no epicentro festivo da Mariña lucense coa celebración das festas do Carme e San Martiño 2025. As festas comezarán o venres 18 ás 20.30 horas, coa actuación da batucada Kombalullo, que animará as rúas da parroquia. Ás 21.00 horas, celebrarase unha pancetada popular na que, por un prezo de 9 euros, os asistentes poderán degustar empanada, chourizo e panceta, nun ambiente de confraternidade veciñal. A noite rematará cunha gran verbena amenizada polo grupo Fénix e a recoñecida Orquestra New York, que prometen manter o ambiente festivo ata altas horas.

O sábado 19, a programación comezará ás 13.30 horas cunha misa solemne seguida da tradicional procesión, un dos actos máis emotivos da celebración. A continuación, terá

lugar unha animada sesión vermú co grupo JB Son, que repetirá tamén pola noite nunha nova verbena xunto co Grupo Beatriz, unha das formacións máis populares do panorama musical galego.

O domingo 20, as festas pecharanse mantendo o mesmo formato que o sábado: misa ás 13.30 horas, procesión e sesión vermú, nesta ocasión co grupo Toxo Guayaba, que porá o ramo á fin de semana cun repertorio cheo de ritmos bailables.

O evento conta co apoio de decenas de comercios e empresas locais, como se pode ver no cartel oficial, o que demostra o forte compromiso da comunidade co mantemento das tradicións populares. As festas do Carme e San Martiño son cada ano un punto de encontro para veciños e visitantes, que se achegan a Foz para disfrutar dunha das celebracións máis auténticas do verán mariñán.

Xa se permite renovar as claves do DNI sen saír do municipio

O municipio conta cun novo servizo público que facilitará trámites administrativos a moitas persoas do municipio: o Punto de Actualización de Documentación (PAD) da Policía Nacional. Grazas a esta ferramenta, os veciños poden xa renovar as claves e certificados electrónicos do DNI sen necesidade de desprazarse a outras localidades como Viveiro.

Este novo PAD está operativo durante o horario habitual da casa consistorial, polo que calquera persoa interesada pode acudir ao propio

Concello para realizar estas xestións. Ademais, Cajoto avanzou que xa están manténdose conversas para ampliar as prestacións do servizo: “Estamos traballando para que en breve tamén se poida renovar a tarxeta física do DNI en Foz, sen ter que saír do noso concello”.

O novo PAD reafirma a vontade do Concello de Foz de seguir ampliando servizos de proximidade, especialmente aqueles que teñen que ver coa accesibilidade e a axilidade burocrática.

A ruta ‘Das Igrexas’ inaugura os Sábados de Verán de Foz

O colectivo Os Sendeiros de Foz estrea este sábado, 5 de xullo, unha nova edición dos seus Sábados de Verán cunha andaina que percorrerá a coñecida ruta ‘Das Igrexas’. A actividade está aberta a persoas federadas —cun custo de 0 euros— e tamén a non federadas, que deberán abonar 5 euros. Desde a organización recoméndase levar equipamento axeitado para o sendeirismo, dado que a dificultade do traxecto está catalogada como media. Durante o percorrido, os participantes poderán gozar da riqueza arquitectónica e his-

tórica das igrexas parroquiais de Foz, así como dos espazos naturais polos que transcorre a ruta, que combina tramos urbanos e camiños tradicionais. A iniciativa conta co apoio da Deputación e do Concello, e forma parte dunha programación máis ampla coa que Os Sendeiros de Foz buscan promover o exercicio ao aire libre e o coñecemento do territorio. Para máis información ou inscricións, as persoas interesadas poden contactar cos teléfonos 670 369 017 e 606 718 482, ou escribir ao correo ossendeiros@yahoo.es.

A Festa da Merluza regresa cun novo impulso e tradición



A emblemática Festa da Merluza de Celeiro volve con renovado entusiasmo tras un 2024 no que non puido celebrarse. Unha nova directiva á fronte da Asociación Cultural Penalba colleu o timón con enerxía para organizar a que será a 25ª edición da festa gastronómica, prevista para o sábado 19 de xullo. Segundo adiantan desde a organización, a edición deste ano manterá a esencia culinaria que a converteu nun referente: a pesca-da, produto estrela da localidade, elaborase en oito receitas diferentes que van dende a tradicional á galega ata versións máis innovadoras como en forma de snack ou empanada.

PATRONAIS. As Festas Patronais e do Mar de Celeiro 2025 serán do 24 ao 27 de xullo. O punto de partida será o 24 de xullo, cun esperado

Día da Empanada, unha das citas máis populares. Ese mesmo día actuará Joni Ramos, seguido dunha verbena que estará animada polo Grupo Beatriz e o DJ Alejandro Martínez, encargados de abrir a primeira noite de festa. O 25 de xullo, Día do Apóstolo, comezará coa tradicional sesión vermú co grupo Eureka, que tamén repetirá pola noite na verbena, compartindo escenario con Gran Parada e Power Disco. O sábado 26 de xullo, a música volverá acompañar a sesión vermú, desta volta co grupo Pontevedra, que tamén participará pola noite nunha verbena conxunta con Talisman e DM Conxuro. Finalmente, o domingo 27, como peche das festas, celebrarase unha sesión vermú extensa co grupo Fénix, mentres que á tarde chegará Diverneno.

O Concello acomete melloras no Paseo do Landro para garantir a seguridade da estrutura

O Concello estivo a levar a cabo unha serie de intervencións no Paseo Fluvial do Río Landro co obxectivo de corrixir o deterioro detectado na estrutura e asegurar a protección das persoas usuarias. A actuación centrouse, sobre todo, na pasarela de madeira, que viña amosando signos de desgaste e danos provocados tanto polo uso continuado como por actos vandálicos. Desde o Concello insístese na importancia de coidar este espazo emblemático, moi frecuentado pola veciñanza e por visitantes, e lémbrese que o bo estado do Paseo do Landro depende tamén da implicación cidadá. “Este tipo de infraestruturas non se manteñen soas. Precisamos da colaboración de todos para preservalas e garantir a súa funcionalidade e seguridade”, sinalan desde o executivo



municipal. A alcaldesa Mariña Gueimunde destacou que “estas reparacións eran imprescindibles. Desde o Concello temos claro que o Paseo do Landro debe seguir sendo un lugar seguro, accesible e ben conservado, e por iso continuaremos traballando nesa liña”.

A forza da mocidade que mantén vivo o espírito da festa de Celeiro

Xuventude Chilindrina toma o relevo xeracional e celebra o 75 aniversario da procesión marítima con novas ilusións e tradicións recuperadas

Por Ana Somoza.

En Celeiro, unha vila profundamente mariñeira de Viveiro, a celebración das festas patronais de xullo é un momento moi esperado por toda a veciñanza. Este ano, esa ilusión ten un nome novo: a Asociación Xuventude Chilindrina, un grupo de mozos e mozas que decidiron coller as rendas dunha tradición centenaria coa enerxía e o entusiasmo de quen sente as raíces fondas no territorio. “Decidimos dar o paso cando vimos que faltaban catro meses para as festas e aínda non había comisión”, explican dende o colectivo. Foi así como naceu, no mes de abril de 2024, a idea que hoxe xa é unha realidade consolidada. O impulso inicial partiu do baleiro organizativo, pero pronto se transformou nun compromiso fundamentalmente emocional. “Contactamos coa antiga comisión e explicáronnos como funcionaba todo. A partir de aí, puxémonos mans á obra”, relatan, recordando os primeiros días como un cúmulo de aprendizaxes e esperanzas. A falta de experiencia non foi impedimento. Ao contrario: “Traballamos con ilusión e esforzo. Sabíamos que, se nos organizabamos ben, podíamos conseguilo”.

FINANCIAMENTO. Un dos piares fundamentais da asociación é o traballo constante ao longo do ano para recadar fondos. “Facemos unha churrascada popular, a festa de fin de ano na Casa do Forno, vendemos rifas e lotaría... todo o que sirva para conseguir cartos e facer unhas festas como merece un pobo coma Celeiro”, explican. Non se trata só de organizar uns días de celebración, senón de tecer comunidade a través da cultura popular. A responsabilidade asumida por este grupo de mozos e mozas, de entre 22 e 30 anos, é algo que non pasa desapercibido entre os seus veciños. “Para nós é increíble que todo un pobo confíe en seis persoas tan novas. Sentímonos moi agradecidos cando nos paran pola rúa para darnos os parabéns”, recoñecen emocionados. Celeiro é un lugar con moita historia festiva, e como din, “as festas sempre foron unha sinal de identidade, igual que o San Roque, o San Xoán de Covas ou a Romaría de Naseiro”. A organización das festas patronais é un traballo que comeza case sen descanso. “Empezamos a preparar a seguinte edición nada máis rematar a anterior. De feito, xa temos pechadas as orquestras para 2026”, confesan, amosando unha planificación meticulosa. A



partir de abril ou maio, a carga administrativa intensifícase: “Hai que tramitar permisos, xestionar papeis, falar con patrocinadores... É a parte máis pesada, pero tamén necesaria”.

COLABORACIÓNS. O apoio da veciñanza e das entidades locais é esencial para sacar o proxecto adiante. “Contamos co respaldo do Porto de Celeiro, da Confraría de Pescadores e de toda a flota pesqueira. Os comercios pórtanse xenial con nós, e desde o ano pasado tamén colabora a organización do Resurrection Fest”, destacan. Porén, a relación co Concello non é tan fluída como desexarían: “Pedimos axuda co custo da luz, porque é un gasto moi elevado que antes asumía o Concello e que agora nos toca pagar a nós. Polo de agora, só apareceron fondos para outras festas”.

TRADICIÓN. Un dos momentos máis emotivos das festas é, sen dúbida, a baixada da Virxe do Carme ao porto e a posterior procesión marítima. “Somos un pobo mariñeiro. A xente que temos familia no mar pedímonlle moito á Virxe que os coide. Para nós, ese momento é sagrado”, explican con voz fonda. O ano pasado, por mor da chuva, tiveron que aprazar a baixada, pero iso non lle restou emoción ao acto. Este ano, a emoción redóbrase: celébrase o 75 aniversario da procesión marítima, unha data moi especial que quixeron homenaxear recuperando un símbolo do pasado. “Queremos restaurar un pequeno barco verde que acompañaba á Virxe nos primeiros anos e que, tras a restauración da imaxe, nunca volveu. Para nós representa parte da historia do pobo, e queremos devolvelo ao seu lugar”, explican con orgullo. A recuperación doutras tradicións tamén está presente neste 2025. “Este ano volvemos celebrar a

festa da cervexa e da empanada, que o ano pasado non puidemos facer. Agora que temos máis experiencia e tempo, quixemos recuperar ese evento para darlle máis vida á programación”, contan. Estas iniciativas buscan crear espazos de encontro interxeracional e reforzar os vínculos entre os habitantes. A participación veciñal, segundo destacan, é maioritariamente positiva. “Sempre hai quen non aporta nada e logo protesta por todo, pero iso pasa en todos os lados”, din entre risas. O que máis os anima é ver a outras xeracións mozas implicándose: “Vénnos a nós organizando estas festas e nótaselles con ganas de formar parte. Iso dános esperanza para o futuro”. O camiño, por suposto, non está exento de dificultades. “O papeleo cada vez é máis complicado, e o tema económico é durísimo. Reunir todo o que custa isto non é nada doado”, recoñecen. Aínda así, non perden o entusiasmo. “Sabemos que cada minuto que lle botamos a isto merece a pena”.

FUTURO. Cando se lles pregunta que mensaxe lle enviarían á mocidade que queira implicarse na vida cultural do seu pobo, a resposta é contundente: “Que sigan adiante, que non deixen que ninguén lles diga que non poden. Se algún día vos toca facer as festas, votáde-lle cara. O non xa o tedes, así que non perdedes nada por intentar”. A Xuventude Chilindrina representa unha nova maneira de entender o asociacionismo e o compromiso co territorio. Non só organizan festas: manteñen vivo un legado colectivo, actualizándoo con respecto, creatividade e paixón. “O noso soño é que as festas de Celeiro sigan no lugar máis alto, e estamos traballando cada día para iso”, conclúen, deixando claro que o futuro das tradicións está en boas mans.

Por Viveiro propón recuperar o antigo colexio Pedrosa Latas como espazo social

Os concelleiros Bernardo Fraga e Manuel Galdo, de Por Viveiro, presentaron unha moción ao Pleno da Corporación co obxectivo de solicitar ao Goberno do Estado a cesión gratuita do edificio do antigo colexio Antonio Pedrosa Latas, situado na parroquia de Celeiro.

A proposta, que será debatida na próxima sesión plenaria, pretende recuperar un espazo histórico que, segundo lembran os propoñentes, leva máis de dúas décadas infrautilizado malia o seu potencial como centro para actividades sociais, culturais e deportivas.

Na exposición de motivos, os edís explican que o inmovible, propiedade da Tesourería Xeral da Seguridade Social, foi construído sobre un terreo doado pola Cofradía de Pescadores de Celeiro e pola Unión de Fabricantes de Conserva nos anos 40. O edificio, inaugurado en 1955, funcionou como colexio ata 1998. Desde aquela, a xestión do espazo asumíuna o Concello, que cedeu parte das instalacións a distintas asociacións de Celeiro. Porén, a falta de mantemento e investimento público provocou un progresivo deterioro.

Segundo o grupo Por Viveiro, no ano 2019 existía un acordo entre o Concello, a Xunta e a Deputación para rehabilitar o edificio e instalar nel a Escola Oficial de Idiomas. Con todo, denuncian que a “inxestión municipal” do goberno local socialista impediu avanzar no proceso, ao non conseguir que o Estado —tamén en mans do PSOE— fixese a cesión gratuita do ben. “Solicitouse entón un pagamento de 700.000 euros, o que botou por terra a iniciativa”, explican.

En 2021, o Parlamento Galego aprobou por unanimidade instar ao Goberno central a ceder gratuitamente o inmovible ao Concello. Porén, a Tesourería Xeral da Seguridade Social rexeitou a cesión tanto á administración municipal como á Xunta de Galicia.

A situación deu un xiro o 3 de decembro de 2024, cando a Seguridade Social sacou a poxa pública o edificio por 403.509 euros, unha cifra “notablemente inferior” aos 700.000 euros comunicados anteriormente, segundo destacan os concelleiros. A poxa, con todo, quedou deserta.

A vila volverá ao século XVI coa nova edición do Mercado Renacentista

O centro histórico de Viveiro transformárase unha vez máis nun decorado renacentista con motivo da décimo oitava edición do seu xa emblemático Mercado Renacentista, que se celebrará entre os días 4 e 6 de xullo.

Durante tres días, os visitantes poderán gozar dunha programación variada que inclúe espectáculos itinerantes, postos de produtos artesanais, representacións teatrais, exhibicións de antigos oficios e animación continua polas rúas. Non faltarán as actuacións nocturnas con lume e acrobacias, que ofrecerán un toque máxico ás noites viveirenses. Un dos pratos fortes será, como cada ano, o Gran Desembarco de Carlos V, unha recreación histórica de gran formato que atrae a centos de persoas pola súa espectacular posta en escena e pola activa participación do tecido asociativo local.



A alcaldesa de Viveiro, Mariña Gueimunde, destacou a importancia desta celebración como motor cultural e económico: “O Mercado Renacentista é unha oportunidade para poñer en valor o noso patrimonio histórico e atraer visitantes que impulsan o comercio e a hostalaría da vila”. Ademais, subliñou que o desembarco imperial é “un dos momentos máis esperados, que destaca pola súa espectacularidade e pola implicación veciñal”.

Viveiro busca voluntariado para un programa educativo

A Oficina Municipal de Voluntariado dependente do Centro de Servizos Sociais, lanza un chamamento á cidadanía para participar no “Proxecto de reforzo educativo, lecer e tempo libre”, unha iniciativa que se levará a cabo durante os meses de verán e que está dirixida a menores en situación de vulnerabilidade social.

O obxectivo principal do proxecto é prestar apoio académico e ofrecer actividades lúdicas a nenos e nenas en idade de escolarización obrigatoria que manteñen un seguimento dende os Servizos Sociais municipais. Ademais, o Concello recorda que ten asinados convenios de colaboración coa Universidade da Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela, grazas aos cales as persoas voluntarias poderán obter certificacións de créditos ECTS equivalentes ao número de horas de participación no proxecto.

As persoas interesadas poden informarse ou inscribirse contactando co Centro de Servizos Sociais de Viveiro, de luns a venres en horario de 9:00 a 14:00 horas, chamando aos teléfonos 982 550 421 ou 604 046 956, ou enviando un correo electrónico a mli.voluntariado@viveiro.es.

Boimente prepárase para vivir a 54ª Rapa das Bestas



Boimente volverá converterse a primeira fin de semana de xullo no epicentro da cultura popular galega coa celebración da 54ª Feira e Festa da Rapa das Bestas, unha tradición centenaria que congrega cada ano milleiros de persoas no curro de Candaoso, en plena serra de Buio.

O ambiente festivo arrincará o sábado 5 coa sesión vermú a cargo do Dúo Belinda, que tamén animará a tarde, acompañados pola discoteca móbil Conxuro.

O domingo 6 será a xornada grande, coa feira de gando cabalar e as típicas sopas de allo, prato tradicional que se serve cada ano aos asistentes. Ás 10 da mañá comezará a baixada dos cabalos desde os mon-

tes cara ao curro, un dos momentos máis esperados pola veciñanza e visitantes. A continuación, de 10 a 12 horas, realizaranse as inscricións para as diferentes carreiras e competicións ecuestres, ademais da medición dos exemplares segundo a normativa da federación. A partir das 16:00 horas, o campo de carreira acollerá unha intensa tarde de probas de andadura, serra-da, chapeada e carreiras de burros, con premios en metálico e trofeos. A sesión vermú correrá a cargo do grupo Puzzle, que tamén animará a xornada con música e actividades. A organización contará tamén cun *foodtruck* para degustación de produtos autóctonos das razas de Puraga.

O PSdeG-PSOE reclama proxectos propios ao novo goberno tras cen días de xestión

Cen días despois da chegada do Partido Popular á Alcaldía de Viveiro, a portavoz do PSdeG-PSOE no Concello, María Loureiro, fixo pública unha valoración da nova etapa política local. A exalcaldesa asegura que, malia o curto período de tempo transcorrido, é suficiente para facer “unha reflexión responsable” sobre a dirección que está a tomar o municipio.

Na súa análise, Loureiro critica que o novo equipo de goberno non presentara aínda ningún proxecto novo nin explicara en que consisten os fondos que, segundo xustificaron na moción de censura, ascenderían a seis millóns de euros. “A día de hoxe nada se sabe deses cartos. Só se anunciou un paseo á beira da ría no peirao, pero non hai detalles, nin proxecto concreto, nin información para a veciñanza”, sinala.

A socialista asegura que os únicos

avances perceptibles nestes tres meses correspóndense con iniciativas que quedaron planificadas e financiadas polo goberno anterior.

Entre estas actuacións, Loureiro cita o Mercado Renacentista, a presenza institucional na Feira Internacional da Semana Verde de Silleda, ou o campamento de verán gratuito para nenos, pensado para facilitar a conciliación familiar. Tamén se refire ás obras nas piscinas municipais, como a instalación da deshumectadora ou a renovación do ximnasio, froito dun convenio coa Deputación de Lugo que ela mesma asinou.

A portavoz tamén lembra que se están rematando obras nas rúas do porto de Celeiro e nas beirarrúas de Magazos, ademais de actuacións previstas dentro do Plan Deputación 2025. “Todas forman parte da nosa planificación anterior”, insiste.

O Concello inicia a regularización do uso de espazos municipais por parte de asociacións

O Concello puxo en marcha un proceso para ordenar e regular o uso dos espazos de titularidade municipal que actualmente empregan diferentes entidades. O obxectivo principal é elaborar unha ordenanza específica e dispor dun rexistro completo e actualizado sobre estas cesións, que permita avanzar cara a unha xestión máis transparente e eficaz dos bens públicos.

Segundo se indica no bando municipal, todas aquelas entidades deben remitir un correo electrónico ao enderezo nmd.secretaria@viveiro.es, no que inclúan diferentes datos.

A información recompilada servirá como base para a creación do rexistro municipal de cesións e permitirá avanzar na regularización administrativa do uso destes espazos, garantindo un aproveitamento máis xusto, equilibrado e conforme á legalidade.



A infancia ribadense brilla con luz propia na exposición ‘Pintando coas amizades’



Ribadeo—A Cruz Vermella celebrou unha entrañable e emotiva xornada arredor da arte e a amizade coa inauguración da exposición ‘Pintando coas amizades’, unha mostra protagonizada polos nenos e nenas que participan no proxecto Éxito Escolar. A exposición recolle o traballo creativo desenvolvido durante varias semanas polos máis pequenos, guiados e acompañados polo equipo de voluntariado da entidade humani-

taria. A iniciativa ten como finalidade potenciar a expresión artística, reforzar a autoestima e fomentar o compañeirismo entre os nenos e nenas que forman parte do programa educativo.

A exposición poderá visitarse no espazo habilitado para tal fin en Ribadeo. Desde Cruz Vermella fan un chamamento á veciñanza para achegarse a contemplar unhas obras cheas de ilusión, talento e cariño.

Silencio institucional tras expirar a concesión da Illa Pancha

O prazo legal da concesión privada para a explotación da Illa Pancha, en Ribadeo, expirou o pasado 30 de xuño sen que ningunha das administracións implicadas —Portos de Ferrol-San Cibrao, Xunta de Galicia nin Concello de Ribadeo— ofrecera información pública sobre o seu futuro. A falta de comunicación, mesmo despois do remate da concesión, mantén á cidadanía nunha situación de total descoñecemento respecto á posible prórroga e ás condicións en que esta podería producirse.

A concesión, en vigor desde 2015, contemplaba a posibilidade de ser renovada por cinco anos máis, pero a opacidade institucional xerou novas críticas. Desde a asociación veciñal Por Nuestro Faro, levan meses solicitando datos sobre o proceso, sen obter resposta por parte da Autoridade Portuaria. “Dirixímonos a Portos hai catro meses e aínda non recibimos contestación ningunha”,

afirman desde o colectivo. Critican tamén o papel do Concello, que “se limitou a remitir os nosos correos sen mediar nin asumir un rol activo para dar claridade”.

A Illa Pancha, situada nun espazo protexido da Rede Natura 2000, mantense como símbolo patrimonial da vila e centro dunha longa controversia social dende que se cedeu o seu uso con fins hostaleiros. A Valedora do Pobo, o Defensor del Pueblo e organizacións ecoloxistas como Ecoloxistas en Acción levan anos alertando sobre a ilegalidade dunha concesión que non conta coa obrigatoria avaliación de impacto ambiental, incumprindo a Lei 42/2007 do Patrimonio Natural e da Biodiversidade.

Precisamente Ecoloxistas en Acción volveu outorgar á illa a súa Bandeira Negra en 2025, sendo o segundo ano consecutivo no que o enclave é sinalado como exemplo de “des-

prezo institucional pola legalidade ambiental”.

Por parte de Por Nuestro Faro, reiteran que non debería concederse ningunha prórroga mentres non se realice a avaliación ambiental esixida. Así, volveron dirixirse ao Defensor del Pueblo, denunciando a súa indefensión xurídica e solicitando unha intervención que garanta transparencia e respecto ao marco legal. “Levamos unha década denunciando este atropelo”, lembra Covadonga Suárez, voceira do colectivo. “A illa Pancha non pode seguir atrapada nun limbo legal”.

O silencio institucional, din desde a asociación, é “un síntoma de permisividade preocupante” e reclaman que calquera nova concesión sexa sometida a control público, avaliación ambiental previa e debate social. “Non pedimos máis ca legalidade, pero tampouco aceptamos menos”, conclúen.

O Goberno local realiza melloras no parque de San Miguel



O Goberno local continúa co seu plan de actuación sobre espazos públicos, centrando os seus próximos esforzos na mellora do parque infantil de San Miguel e na rehabilitación da rúa Illa Pancha. O alcalde, Dani Vega, destacou que no caso do parque de San Miguel, Vega explicou que se procederá á retirada do peche vexetal de mirto, que se atopa moi deteriorado, e será substituído por unha varanda de madeira que rodeará todo o perímetro da área infantil.

Esta actuación responde, segundo subliñou o rexedor, ás peticións de numerosas familias que advertiran da escasa protección que ofrecía o actual sistema de peche. “Escoitamos aos veciños, ás familias que nos dicían que o mirto non era seguro. Con esta nova varanda, aseguramos todo o espazo e tamén melloramos o entorno de lecer”, apuntou Vega.

A intervención incluírá ademais a instalación de mesas e outras melloras no espazo verde, co obxectivo de crear un lugar de encontro e descanso para pequenos e maiores. O parque de San Miguel, situado nunha zona privilexiada con vistas á ría, converterase, segundo o alcalde, “nun dos mellores parques de Ribadeo, desde o que se pode pasear, contemplar a paisaxe e pasar tempo de calidade mentres os nenos xogan”.

Paralelamente, o Concello tamén intervirá na rúa Illa Pancha, que presenta un avanzado estado de deterioro. “É unha das vías que leva máis tempo en mal estado, por iso decidimos incluíla como prioridade no noso plan de mellora de rúas”, sinalou Vega. O obxectivo é acondicionala por completo, mellorando o seu firme e seguridade viaria.

Lanzan unha campaña para promover a limpeza viaria entre as persoas con animais



O Concello puxo en marcha unha nova campaña de sensibilización baixo o lema “Comparte coa túa mascota un Ribadeo limpo”, coa que busca apelar á conciencia e á responsabilidade das persoas propietarias de animais para manter os espazos públicos en bo estado. O alcalde, Dani Vega, foi quen presentou a iniciativa, destacando que “unha vila limpa é cousa de todos, non só do Concello ou do persoal de limpeza. É necesario que cada cidadán e cidadá asuma o seu papel nesta tarefa colectiva”. A campaña céntrase especialmente en lembrar a obrigatoriedade de recoller os excrementos dos cans e de limpar as miccións nas rúas, beirarrúas e prazas. Dende o Concello advírtese que a ordenanza municipal será aplicada

con rigor. “As persoas que incumpran as normas deben saber que poden enfrontarse a sancións que oscilan entre os 100 e os 750 euros”, explicou o rexedor. A día de hoxe, xa se tramitaron 25 multas por infraccións deste tipo, segundo confirmou.

Vega anunciou tamén un incremento na vixilancia por parte da Policía Local para garantir o cumprimento das normas e mellorar a convivencia cidadá.

A campaña pretende combinar a acción sancionadora cunha mensaxe positiva que promova o respecto mutuo. “Entre todos podemos lograr un Ribadeo máis limpo. Compartir espazos coas nosas mascotas debe ser compatible cun entorno coidado. Esta iniciativa vai nesa dirección”, concluíu o alcalde.

A vila converterase nun lenzo urbano co I Certame de Pintura Rápida

A vila de Ribadeo acollerá o seu primeiro Certame de Pintura Rápida, promovido pola Asociación Máis Debate, o vindeiro 5 de xullo cunha proposta que combina cultura e dinamización económica co obxectivo de encher as rúas de arte e dar visibilidade a novos talentos galegos.

A convocatoria, aberta desde este domingo, está dirixida a mozos e mozas de entre 16 e 35 anos. Os participantes deberán crear unha obra pictórica en apenas dez horas, apostados en distintos recunchos da localidade. Ao remate da xornada, un xurado avaliará os traballos e o Concello entregará un premio de 500 euros ao cadro gañador.

O resto das obras serán expostas e postas á venda nos comercios que colaboran co certame a través de ACISA (Asociación de Comerciantes Industriais, Servizos e Autónomos de Ribadeo). O prezo de venda non poderá superar os 500 euros, unha medida pensada para facilitar o acceso á arte contemporánea e fomentar o consumo cultural local. Non haberá restricións temáticas nin técnicas: cada artista poderá escoller libremente o estilo da súa obra. As inscricións estarán abertas ata o 3 de xullo a través da web da Asociación Máis Debate.

O Ribadeo Indiano celebra 10 anos con homenaxe a Ramón González

Ribadeo acollerá entre o 11 e o 13 de xullo a décima edición do Ribadeo Indiano, unha celebración que honra a memoria da emigración galega a América, especialmente á illa de Cuba, a través da música, o teatro, a estética e a recuperación do patrimonio cultural e social. Con motivo do décimo aniversario do evento, o Concello preparou unha programación estendida que arrinca xa o 4 de xullo e que inclúe máis dunha semana de propostas para públicos de todas as idades.

O xoves 4 de xullo, a Biblioteca Municipal El Viejo Pancho será o escenario da presentación do libro “El Rey de los Jíbaros”, escrito por Suso Martínez, autor vencellado ao estudo da memoria indiana e ao relato da emigración desde a Mariña cara ao continente americano. O sábado 5 de xullo, ás 20:30 horas, o Auditorio Municipal Hernán Naval acollerá un concerto da Banda Filarmónica de Lugo cun repertorio de música popular e tradicional. O domingo 6 de xullo, tamén no auditorio e ás 18:00 horas, terá lugar a presentación do libro dos Bolechas dedicado ao Ribadeo Indiano, nun acto pensado para o público infantil



que contará coa presenza dos coñecidos personaxes.

A festa central comezará o xoves 11 co acto institucional de apertura no Teatro, ás 20:00 horas, que contará coa participación do alcalde, Daniel Vega, e o pregón a cargo do xornalista Martín Fernández Vizoso. Durante o acto actuarán o Coro Sagrado Corazón e o Cuarteto Illa Pancha. Ás 21:30 terá lugar a chegada simbólica dos indianos ao porto da vila, cunha recreación teatral. Pola noite haberá concertos no Campo de San Francisco a cargo de Son Boleros, A Tropical Eona-

viega e o grupo cubano Son de Camagüey.

O sábado 12, desde as 11:00 da mañá, abrirá o Mercado de Produtos de Ultramar no barrio de San Roque. Durante todo o día haberá pasacalles, xogos tradicionais, torneo de petanca, dominó, obradoiros de baile impartidos por Rosalía GT, animación infantil, circo, visitas guiadas con El Viejo Pancho e Suso Martínez, e espectáculos de rúa. A música encherá as rúas con grupos como Os Guajiros, Tumbao Bravo, Toxo Guayaba e Sol de Galicia. Pola tarde celebrarase o XXVIII Festival de Habaneras coas corais da Coruña, Madrid e Ribadeo. A verbena da noite estará protagonizada por Fiandola e Cuarto de Tula. O domingo 13 haberá mercado da horta, exhibición de coches clásicos, sesión vermú con Trío El Dorado e un xantar campestre no Círculo Habanero da Devesa. Pola tarde desenvolverase un novo obradoiro de salsa e, ás 20:30 horas, terá lugar o concerto estelar da recoñecida banda cubana Los Van Van. A festa pecharase cun sorteo dunha viaxe a México, como colofón desta edición tan especial.

A vila acende motores para unhas festas de setembro inesquecibles

Ribadeo prepárase para vivir unha nova edición das súas festas patronais cun espírito festivo que xa se sente nas rúas. A Comisión de Festas anunciou os primeiros nomes do cartel, no que destaca a presenza do histórico grupo Ráfaga, unha das bandas máis coñecidas da música latina, que actuará o domingo 8 de setembro ás 23.30 horas.

O grupo argentino traerá ao escenario éxitos tan recoñecibles como “Mentirosa”, “Muero de frío” ou “La luna y tú”, e promete converter a noite do día 8 nunha auténtica explosión de ritmo. Desde a organización aseguran que “vai ser unha noite épica, de moita festa e temazos para cantar e bailar ata quedar sen voz”. Antes do concerto de Ráfaga, o público poderá gozar da actuación doutra orquestra, que aínda non foi desvelada.

Tamén se avanzaron parte dos actos previstos para a véspera, o sábado 7 de setembro, con verbena a cargo dos grupos Cinema e La Bamba, e os tradicionais fogos artificiais no peirao, que volverán correr a cargo de Pirotecnia Areiriz, unha firma con



longa traxectoria nestes eventos.

A Comisión indicou que a programación incluírá, como cada ano, xornadas especiais dedicadas á infancia e ás persoas maiores. Celebraranse o Día do Neno e o Día dos Maiores, con actividades específicas para cada público. Ademais, durante os días que dure a festa haberá sesións vermú en distintos puntos da vila, dinamizadas por charangas e grupos musicais que animarán o ambiente desde o mediodía.

Un dos cambios máis relevantes deste ano será o traslado do recinto principal ao aparcadoiro municipal,

situado entre as rúas Daniel Cortezón e Ramón González. Esta nova localización, segundo explican, permitirá “contar cun espazo máis amplo e cómodo para montar os escenarios, as atraccións de gran tamaño e zonas para o público, sen interferir no entorno patrimonial do centro histórico”.

Aínda que os primeiros anuncios xa despertaron grande expectación, desde a organización insisten en que a programación non está pechada e que nas vindeiras semanas se irán desvelando máis nomes, actuacións e actividades.

Malestar veciñal en Rinlo polo estado de abandono de zonas públicas



Veciños de Rinlo expresan a súa crecente indignación polo que consideran un “abandono continuado” das infraestruturas e espazos públicos da zona. A situación, din, faise especialmente evidente máis alá das datas nas que o turismo enche as rúas desta vila mariñeira.

“Rinlo o que precisa é atención durante todo o ano, non só cando veñen os forasteiros”, lamentan, en referencia á falta de mantemento que afecta a instalacións como a zona recreativa, onde a herba medra sen control. “A altura da vexetación fala por si soa: leva moito tempo sen segar”, explican.

Os recentes estreados cubrecontedores feitos con material reciclado e colocados na zona non parecen compensar outras carencias máis graves, segundo denuncia a veciñanza. Critican tamén que a pista deportiva segue sen a malla de peche, o que impide un uso seguro e adecuado. “Non serve de nada instalar novos elementos se o resto está descoidado”, afirman.

Outro dos puntos de preocupación é a estrada que vai dende a zona

das cetarias ata as praias. Segundo denuncian, atópase nun estado “perigoso”, tanto polo mal firme como pola falta de visibilidade derivada da maleza que invade os laterais. “Cruzar con outro coche nesta vía é unha temeridade”, indican.

Ademais, a situación do estanque engade máis motivos para o malestar cidadán. “Está nun estado lamentable e morreron moitos peixes que vivían nel”, explican. Aseguran que a acumulación de follas, herba e restos orgánicos está a deteriorar a calidade da auga. “É de sentido común que a descomposición da materia orgánica consume o oxíxeno disolto, imprescindible para a vida acuática. Pero parece que os nosos gobernantes ignoran isto”, denuncian.

A veciñanza reclama unha planificación do mantemento municipal que non dependa exclusivamente da chegada de turistas, senón que se basee no benestar da cidadanía que vive alí todo o ano. “Non queremos un Rinlo de escaparate, senón un lugar digno para vivir cada día”, conclúen.

REMATEXPRESS
Liquidaciones Warehouse

LIQUIDACIONES

amazon
AliExpress
SHEIN

PAQUETES SORPRESA

RÚA PLÁCIDO PEÑA, 30. 27800 VILALBA, LUGO
645 347 848 - WWW.REMATEXPRESS.ES

A cultura percorre de novo as parroquias co ciclo “A voltas cos contos”

O Goberno local retoma o seu ciclo cultural “A voltas cos contos”, unha iniciativa impulsada pola concellería de dinamización e participación veciñal que busca achegar a cultura ás parroquias do interior e encher de actividade os espazos comúns que forman parte do día a día da veciñanza.

En xullo, o día 6 ás 19:00 horas, Ave-lino González ofrecerá o espectáculo *Chistes que foron contos* na escola de Vilamartín Pequeno; e o domingo 13, á mesma hora, Caxoto representará *Contos con mar de fondo* no te-leclub de Vilamartín Grande. A pro-gramación continuará o 20 de xullo con Ángeles Goás, que achegará a proposta *Contos da Torre, do foco e de Romariz* ao teleclub de Rilleira. Finalmente, pechará o ciclo o grupo Xarope Tulú, o domingo 10 de ago-s-to ás 19:00 horas no local social de San Xusto, coa función *Bailen as ve-llas. Os contos das cereixas*.

Carmen Veiga volveu ser elixida como secretaria xeral do PSdeG-PSOE local

A agrupación socialista de Barreiros celebrou unha asemblea na que foi renovada a súa Comisión Executiva Municipal, que volve estar liderada por María Carmen Veiga Rodríguez, quen resultou reelixida como secre-taria xeral. A militancia avalou así a súa xestión á fronte da agrupación e o labor desenvolvido desde o gober-no municipal, onde ocupa a segunda tenencia de alcaldía e a responsabili-dade na área de Servizos Sociais e do Servizo de Axuda ao Fogar.

A nova executiva combina conti-nuidade e renovación, e entre os seus membros figuran Jorge David Vázquez Grande como vicesecreta-rio xeral, Ramón Oural Castro como secretario de organización e Miguel Veiga Rodríguez como secretario de política municipal, entre outros. A agrupación tamén elixiu os seus re-presentantes no Comité Provincial.

Durante a súa intervención, Carmen Veiga agradeceu o apoio recibido e comprometeuse a seguir impulsan-do un proxecto de progreso para Ba-rreiros. Nos últimos anos, a dirección socialista local logrou avances como a mellora do sistema informático do Concello, o asfaltado de vías provin-ciais, convenios sociais para dotación de material asistencial e o impulso dun novo apeadeiro de ADIF, entre outros.

Tres grandes proxectos reactivan infraestruturas en Barreiros

O Concello de Barreiros continúa avanzando na mellora de infraes-truturas públicas con tres impor-tantes actuacións. Por unha ban-da, vén de adxudicar por 53.569 euros as obras integrais de refor-ma da cafetería do Centro Social de San Cosme. O inmoble será completamente renovado por dentro e por fóra, coa substitución de cuberta, illamento, fontanería, instalacións eléctricas e equipa-mento hostaleiro. O obxectivo é reactivar o servizo para dinamizar a vida social da parroquia.

Paralelamente, comeza a to-mar forma a nova EDAR de San Miguel grazas á implicación da sociedade estatal Acuaes. A al-caldesa, Ana Ermida, recibiu esta semana o subdirector técnico da entidade para revisar os terreos e acordar a redacción dun novo proxecto adaptado á normativa vixente. A iniciativa desbloquea



unha demanda histórica e inclúe unha proposta de financiamento a 30 anos. O Concello xa dispón dunha partida para a compra dos terreos e espera un compromiso firme da Xunta para cofinanciar o proxecto.

Ademais, o goberno local obtivo unha subvención de 39.165 eu-ros para rehabilitar as Escolas de Vilamartín Pequeno. A reforma

interior —cun orzamento total de case 56.000 euros— dotará o edificio dun novo acceso, baño adaptado e sala multiusos. Tráta-se do único inmoble da zona sen reformar desde os anos 60, ma-lia acoller múltiples actividades veciñais. Ana Ermida salientou que a posta en valor dos espazos comúns segue a ser unha priori-dade do seu mandato.

Barreiros acollerá un concerto de Xabier Díaz e Adufeiras

O ciclo musical “Polavilas no paraí-so” traerá a Barreiros un concerto de música tradicional galega a cargo de Xabier Díaz e as Adufeiras de Salitre. O evento celebrarase o 5 de outubro ás 13:00 horas en San Miguel de Rei-nante e forma parte dunha xira que tamén pasará por Samos e Castro-verde.

Esta iniciativa, presentada polo de-putado Daniel García e o propio músico, busca achegar a cultura musical galega a espazos pequenos, facilitando o acceso á música en di-recto de balde. Xabier Díaz e o seu grupo ofrecerán un repertorio que combina tradición e modernidade, centrado na pandeireta e as voces colectivas, cunha traxectoria que co-mezou en 2015.

A alcaldesa de Barreiros, Ana Ermi-da, destacou a importancia desta cita cultural, que enmárcase nunha aposta da Deputación de Lugo por fortalecer a identidade galega e a co-hesión territorial a través da música.

O Partido Popular critica a falta de alumeado público na zona de Altar

O Grupo Municipal do Partido Popular de Barreiros denunciou a falta de alumeado pú-blico na zona de Altar durante a noite de San Xoán, unha das datas con maior afluencia de xente no municipio. Segundo sinalaron, a escuridade afec-tou a unha área con alta den-sidade de vivendas e negocios hostaleiros, a pesar de contar cunha trintena de farois LED instalados.

O voceiro popular, José Ma-nuel Gómez Puente, advertiu de que “non é de recibo que unha das zonas máis visitadas no verán quede ás escuras nunha noite tan sinalada como a de San Xoán”. Recordou que Altar é un punto de encontro habitual durante a tempada estival, con numerosos esta-blecements de hostalería que reciben centos de persoas nes-tas datas.

“Exiximos ao goberno local que active de inmediato o sis-tema de iluminación pública, sobre todo tendo en conta que a campaña de verán xa está en marcha e a poboación se multiplica”, reclamou Gómez

Puente.

O popular sinalou que esta non é unha situación illada. “Levamos tempo advertindo das múltiples carencias no alu-meado público do municipio”, lembrou, citando como exem-plo as deficiencias detectadas na estrada da costa durante a pasada Semana Santa, así como a ausencia prolongada de luz nas rotondas que conec-tan a N-634 coa N-642 e a A-8. Gómez Puente insistiu en que esta falta de iluminación “dá unha imaxe moi pobre do con-cello e, o que é máis grave, compromete a seguridade via-ria e peonil”.

A formación popular recolleu tamén as queixas de numero-sos veciños e propietarios de negocios, que aseguran que hai farois apagados non só na contorna inmediata dos seus locais, senón tamén noutras áreas do municipio. “A situa-ción é insostible e non se pode permitir que nun municipio turístico como Barreiros se co-metan estes erros básicos na xestión dos servizos públicos”, concluíu o voceiro.

O Concello logra financiamento para modernizar o seu parque empresarial tras dúas décadas



O Concello obtivo luz verde para exe-cutar dous proxectos de renovación no seu parque empresarial, logo de recibir a aprobación das axudas soli-citadas ao abeiro da orde de subven-cións destinada á mellora de infraes-truturas en polígonos industriais.

A alcaldesa, Ana Ermida, cualificou esta noticia como “un paso moi im-portante” e salientou que se trata de “actuacións moi necesarias e ampla-mente demandadas polo conxunto do tecido empresarial local”.

As actuacións previstas repárten-se en dous ámbitos principais: por unha banda, levarase a cabo a sub-stitución das actuais luminarias de vapor de sodio por outras máis efi-cientes, así como a revisión e adap-tación do cadro eléctrico do alumea-do público. Por outra, acometeranse obras para mellorar os accesos e a sinalización do recinto: modificarase

a rotonda de entrada co obxectivo de facilitar as manobras dos vehícu-los de grande tamaño, renovarase a sinalización horizontal e vertical, colocaranse novos letreiros identi-ficativos nas entradas, limparanse as beirarrúas e actuarase nas zonas de colectores de lixo.

Ermida quixo destacar tamén “o grao de implicación do empresariado”, ao que agradeceu “a súa colaboración á hora de definir prioridades e necesi-dades reais, traballando da man do Concello para acadar avances que benefician tanto ao sector como ao conxunto da veciñanza”.

O orzamento total dos dous projec-tos ascende a 129.381,50 euros. Deles, un total de 91.064,09 euros serán cubertos con fondos auto-nómicos, mentres que a cantidade restante será asumida polo propio Concello con recursos municipais.

En marcha o estudo para levar auga potable á zona de Trasbar

A conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, Ángeles Vázquez, mantivo un encontro coa alcaldesa de Cervo, Dolores García Caramés, co obxectivo de avanzar nunha solución para mellorar o servizo de abastecemento de auga na parroquia de San Xiao de Castelo, concretamente na zona de Trasbar.

Durante a reunión, analizouse o proxecto presentado polo Concello de Cervo para completar a rede municipal de subministración de auga potable nesa zona, onde parte do vecindario depende aínda de pozos privados e fontes públicas, o que condiciona a calidade e estabilidade do servizo.

Vázquez trasladou á rexedora que os técnicos de Augas de Galicia avaliarán en detalle a proposta para valorar a súa viabilidade e estudar as vías de financiamento máis axeitadas para facer realidade a actuación. Segundo indicou, a Xunta manterá a súa liña de colaboración cos municipios, tanto a nivel técnico como



económico, co fin de que poidan exercer as súas competencias en materia hídrica con eficacia e ofrecer un servizo de calidade aos seus habitantes.

Neste sentido, a conselleira lembrou que o ente Augas de Galicia dispón este ano dun orzamento de 144 millóns de euros para seguir impulsando a mellora das redes de saneamento e abastecemento, así como para desenvolver actua-


cións formativas, campañas de concienciación e medidas activas fronte ao cambio climático. As políticas actuais, sinalou, céntranse en optimizar o uso da auga, reducir a pegada hídrica en Galicia e anticiparse aos efectos do cambio climático mediante investimentos en infraestruturas, mapas de risco e a creación de corredores verdes que contribúan a minimizar o impacto das inundacións.

Sargadelos prepárase para unha romaría que rende tributo a Isaac Díaz Pardo

O vindeiro 12 de xullo, o Conxunto Histórico-Artístico de Sargadelos converterase nun espazo de celebración e lembranza co gallo dunha romaría popular organizada para homenaxear a Isaac Díaz Pardo, figura clave da cultura e da identidade galega contemporánea. A xornada arrincará ás 12:00 horas cunha proxección audiovisual titulada *As miradas de Isaac*, que contará coa participación de Cecilia Díaz e música en directo a cargo de David Bellas. Ás 14:00 horas terá lugar un xantar de irmandade, que permitirá compartir mesa e conversa entre as persoas asistentes.

Xa pola tarde, ás 17:00 horas, celebrarase unha mesa redonda baixo o título *A fusión entre industria, arte e territorio: un modelo adiantado ao seu tempo*, na que se analizará o legado intelectual e empresarial de Díaz Pardo desde múltiples perspectivas. A xornada culminará ás 19:00 horas cun bloque de concertos baixo o nome *Voces para Isaac*, que contará coas actuacións de Mini, Miro Casabella e outras voces destacadas da música galega.

Cervo aposta pola forxa cun curso de Telmo Cao



O Concello promove unha nova proposta formativa centrada na recuperación dos oficios tradicionais coa colaboración do artesán Telmo Cao, que impartirá un curso de iniciación á forxa do 4 ao 8 de agosto no seu obradoiro, situado na antiga nave de fundición de Sargadelos. A actividade terá lugar nun escenario único: un edificio histórico do século XVII que forma parte do Conxunto Histórico Artístico de Sargadelos, recuperado no ano 2017 e cedido polo Concello ao artesán no 2020 para contribuír á dinamización do patrimonio cultural local.

O curso, cun número limitado de prazas, está dirixido a persoas que desexen iniciarse nesta disciplina artesanal a través dunha formación teórico-práctica. Está parcialmente subvencionado polo Concello co obxectivo de facilitar o acceso á formación e fomentar a conservación dos saberes tradicionais. "Trátase de poñer en valor o noso patrimonio material e inmaterial, e de conectar á veciñanza con el", sinalou a alcaldesa, que subliñou a importancia de manter vivos os oficios manuais como parte da identidade do municipio.

Os Cabaleiros da Bidueira convocan a súa II carreira ecuestre o 12 de xullo

O municipio de Cervo acollerá o vindeiro sábado 12 de xullo a segunda edición das carreiras organizadas pola asociación Cabaleiros da Bidueira, un evento que consolida esta iniciativa como unha referencia dentro do calendario ecuestre da Mariña lucense.

A iniciativa, organizada pola asociación Cabaleiros da Bidueira en colaboración co Concello de Cervo, nace co obxectivo de recuperar e poñer en valor a cultura ecuestre da Mariña lucense, fomentando á vez o respecto polo medio e os valores de compañeirismo entre os participantes.

A cita está aberta tanto a xinetes como ao público xeral, e ofrecerá unha xornada de marcado carácter familiar e festivo. O evento arrancará ás 9:45 horas coas medicións e dará paso, a partir das 10:30, ás primeiras carreiras nas categorías de chapeada, serrada e sub 16. Pola tarde, ás 16:00, continuará a competición cos segundos países.

As persoas interesadas en participar teñen de prazo ata o 9 de xullo para inscribirse, e poden facelo contactando cos organizadores Adrián (657 25 64 08) e Óscar (677 53 92 85).

Establécense diferentes categorías e premios que inclúen trofeos e ata 200 euros en metálico para os primeiros clasificados. Ademais, entregarase un trofeo especial á persoa que consiga bater o récord da pista, fixado en 29,76 segundos. A organización lembra que todas as categorías contarán cun mínimo de catro participantes para poder levarse a cabo, e que será obrigatorio o uso de casco regulamentario. Tamén se esixe documentación completa dos animais, así como o cumprimento estrito das normas de seguridade.

Con esta edición, os Cabaleiros da Bidueira buscan consolidar este evento como unha cita anual que combine deporte, tradición e convivencia nun entorno natural privilexiado.

A vila acolle tres campus deportivos da Federación Galega de Natación este verán

Cervo converterase durante o mes de xullo nun epicentro do deporte acuático grazas á celebración de tres campus organizados pola Federación Galega de Natación (FEGAN), en colaboración co propio Concello. As actividades terán lugar na piscina municipal e estarán destinadas a nenos e nenas federados que desexen mellorar as súas habilidades en tres disciplinas: natación, natación artística e waterpolo.

O calendario dos campus está estruturado por especialidades e desenvolverase do seguinte xeito: o primeiro en celebrarse será o de waterpolo, que estase a celebrar ata o 5 de xullo; seguirá o de natación, do 7 ao 12 de xullo; e pechará o ciclo o campus de natación artística, que se realizará do 14 ao 19 de xullo.

En canto aos destinatarios, o campus de natación artística está orientado a rapaces e rapazas nados entre 2010 e 2013, mentres que os de natación e waterpolo abranguen ás xeracións comprendidas entre os



anos 2011 e 2014.

A alcaldesa puxo en valor que a piscina municipal se converta nun espazo de encontro para mozos e mozas de toda Galicia que comparten o gusto polas disciplinas acuáticas: "É un orgullo que as nosas instalacións sexan escenario deste tipo de eventos".

As persoas interesadas en participar nalgún destes campus poden consultar toda a información e formalizar a inscrición a través da páxina web da Federación Galega de Natación: www.fegan.org.

Avanzan as obras do novo centro de Aspanane

O proxecto para construír un centro residencial para persoas adultas con discapacidade intelectual en Xove, impulsado pola Asociación Aspanane financiado pola Fundación Amancio Ortega, xa é unha realidade en marcha. As obras comezaron en xaneiro de 2025 sobre unha parcela de máis de 6.000 metros cadrados cedida polo Concello de Xove, e avanza ao ritmo previsto para facer realidade unha infraestrutura que aspira a converterse nun referente na atención humanizada e integral.

Este centro non é unha sorpresa de última hora: a colaboración entre ambas entidades anunciouse oficialmente en outubro de 2024, cando se fixo público o compromiso da fundación de achegar 10 millóns de euros para o desenvolvemento do proxecto. A colaboración inclúe tanto a construción do edificio como todo o equipamento necesario para a posta en funcionamento dos distintos servizos: residen-

cial, atención psicolóxica e social, enfermaría, rehabilitación, administración e áreas auxiliares.

O edificio contará con catro plantas e preto de 4.000 metros cadrados construídos, nos que se distribuirán 50 prazas residenciais organizadas en seis unidades de convivencia. O deseño aposta por unha estrutura máis familiar, que rompa co modelo tradicional de coidado institucionalizado, para favorecer espazos cálidos, accesibles e personalizados. Cada unidade terá zonas comúns para o lecer e o descanso, promovendo un ambiente máis semellante ao dun fogar que ao dunha institución.

O proxecto arquitectónico tamén incorpora criterios de sostibilidade e eficiencia enerxética, con sistemas innovadores de climatización, illamento e xestión de recursos. A intención é que o edificio sexa funcional, pero tamén respectuoso co medio ambiente e adaptado ás necesidades actuais.

O Concello quere darlle unha nova vida ás antigas vivendas de mestres

O Concello de Xove deu os primeiros pasos para transformar sete antigas vivendas de mestres en novos espazos con utilidade social. Trátase dun conxunto de pisos situados na rúa Agramonte, que na súa orixe foron construídos para albergar o profesorado da zona, e que agora serán desafectados como bens de dominio público para pasar a formar parte do patrimonio municipal.

A decisión foi aprobada de maneira inicial no pleno celebrado o pasado 16 de xuño, segundo informou o goberno local. O acordo implica o cambio de cualificación xurídica dos inmobles, que deixarán de ser considerados de uso público e pasarán a ser bens patrimoniais, abríndose así a posibilidade de darlle un novo destino.

As vivendas afectadas repártense en dous edificios: no número 17 da rúa Agramonte atópanse tres pisos distribuídos en diferentes plantas, mentres que no número 19 existen outras tres vivendas — unha na segunda planta e dúas máis na cuarta —, ás que se suma unha sétima que tamén entra neste proceso.



O expediente permanecerá en exposición pública durante un mes, período no que poderá ser consultado nas dependencias do Concello por todas aquelas persoas interesadas. Trátase dun trámite necesario antes de que poida formalizarse de maneira definitiva a desafectación e poida comezarse a planificar o futuro destes espazos. O alcalde xovense, Demetrio Salgueiro, adiantou que será necesario realizar obras de reforma e adecuación, pero sinalou que a intención do executivo local é clara: “A nosa vontade é darlle un novo uso social a estas vivendas, aproveitando un patrimonio municipal

que hoxe está infrautilizado”. Esta non sería a primeira vez que Xove aposta por este tipo de iniciativas. Segundo lembran fontes municipais, no ano 2012 xa se destinara un grupo de oito pisos do mesmo edificio a alugueiro con renda social, como medida para favorecer o acceso á vivenda de sectores con menos recursos. Desde o goberno municipal insisten en que esta medida encaixa dentro dunha estratexia máis ampla de recuperación de inmobles públicos que, pola súa localización e características, poden converterse nun recurso útil ao servizo da cidadanía.

riotorto

Entregados os premios do VIII Certame de Debuxo e Poesía Avelino Díaz



O Centro Sociocultural Avelino Díaz de Riotorto acolleu a entrega de premios do VIII Certame de Debuxo e Poesía Avelino Díaz, un concurso que busca promover a creatividade e o amor pola literatura e as artes plásticas entre os máis novos.

Na Categoría A (3 a 8 anos, debuxo), a gañadora foi Sabela Pérez, de 7 anos, do CEIP de Riotorto, coa obra “O pozo das linguas”. O segundo premio recaeu en Fiz Silvos, de 6 anos, do CEIP Plurilingüe Poeta Avelino Díaz, pola obra “A infancia de Avelino na Órrea”, e o terceiro en Assia Rezkaoui, tamén de 6 anos, do CEIP de Riotorto, con “O prado do arco da vella”.

Na Categoría B (9 a 12 anos, poesía),

o primeiro premio foi para Carolina Marqués, de 12 anos, do CEIP de Riotorto, pola obra “O alzheimer”. O segundo, para Rafael Andrés Escobar, de 11 anos, do mesmo centro, con “Ucráina”, e o terceiro para Alexandra López, do CEIP Plurilingüe Poeta Avelino Díaz, por “Os avós para a vida”.

Na Categoría C (13 a 17 anos, poesía), resultou gañadora Carme Pereira, de 15 anos, do Colexio A Inmaculada Maristas de Lugo, coa obra “Un gris colorido”. O segundo premio foi para Paula Prieto, de 13 anos, do IES Pedregal de Irimia (Meira), por “A familia”, e o terceiro para Nasser Boola Edoifi, tamén do mesmo instituto, coa obra “O cabalo e o galo”.

O PSdeG rexeita a conta xeral e critica a xestión do PP en Xove

O grupo municipal do PSdeG-PSOE de Xove manifestou a súa fonda preocupación pola deriva financeira do Concello tras a aprobación no último pleno ordinario da conta xeral de 2024. Os socialistas votaron en contra do documento ao considerar que reflicte un gasto moi superior ao inicialmente orzado, un notable desequilibrio entre ingresos e pagos, e unha nova modificación de crédito financiada con cargo ao remanente de tesourería.

Segundo os datos expostos na sesión plenaria, o Concello pechou o exercicio cun gasto total de 9.970.722 euros, fronte aos 8,3 millóns previstos. Pola contra, os ingresos reais situáronse en tan só 4.954.206 euros, o que supón un déficit de máis de 5 millóns de euros, cuberto integramente co aforo municipal.

“Este goberno gasta sen criterio, aínda sabendo que os ingresos non ían cumprir as previsións”, denunciaron desde o PSdeG. Lembran que, desde o inicio do mandato, o remanente pasou de case



19 millóns a 11 millóns de euros ao peche de 2024. “Estamos nunha carreira de fondo cara ao baleirado completo das contas municipais, sen resolver cuestións estruturais como o urbanismo, a vivenda, o porto de Morás ou as redes de saneamento”, sinalaron.

Os socialistas critican tamén o tipo de gasto que se está promovendo. A recente aprobación dunha nova modificación de crédito por valor de 490.200 euros —tamén con car-

go ao remanente— foi cualificada como “outra mostra da improvisación constante”. “Tapan buracos, fan chapuzas e manteñen unha xestión sen visión nin estratexia a longo prazo”, argumentan.

Como exemplo salientan o estado da traída de auga, que tachan de “propia do terceiro mundo”. Un informe técnico solicitado polo grupo alerta da obsolescencia total do sistema de recollida, transporte e tratamento da auga potable, que leva 18 anos sen renovacións. O custo da intervención necesaria estíimase en 1,3 millóns de euros. “Pero o goberno do PP segue optando por parches”, reprochan. Desde o PSdeG-PSOE insisten en que non participarán “desta deriva económica temeraria”, polo que rexeitaron tanto a conta xeral como a modificación de crédito presentada. Advirten que, de seguir nesta liña, o remanente podería esgotarse antes de que remate o mandato, mentres os servizos públicos continúan deteriorándose.

Aberta unha nova vivenda social nas antigas escolas de Vilapercide

O Concello continúa avanzando no seu modelo de recuperación de espazos públicos con fins sociais e por este motivo abriu o prazo de solicitude para acceder á vivenda social habilitada na antiga escola da parroquia de Vilapercide. As persoas interesadas terán un mes para presentar a documentación necesaria e optar ao alugueiro deste inmovible, que se pon á disposición da veciñanza con condicións accesibles. Esta nova vivenda súmase ás xa adxudicadas recentemente nas parroquias de Vidal e Trabadelas, onde antigos centros educativos foron rehabilitados e transformados en fogares para familias que precisan un acceso digno á vivenda. O alcalde de Trabada, Rubén García, sinala que esta aposta “forma parte dunha estratexia moi clara: aproveitar os espazos en desuso e darlles unha nova vida ao servizo da xente”. Ademais, segundo informou o propio rexedor, nas vindeiras semanas comezarán as obras de reforma interior da antiga escola de Valboa, que tamén pasará a ser vivenda social unha vez completados os traballos de adaptación. “Queremos seguir trans-



formando estas infraestruturas educativas que xa non teñen uso nunha oportunidade para as persoas que desexan establecerse no rural”.

O Goberno local considera que esta iniciativa responde a unha necesidade real: garantir o acceso á vivenda a prezo razoable, especialmente nun momento de incremento xeneralizado do custo de vida. “Sabemos que moitas persoas non poden asumir os alugueiros que se manexan no mercado convencional. Por iso, estamos a poñer en marcha medidas que dean resposta a esta realidade, sempre desde unha

perspectiva social e de proximidade”, afirmou Rubén García.

A transformación das antigas escolas en vivendas sociais tamén busca contribuír á fixación de poboación no territorio e ao fortalecemento das comunidades locais. “Estes inmoables foron durante décadas lugares de aprendizaxe e convivencia. Agora queremos que volvan ter vida, que volvan ser fogares, espazos de futuro”, engadiu o alcalde.

As bases para a presentación de solicitudes xa están dispoñibles na web do Concello de Trabada e na propia casa consistorial.

O Concello renova o alumeadado público en cinco núcleos rurais

O Concello de Trabada dá un novo paso no seu camiño cara a un modelo de xestión máis sostible e respectuoso co medio ambiente coa posta en marcha dun proxecto de renovación do alumeadado público nos núcleos de O Vilar, Trabada, Vidal, Vilarbetote e Vilafernando. A intervención será posible grazas á obtención dunha axuda pública de 32.000 euros, que permitirá acometer melloras importantes nestas zonas do termo municipal.

O orzamento total do proxecto ascende a 51.608,25 euros. Deles, 32.000 proceden da subvención concedida, mentres que os 19.608,25 euros restantes serán cubertos con fondos propios do Concello, nun esforzo económico que pon de manifesto o compromiso do goberno local co desenvolvemento sostible do territorio. O alcalde de Trabada, Rubén García, destacou a importancia desta nova actuación: “Seguimos traballando para facer de Trabada un concello máis eficiente e sostible. Este tipo de investimentos contribúen a reducir o consumo eléctrico, melloran os servizos públicos e axudan a coidar da nosa contorna”, indicou.

A renovación do alumeadado per-



mitirá substituír as luminarias actuais por outras máis modernas e de baixo consumo, o que non só reducirá a factura eléctrica municipal, senón que tamén contribuirá a diminuír a pegada ambiental da localidade. García subliñou ademais que esta mellora repercutirá directamente na calidade de vida da veciñanza das parroquias implicadas.

Con esta actuación, o Concello de Trabada continúa a súa liña de traballo centrada na eficiencia enerxética, o aforro de recursos públicos e a modernización das infraestruturas municipais, especialmente nas áreas rurais, onde é fundamental garantir a igualdade no acceso a servizos de calidade.

Trabada organiza un Campionato de Balinera durante as festas de Abres

O campo da festa de Abres será escenario, o vindeiro 19 de xullo ás 19:30 horas, dunha nova edición do Campionato de Balinera organizado polo Concello. Dirixido a participantes de todas as idades, o evento busca fomentar a participación cidadá e o ocio compartido, ofrecendo un espazo seguro e lúdico para a práctica deste popular xogo. A organización facilitará as balineras, polo que non será necesario levar material propio para inscribirse. A participación é gratuíta e poderá formalizarse ata o 15 de xullo nas oficinas municipais ou chamando ao teléfono 982 135 011. Tamén será posible anotarse no propio campo da festa o mesmo día da competición.

O certame contará con premios moi atractivos para os tres primeiros clasificados: o gañador levará unha carabina GAMO; o segundo premio será un taladro EINHELL; e o terceiro, un maletín de chaves IRIMO.

Impulsan xornadas de portas abertas para homenaxear o legado de José Rocha Gasalla

O Concello vén de anunciar unha nova iniciativa destinada a promover e preservar o legado cultural e histórico de José Rocha Gasalla, veciño do municipio recentemente falecido e doador da colección que compón o actual centro etnográfico que leva o seu nome. Como mostra de recoñecemento á súa desinteresada contribución, o goberno local porá en marcha xornadas de portas abertas e visitas guiadas, destinadas tanto á veciñanza como ás persoas visitantes. Estas actividades teñen como obxectivo achegar á comunidade e ao público en xeral a riqueza patrimonial e a historia recollida na ampla colección doada por José Rocha. A primeira destas xornadas está prevista para o mes de agosto, coincidindo coa celebración das festas patronais de Trabada, datas que tradicionalmente atraen un maior número de turistas.

O alcalde de Trabada, Rubén García, subliñou a importancia de converter o centro nun “espazo vivo, visitable e valorado durante todo o ano”. Engadiu que “a idea é consolidar esta iniciativa e incorporala de forma permanente na programación cultural e educativa do concello”.

O centro etnográfico José Rocha conta con máis de mil pezas históricas, que inclúen desde apeiros tradicionais de labranza, maquinaria antiga, ferramentas e mobles, ata libros do século XVI, obxectos relixiosos, cadros, vestimentas e unha recreación dunha antiga escola. A visita permite realizar unha viaxe ao pasado, coñecendo en profundidade o contexto agrícola, gandeiro e social que moldeou a zona.

Nas próximas semanas, o Concello informará dos detalles concretos e das novidades relativas.

O Partido Popular denuncia a falta de conexión dixital e esixe accións urxentes ao Goberno

O Partido Popular de Trabada vén de lanzar unha ofensiva institucional para reclamar explicacións e solucións inmediatas fronte aos persistentes problemas de conectividade que afectan ás zonas rurais do municipio. A través dunha acción coordinada entre o grupo municipal e os senadores lucenses do partido, os populares denuncian o que cualifican como un “illamento inxustificable” das parroquias máis afastadas, que dificulta tanto a vida diaria dos veciños como o funcionamento de negocios e iniciativas locais.

O voceiro do PP no Concello, José María Fernández, subliña que “a cobertura de telefonía e a conexión á rede de fibra óptica deben ser unha prioridade absoluta no ano 2025”. Lembra, ademais, que “no 2015 o PSOE prometera conectar todo o municipio” e, dez anos despois, “vemos que non cumpriron absolutamente nada”. Como exemplo, Fernández destaca que “a única mellora

rexistrada foi na parroquia de Fórnea, grazas á colaboración da Xunta de Galicia, que instalou unha torre de comunicación”. Pola contra, “en Balboa moitos veciños aínda carecen de cobertura mínima”.

Desde o PP propoñen un estudo exhaustivo sobre a cobertura existente no rural de Trabada, a identificación das necesidades reais de cada núcleo de poboación e a posta en marcha de xestións que incentiven a actuación das operadoras de telecomunicacións. “Non podemos permitir que haxa fogares, explotacións agrarias ou pequenas empresas que queden atrás por non ter acceso a Internet ou a un servizo telefónico estable”, insisten.

Para os populares, a conectividade é hoxe un dereito esencial: “Non se pode falar de igualdade de oportunidades mentres haxa parroquias sen rede, nin se pode impulsar o retorno ao rural sen garantir servizos básicos coma este”.

O Concello cede á comunidade de montes de Vilacampa a antiga escola unitaria por 20 anos

O Concello do Valadouro vén de aprobar a cesión de uso do edificio da antiga escola unitaria de Vilacampa á comunidade de montes desta parroquia, por un período inicial de 20 anos. A decisión, adoptada por unanimidade, busca dar unha nova vida a un inmoible en desuso, reforzando ao mesmo tempo o papel da veciñanza na xestión e dinamización dos recursos locais. Segundo explicou o goberno local, a cesión permitirá que a comunidade de montes poida empregar o edificio para usos cotiáns, como a realización de reunións, actividades comunitarias ou mesmo como espazo de almacenamento, segundo as necesidades que vaian xurdindo no día a día. O acordo recolle o compromiso de manter o inmoible en boas condicións e garantir o seu uso para fins non lucrativos e de interese social. O Concello destaca que este tipo de cesións permiten aproveitar mellor os recursos públicos e dinamizar o tecido asociativo do rural, promovendo a participación directa da cidadanía na xestión do territorio.

O Valadouro celebra a súa primeira xuntanza de motos 'Old School'

O municipio do Valadouro prepárase para acoller, o sábado 19 de xullo, a primeira edición da súa xuntanza motera 'Old School', organizada polo Moto Clube Val D'Ouro. O evento, dirixido exclusivamente a motos con 25 anos ou máis de antigüidade, contará cun máximo de 50 prazas e promete unha xornada de paixón polas motos clásicas, boa comida e compañeirismo. A actividade arrincará ás 10:30 horas coas inscricións no pavillón polideportivo. Ás 11:30 realizarase a saída en grupo, mentres que ás 14:30 terá lugar unha exposición das motos participantes, seguida dunha comida e da entrega de trofeos. Haberá premios para a moto máis antiga, a máis 'old school' e para a persoa que veña de máis lonxe. As inscricións, cun prezo de 25 euros por persoa, inclúen un adhesivo conmemorativa, un pincho e a comida. A data límite para apuntarse é o 15 de xullo.

17 anos camiñando pasiño a pasiño

A asociación de sendeirismo Paso Miúdo continúa a promover o amor pola natureza e a memoria dos antigos camiños, cun espírito de grupo

Por Ana Somoza

Poucas cousas unen tanto como camiñar. Así o cren os membros de Paso Miúdo, unha asociación de sendeirismo nacida no Valadouro hai xa case dezaseis anos, cando un pequeno grupo de persoas que gozaban das saídas dominicais decidiu que era hora de compartir a súa paixón con máis xente. "Gustábanos andar e comer no campo, así que comezamos a facer rutas e acabamos por fundar a asociación para legalizala e poder acoller máis afeccionados", lembran dende a súa directiva. A orixe da entidade está marcada polo vínculo familiar, xa que os primeiros integrantes da Xunta Directiva foron todos membros dunha mesma familia: Ángel, Ana, Jesús, Belén e José Luis. Conxugaban a vontade de organizarse para poder federarse na Federación Galega de Montañismo —e así dispor dun seguro para as rutas— coa ilusión de recuperar vellos camiños como o Camiño Real entre o Valadouro e Mondoñedo. "Unha asociación ten máis peso fronte ás administracións públicas, e iso facilitaba moito o traballo", explican. O nome da entidade non foi escollido ao azar. Ten un significado especial que recorda o carácter do seu fundador, Ángel, que foi tamén o primeiro presidente. "Sempre que lle preguntaban como era a ruta, dicía que era todo chao", contan entre risas. Pero o seu dito agochaba unha filosofía de vida: "el cría que pasiño a pasiño, con tempo, todo o mundo pode chegar moi lonxe". Desá visión naceu Paso Miúdo. Actualmente, a asociación conta con 28 membros, repartidos a partes iguais entre homes e mulleres. Na directiva actual están Juan como presidente, José de vicepresidente, Carmen como secretaria, Vanessa como tesoureira e Isabel como vogal. Para entrar na entidade, explican, só hai que cubrir un formulario dispoñible na súa páxina web. "O único requisito é estar federado na FGM. Non cobramos cota nos últimos tempos", apuntan.

FILOSOFÍA. A filosofía de Paso Miúdo non é simplemente saír camiñar: "Somos xente que vai camiñar facendo grupo, non un grupo de xente que vai camiñar", subliñan. Esa distinción, aparentemente sutil, reflicte o espírito da asociación: compartir, coidar, crear lazos.

ITINERARIOS. As súas rutas mensuais levan aos socios por paraxes naturais moi diversas: fragas, montañas, sendas costeiras. A súa elección depende da época do ano e do interese paisaxístico, pero tamén das condicións prácticas: "Trala pandemia facemos rutas por preto, para podermonos desprazar nos nosos vehículos", indican. "Antes íamos en bus e comiamos por 20 euros, pero agora iso xa non é viable. Os prezos subiron tanto que preferimos ir en coches particulares e, unha vez alí, o que queira queda a comer pola zona". Esa decisión responde tamén a unha visión solidaria co territorio: "Se os pobos non ven beneficio, non manteñen as rutas. Por iso procuramos deixar algo nos lugares que visitamos".

LEMBRANZAS. Entre os itinerarios máis memorables están os que deixan pegada pola súa beleza, pola historia ou pola carga emocional. En Puebla de Sanabria descubriron unha fervenza de 35 metros completamente conxelada, "unha marabilla na-

"A asociación naceu da ilusión compartida dun grupo de amigos que querían gozar das rutas e do campo os domingos"

"Trala pandemia apostamos por rutas máis locais, apoiando os negocios das zonas"

"Legalizar a asociación permitiunos recuperar camiños históricos como o Camiño Real e acceder á Federación Galega de Montañismo"



Arriba, os fundadores de Paso Miúdo e, abaixo, a xunta directiva actual

tural difícil de esquecer". Pero hai camiños que calan máis fondo, como o Camiño Real entre Viveiro e Mondoñedo. "Recuperámolo co traballo incansable do noso antigo presidente, que sempre tiña a inquietude de saber como vivían os nosos antecesoros". Para el, este vieiro era "coma a A8 dos tempos antigos", un fío que cosía as aldeas antes de que chegara o asfalto. Outras rutas tamén deixan pegada polos momentos vividos. "A da Auga de Taramundi foi a primeira que fixen con Paso Miúdo, e pode que sexa a ideal: ten paisaxe, ten sidrina e tortilla de cabrales en As Veigas e Os Teixois, no medio da ruta", relata un membro. Noutro caso, o Río Agüeira en Pesoz (Asturias) foi moito máis que unha experiencia natural: "alí coñecín á que hoxe é a miña muller", di un dos socios, cun sorriso inevitable. Como toda asociación viva, Paso Miúdo tamén ten destinos pendentes. Un deles é Pena Trevinca, a cima máis alta de Galicia. "Intentamos subila nunha fin de semana, pero había néboa, cunha visibilidade de menos de cinco metros, e por seguridade decidimos non continuar", relatan. A montaña queda como un reto futuro. Pero o sendeirismo non é a única actividade do grupo. "Se na zona hai un museo, como o do Xoguete en Ponteceso ou o

do Viño en Monforte, sempre facemos unha parada para visitalo. Tamén escavacións arqueolóxicas. É unha forma de complementar a experiencia", explican. Ao longo de case dezaseis anos de historia, acumularon tamén anécdotas para dar e tomar. Algunhas divertidas, como aquela vez que tiveron que sacar os zapatos e remangar os pantalóns para cruzar un río tras unha noite de chuvia intensa. Outras emotivas, como a celebración de dúas vodas entre socios que se coñeceron grazas ás andainas. "Paso Miúdo é moito máis que unha asociación, é unha familia", coinciden.

FUTURO. De cara ao futuro inmediato, teñen xa varios proxectos marcados no calendario. Preven organizar saídas ata finais de ano por lugares próximos: Fraga Vella (en Mondoñedo), Ponte de Porto (O Vicedo), As Reigadas (A Pontenova), Bretoña (A Pastoriza) ou os Muíños de Xove. Lugares onde a natureza fala, e onde o paso pequeno segue marcando o ritmo. En 2025 celebrarán o seu décimo sétimo aniversario. "Queremos seguir como ata agora, cun ambiente familiar e sen perder a esencia que nos une", declaran. A receita parece clara: camiñar con calma, gozar do entorno, coidar do grupo e non esquecer nunca que, pasiño a pasiño, pódese chegar moi lonxe.

O novo Plan Básico Municipal de Alfoz recoñece 185 elementos patrimoniais

O Diario Oficial de Galicia (DOG) publicou a aprobación definitiva do Plan Básico Municipal (PBM) de Alfoz, un instrumento clave que permite dotar ao municipio dunha ordenación urbanística básica mentres non se elabore un plan xeral propio. Trátase dunha ferramenta promovida pola Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, que supón un avance importante para os concellos de menos de 5.000 habitantes que, como é o caso de Alfoz, carecían ata agora dunha planificación urbanística xeral.

Con 1.523 habitantes segundo os datos do INE en 2024, Alfoz tiña ata o momento unicamente delimitado como núcleo rural o asentamento de A Granda, aprobado definitivamente o 28 de marzo de 2023. Asemade, constaban no concello tres recoñecementos de núcleos rurais preexistentes: Vilaúde (1992), Barbeito (2001) e Rolle (2002). Tamén figuraba un documento datado en

1964 baixo o nome de plan xeral de ordenación urbana e plan parcial do polígono da Gándara de San Pedro de Alfoz. Porén, tras a súa avaliación, concluíuse que ese documento só organizaba unha zona puntual do núcleo urbano e non podía considerarse como planeamento xeral.

O novo PBM supón unha ordenación territorial moito máis ampla e estruturada. Delimita 118 núcleos rurais repartidos polas nove parroquias do concello, dos que 80 son tradicionais —14 deles de tipo polinuclear—, 5 clasifícanse como comúns, e os 33 restantes presentan características mixtas entre tradicionais e comúns (15 tamén de tipo polinuclear). Entre estes, inclúese novamente A Granda, cuxa delimitación física e parcela mínima se manteñen conforme á aprobación do 2023.

Ademais, o plan clasifica como solo urbano consolidado dous ámbitos situados nos arredores dos asentamentos da Seara e Vilaúde, aínda

que parte deste último segue identificado como solo de núcleo rural tradicional.

No que atinxe ao patrimonio, o documento incorpora un catálogo de 185 elementos culturais repartidos por todo o municipio: 28 deles están recoñecidos como Bens de Interese Cultural (BIC), 13 presentan interese arqueolóxico, 47 están ligados á etnografía tradicional e 97 teñen valor arquitectónico. Esta catalogación permite recoñecer, protexer e planificar a conservación do importante legado cultural que posúe o concello. Cómpre lembrar que os Plans Básicos Municipais son documentos transitorios que teñen vixencia ata que existan circunstancias que xustifiquen a elaboración dun plan xeral de ordenación municipal, máis completo e adaptado a un contexto urbanístico máis complexo. Ata ese momento, o PBM garante un marco legal e técnico para o desenvolvemento e protección do territorio.

O Festival Atlántica regresa cunha aposta decidida pola mocidade

O Festival Atlántica, dedicado á narración oral, chega este verán á súa décimo terceira edición cunha ampla programación por toda Galicia e con só dúas paradas destacadas no concello de Alfoz. As actividades desenvolveranse entre o 28 de xuño e o 6 de xullo en 27 localidades, con 85 funcións protagonizadas por 51 artistas galegos e internacionais.

En Alfoz, o festival ofrecerá dúas propostas nos xardíns xunto á Casa da Cultura, ambas ás 21.00 horas.

O xoves 4 de xullo Dani Blanco e Zé Pumar presentarán *Contos de revolución. De Brassens a Neira Vilas*, unha viaxe contada e musicada polas voces da loita e da memoria. Ao día seguinte, o venres 5, será a quenda de *O que non estaba escrito*, da artista galega Carmen Conde, unha peza que combina humor, emoción e reflexión sobre a vida cotiá.

O Festival Atlántica está organizado coa colaboración de institucións como a Xunta, a Deputación da Coruña e os concellos participantes, e aposta pola tradición oral como ferramenta cultural viva e integradora.

O Goberno local alfocego reorganízase trala perda do concelleiro socialista Jorge Val

O Concello celebrou un pleno extraordinario no que se formalizou a reorganización do equipo de goberno tras o falecemento do concelleiro socialista Jorge Val, ocorrido o pasado 11 de xuño. Val, que exercía como Primeiro Tenente de Alcaldesa e estaba á fronte das áreas de Servizos e Infraestruturas, deixa unha fonda pegada tanto na corporación municipal como entre a veciñanza pola súa dedicación e compromiso coa política local. Durante a sesión, a corporación municipal deu conta oficialmente da súa perda e tomou as decisións necesarias para garantir a continuidade do labor institucional. Así, Cándido Paleo Rejes, ata o de agora concelleiro de Medio Ambiente, pasará a ocupar a Primeira Tenencia de Alcaldía, ademais de asumir as áreas que estaban a cargo de Jorge Val e a representación do Concello na Mancomunidad da Mariña.

Como parte do proceso de reorganización, incorporárase á corporación Alejandro Carballeira, quen era o seguinte na lista do PSdeG-PSOE nas eleccións municipais. Carballeira será o novo responsable da área de Medio



Ambiente, completando así a composición do grupo socialista, que queda formado por Cándido Paleo, Alejandro Carballeira e Sonia Val. Esta última mantense como edil de Cultura e continuará representando a Alfoz na Mancomunidad.

Desde a agrupación socialista expresaron unha vez máis o seu fondo pesar pola perda do compañeiro, destacando o seu papel como persoa implicada e sempre disposta a traballar polo ben común. “Jorge Val era unha persoa comprometida co seu pobo, cunha presenza constante nas cuestións cotiás e cunha clara vocación de servizo público”, sinalaron fontes do grupo municipal.

O Concello acomete melloras urxentes no castelo antes do mercado medieval

O Goberno local puxo en marcha un plan de actuación no Castelo de Castrodoiro co obxectivo de protexer a estrutura da fortaleza e a súa contorna máis inmediata. A intervención, cun orzamento de 35.965 euros a cargo do plan da Deputación de Lugo, inclúe a impermeabilización da canaleta do castelo e a reconstrución parcial do muro que rodea o recinto e a igrexa do Castro.

Segundo explicou a alcaldesa, Efigenia Maseda, a canaleta actual presenta filtracións de auga cara ao interior do edificio, “e queremos actuar canto antes para evitar que a humidade cause danos estruturais”. Trátase dunha medida preventiva que busca conservar un dos bens patrimoniais máis emblemáticos do municipio.

Tamén sinalou que se acometerá a reconstrución do muro de contención situado na subida ao castelo. “Detectamos un abombamento que, segundo os técnicos, podería deberse a unha bolsa de auga que está deteriorando a base do muro”, indicou, “o obxectivo de rematala antes do 19 de xullo, data na que se celebrará o tradicional mercado medieval.

Ademais, as autoridades locais están a valorar restrinxir o acceso en vehículo á zona durante



os días laborables, mentres duren os traballos. “É importante garantir a seguridade dos operarios e facilitar a execución das obras sen interferencias”, sinalaron.

MERCADO. A vila de Alfoz prepara xa todos os detalles para celebrar a vixésimo quinta edición do seu emblemático Mercado Medieval, unha cita consolidada no calendario cultural da Mariña que terá lugar na noite do venres 18 e durante todo o sábado 19 de xullo de 2025. O evento, organizado polo Concello de Alfoz e pola Asociación Cultural O Castelo, converterá unha vez máis o castelo de Castro de Ouro no epicentro dun festexo que mestura historia, tradición e entretemento.

Alfoz quenta motores para Os Choferes 2025

Alfoz volverá converterse nun dos centros festivos da Mariña coa celebración da tradicional festa de Os Choferes, que este ano terá lugar os días 1, 2 e 3 de agosto. A Asociación Cultural e Xuvenil O Castelo vén de anunciar as datas e compartiu nas súas redes sociais o cartel oficial da edición 2025, unha creación orixinal do ilustrador Xosé Blanco, recoñecido pola súa estética expresiva e chea de carácter.

A festa, que rende homenaxe a San Cristovo, patrón dos condutores, é unha das citas máis emblemáticas da comarca e destaca polo seu ambiente animado, a súa programación musical e o espírito de convivencia que reúne tanto á veciñanza como a visitantes de toda Galicia.

Desde a organización adiantan que en breve irán desvelando máis deta-



lles da programación a través das redes sociais da asociación. Convidan tamén a estar atentos aos próximos anuncios, nos que se incluírán as actuacións musicais, actividades e eventos que darán forma a esta nova edición das festas.

ourol

O Concello recupera a memoria da emigración coa súa Ruta Indiana en agosto



O Concello de Ourel celebrará os días 2 e 3 de agosto unha nova edición da súa Ruta Indiana, unha actividade cultural e turística que pon en valor o legado arquitectónico dos emigrantes retornados de América, coñecidos como indianos. A proposta inclúe visitas comentadas ás vivendas máis destacadas deste estilo na comarca da Mariña lucense, a bordo dun autobús de época. O percorrido realizarase con guía e permitirá coñecer de preto a historia destas casas que combinan elementos decorativos traídos de ultramar coas técnicas construtivas tradicionais galegas. A experiencia busca achegar ao público xeral unha parte fundamental da memoria histórica local, ligada aos fluxos migratorios

dos séculos XIX e XX. Para participar é preciso facer unha inscrición previa a través da web oficial do Concello de Ourel. O prazo para apuntarse permanecerá aberto entre o 15 e o 28 de xullo. A organización lembra que as prazas son limitadas e recoméndase reservar canto antes. Para máis información, os interesados poden contactar cos números 982 55 90 19 ou 608 69 40 51. A Ruta Indiana de Ourel é unha oportunidade única para revivir a época dourada dos indianos e coñecer os seus fogares, auténticos símbolos do éxito migratorio e da transformación social e arquitectónica da Galicia rural.

Sabela presenta o seu novo sinxelo, ‘Camponarai’

A ourolesa Sabela volta con forza publicando o seu novo sinxelo, Camponarai, terceiro adianto do que será o seu próximo traballo discográfico. Nel, a artista galega xoga cunha lenda popular contada na zona da Mariña lucense, convertendo Camponarai nese lugar onde conectas por primeira vez cunha persoa especial. Novamente, Sabela opta por achegarse á posta en valor desas pequenas cousas que rodean a vida rural, nunha reivindicación en contra da desconexión co campo que se vive nos últimos tempos. Con este novo tema, a galega propón unha viaxe íntima e sensorial sobre unha base de electrónica minimalista, apelando á memoria emocional, o desexo e á propia esencia dos sentimentos. Camponarai é, ademais, a primeira produción en solitario de Sabela. Tras co-producir, xunto ao recoñecido produtor Ed Is Dead, os dous primeiros adiantos deste EP que verá a luz este mesmo ano, a artista segue a ampliar horizontes musicais, cun

proceso de composición e produción propio de todo o tema. Ela mesma destaca que este proceso foi rápido, coma o sentimento que xera esa conexión. Pola contra, á hora de darlle forma dende a produción requiriu máis tempo, xa que o tema non busca axustarse aos moldes establecidos da produción musical actual, senón respectar esa sensación sobre a que xira o concepto de Camponarai, e construír en base a ela. Sabela Ramil, nada en Ourel e veciña das Pontes, é unha das caras visibles desta nova onda de pop electrónico que triunfa no panorama musical actual. Coas súas tinguiduras animadas e bailables, Sabela converteuse xa no gran alicerce deste xénero en Galicia. As súas cancións acumulan centos de miles de reproducións, conquistando con grandes xiras en directo importantes salas ao longo de España e de Galicia, así como festivais da talla de O Son do Camiño, SonRías Baixas, Festival do Pasatempo ou Festival Noroeste.

Discrepancias entre PSOE e PP polo cobro dunha factura aos bombeiros

O grupo municipal socialista de Mondoñedo pediu no último pleno que o Concello asuma con fondos propios unha factura de 361 euros enviada a un veciño de Santa María Maior pola intervención dos bombeiros tras unhas inundacións. Os socialistas argumentan que José, o afectado, non é responsable da situación e que, ademais, pertence a unha familia de pensionistas en situación vulnerable. Por iso, solicitaron tamén abrir unha vía de diálogo co Consorcio Provincial de Bombeiros para evitar que se repitan casos similares mentres non se resolvan os problemas estruturais que provocan as enchentes. Durante a mesma sesión, o Goberno local recoñeceu o pago dunha reclamación administrativa de 9.559 euros á empresa Estrives Ventures S.L. polos traballos do Plan de Sostibilidade Turística de Destino, que non obtivo ningunha subvención. O PSdeG criticou o gasto e defendeu que sería máis útil manter aberta a Oficina de Turismo durante todo o ano. Tamén puxeron sobre a mesa o atraso na concesión dunha



licenza urbanística para a rehabilitación dun inmovble na Praza da Catedral, xa con informes favorables. En canto a melloras urbanas, reclamaron a plantación de árbores en Viñas da Veiga, a limpeza de beirarrúas e o desbroce da maleza. Tamén solicitaron podas ou cortes das árbores na estrada de entrada á cidade entre a Volta Grande e os Remedios. Pola súa banda, o Goberno municipal cualificou de “sorprendente” a postura do PSOE e lembrou que foi o Grupo Popular na Deputación quen propuxo a cancelación da factura, sen obter

apoio socialista. Insisten en que a responsabilidade das inundacións recae na Deputación, propietaria da estrada provincial LU-P3103, e critican que sexa a mesma administración a que pretenda cobrar a intervención. O executivo reclama máis compromiso dos socialistas e lembra que todas as forzas políticas acordaron crear unha mesa de traballo en abril. Porén, denuncian que seguen agardando a que a Deputación nomee o seu representante. Tamén confirman que están prestando apoio legal ao veciño para presentar alegacións.


O IES San Rosendo reforza a súa oferta en formación agraria con cinco ciclos

O IES San Rosendo de Mondoñedo, en colaboración co Concello, vén de reafirmar a súa aposta pola formación profesional vinculada ao sector agrario, unha área con ampla demanda laboral na comarca. A través dunha xuntanza de coordinación entre ambas entidades, buscou dar un novo impulso á promoción desta oferta formativa, especialmente agora que está aberto o prazo de matrícula para o curso 2025-2026. O centro ofertará cinco ciclos da familia profesional agraria: un ciclo básico en Agroxardaría e composicións florais; dous ciclos de grao medio —Aproveitamento e conservación do medio natural, en modalidade dual intensiva, e Xardinaría e floraría, en dual xeral—; e dous ciclos superiores —Paisaxismo e medio rural, que se imparte



en formato modular a distancia, e Xestión forestal e do medio natural, tamén en modalidade dual xeral—. Desde o IES San Rosendo e o Concello anímase a todas as persoas interesadas a consultar a información na web do centro e a achegarse persoalmente para coñecer as instalacións e resolver calquera dúbida.

Mondoñedo xa ten data para celebrar As San Lucas 2025



Mondoñedo quenta motores para unha nova edición das súas festas máis emblemáticas: As San Lucas, que se celebrarán do 16 ao 20 de outubro de 2025. Ao longo de cinco días, a vila transformase nun punto de encontro para milleiros de persoas, atraídas pola combinación única de tradición gandeira, cultura popular, música, gastronomía e ambiente festivo. As rúas encheranse de vida con espectáculos, mercados, concertos e actividades para todos os públicos.

“Na miña paleta de cores sempre están os verdes de Viloalle”

J. Pedro Gómez, pintor acuarelista mindoniense, finalista no Premio Reina Sofía, reivindica a acuarela como forma de expresión vital

Por Ana Somoza.

J. Pedro Gómez, artista mindonien- se apaixonado pola acuarela, leva toda unha vida atrapado entre pa- pel e pigmentos.

DEBUXO E VOCACIÓN. Dende moi novo, J. Pedro Gómez sentiu unha paixón profunda polo debuxo. “Debuxaba e debuxaba”, dixo nunha conversa tranquila, onde deixou claro que non se trata dun pasa- tempo ocasional, senón dunha ne- cesidade vital. É un impulso con- stante, confesaba, que o acompaña en cada momento do día: observa o mundo con ollos de creador, sen- tindo a urxencia de plasmar cada escena nun papel. A semente des- te talento foi regada por encontros fortuítos. Un deles, insólito, foi cun vendedor de enciclopedias que, vendo os seus debuxos, lle expli-

zaxe constante. “Sempre teño algo que aprender”, insiste. A condición de autodidacta obriga a superar dificultades: atopar as técnicas axeitadas, superar frustracións e aceptar as limitacións. Pero tamén lle dou a liberdade de explorar, fa- lar con outros artistas, saír a pintar á rúa, intercambiar opinións. “Posi- blemente a base de todo está nas ganas de aprender”, afirma con rotundidade.

ACUARELA. A acuarela, para J. Pedro, non é simplemente unha técnica máis: é a que mellor lle permite expresarse. Encantado pola fluidez, a transparencia e a imprevisibilidade desta disciplina, salienta que o pigmento na acuarela “baila coa auga”, creando resul- tados máxicos e inesperados. Esta esencia mesma da acuarela, di, é

tantemente, mesmo axudarse cun secador para controlar os tempos de secado. Outro aspecto que su- bliña é o manexo da luz: “Na acua- rela nunca podes pintar unha cor clara sobre unha escura”. Por iso, para representar nubes brancas sobre un ceo azul, hai que deixar o branco do papel. Esa particulari- da condiciona toda a composición da obra. “Hai que entender ese principio básico”, di.

PREMIOS. En marzo deste ano, J. Pedro Gómez foi seleccionado por segunda vez como finalista do Premio Reina Sofía de Pintura e Escultura. A obra escollida, titulada Sintonía dourada, está inspirada no retablo da Virxe dos Ollos Grandes da Catedral de Lugo. Trátase dunha acuarela de gran formato (140 x 100 cm), un tipo de peza que comezou a traballar hai relativamente pouco. “Este recoñecemento para min é algo moi grande”, admite emocionado. Non só pola visibilidade que supón expoñer na Casa de Vacas do Retiro, senón polo feito de que o xurado inclúa artistas como Antonio López ou Eduardo Naranjo. Malia a competencia fe- roz, a súa obra foi escollida entre máis de 500 propostas. “Hai días que hai cola para entrar”, comen- ta, deixando entrever o impacto desta exposición. Sobre a elección do retablo lucense, explica que a inspiración naceu dunha visita á Catedral. Quedou impresionado pola luminosidade da peza barroca. A súa pretensión era crear unha atmosfera onde o aire circulase, captar a grandiosidade da cúpula e o contraste dos espazos.

PROCESO CREATIVO. O traballo en ‘Sintonía dourada’ foi, segundo relata, un proceso laborioso. Comezou cun debuxo moi detallado a lapis, centrado nas perspectivas e o equilibrio da imaxe. Logo pasou á cor, comezando polas partes máis afastadas e rematando nos deta- lles do primeiro plano. Non adoita facer bosqueños previos, pero si probas de cor, especialmente cos dourados, para obter as tonalida- des e sombras desexadas. Tamén destaca que adoita deixar as obras repousar uns días antes de darlles o toque final. No tocante ao so- porte, recomenda o uso de papel 100 % algodón de 300 gramos. “A idea de que o papel é delicado é relativa”, afirma, explicando que en grandes formatos pode ser máis



José Pedro coa súa obra ‘Vitalidad’

“Crear prodúceme unha sensación de calma, concentración e de equilibrio emocional; non é só un pasatempo, é unha necesidade”

“O recoñecemento do Premio Reina Sofía foi algo moi grande, compartir espazo con artistas que admiro é difícil de explicar”

fráxil durante o proceso, pero unha vez seco ten bastante resistencia. E resume: “Para dominar a humida- de, o consello é pintar e pintar”.

INSPIRACIÓN. A natureza é o seu principal motor creativo. Os verdes, as luces e sombras, os reflexos: todo iso o fascina. “Os verdes son cores complicadas”, admite, e quizais por iso supoñen un reto que o motiva. A cor, a luz, a sombra... calquera elemento natu- ral pode converterse nun motivo. Tamén recoñece que Mondoñedo, a súa terra natal, condiciona a súa obra. “Os verdes de Viloalle, a né- boa, o río, o musgo... todo iso está presente”, asegura. A súa pintura busca, por riba de todo, transmi- tir serenidade. Cada pincelada é, como el di, “un intento deliberado de convidar á calma e ao acougo”. Pretende crear atmosferas onde o espectador atope un refuxio visual, un momento de introspección.

REFERENTES. Ademais de nomes consagrados como Goya, Sorolla ou Antonio López, J. Pedro cita a Cas- telao, de quen admira a súa faceta como debuxante. Tamén mostra simpatía polo surrealismo de Dalí e os seus debuxos a lapis. No eido da acuarela, di admirar a moitos artistas cos que mesmo tivo a sorte de com- partir espazo en exposicións, malia que prefire non dar nomes para non deixar a ninguén fóra. Unha figura que lembra con especial agarimo é a de Ramón Guntín, artista de Vilalba que lle ensinou a gozar da plumilla. Grazas a el, aprendeu a sacar luz da escuridade da tinta, unha técnica que o conquistou.

VIVIR DA PINTURA. Cando se lle pregunta se é doado vivir da pin- tura en Galicia, a resposta é clara: non. “É un camiño arduo e cheo de incertezas”, recoñece. A irre- gularidade dos ingresos obriga a moitos artistas a buscar traballos máis estables. A competencia é feroz, e o mercado, impredecible. Ademais de talento, fáltalles vi- sibilidade e apoio institucional. Aínda así, J. Pedro segue loitan- do. Ten unha páxina web onde publica e vende as súas obras. En Mondoñedo, preto da oficina de turismo, tamén se poden adquirir acuarelas, marcapáxinas e outras pezas orixinais a prezos moi ac- cesibles. Participa regularmente en exposicións. Actualmente ten obras expostas en Madrid: unha na Casa de Cantabria (Fragmentos de silencio) e outra no Centro Cul- tural Galileo (Mayólica). Ademais, prepara novas propostas para o certame de San Isidro.

FUTURO. De cara aos vindeiros anos, J. Pedro quere seguir explo- rando a acuarela, evolucionando e aprendendo. O seu soño é seguir pintando, compartindo experien- cias e mantendo viva a paixón que o levou, de neno, a debuxar sen descanso. Non aspira á fama nin aos grandes escaparates, senón a seguir creando con honestidade, compartindo emocións a través da súa obra e atopando na acuarela un camiño de expresión persoal e liberdade. “Mentres teña mans para pintar e ollos para mirar, se- guirei”, asegura. Porque para el, máis ca un oficio, a pintura é unha forma de estar no mundo.



“A transparencia e a espontaneidade da acuarela fan que cada obra sexa única, case imposible de repetir”

“Cada pincelada é un intento deliberado de convidar á calma e ofrecer un refuxio visual ao espectador”

cou maxistralmente os fundamen- tos da perspectiva e os puntos de fuga. Aqueles bosqueños, que con- servou durante anos, marcárono. Logo, no instituto de Mondoñedo, profesores como Puchades e Gacio guiárono nos seus primeiros pa- sos máis serios no debuxo. Aquel tempo, segundo lembra, deixoulle unha pegada fonda. A pesar de non ter seguido un itinerario aca- démico formal, J. Pedro define o seu proceso como unha aprendi-

o que a converte nun reto cons- tante. Non obstante, recoñece que moita xente a considera unha das técnicas máis difíciles. “Dominar a humidade do papel é complicado”, explica. A cantidade de auga inflúe no comportamento da cor, e apli- car o pigmento no momento xusto é determinante. Ademais, engade, pintar nun clima seco como o de Madrid no verán non ten nada que ver con facelo en Galicia. Por iso, asegura, hai que adaptarse cons-

lourenzá

O Partido Popular reclama actuacións urxentes para evitar riscos no Cantón



O Partido Popular de Lourenzá vén de reclamar ao goberno local que actúe con urxencia para garantir a seguridade no Cantón, logo da caída dunha rama de grandes dimensións dun dos plátanos da zona. Os concelleiros populares mostran a súa fonda preocupación polo risco que este tipo de incidentes representa para os viandantes e veciños, e lembran que xa advertiran desta situación nos plenos municipais. Segundo o grupo popular, a caída da rama pon de manifesto o mal estado de varias das árbores, afectadas

por enfermidades e tamén, afirman, “pola realización de podas en épocas inadecuadas”. Por iso instan ao executivo socialista a tomar medidas inmediatas, como o precintado provisional da área máis perigosa e a contratación dun estudo técnico que avalíe con rigor o estado fitosanitario dos exemplares.

“Non se pode agardar a que aconteza unha desgraza para actuar”, sinalan os populares, que consideran prioritario aplicar medidas de prevención e garantir a protección tanto das persoas como do propio patrimonio natural da vila.

O BNG denuncia o abandono das infraestruturas públicas

O BNG volveu alzar a voz para denunciar o “abandono continuado” de varias infraestruturas públicas no municipio, que segundo o grupo nacionalista levan “meses ou mesmo anos sen ser reparadas”, a pesar das reiteradas queixas e preguntas nos plenos municipais. A través dun comunicado lembran que xa no pleno do 1 de outubro de 2024 trasladaran diversas deficiencias sen obter respostas claras nin solucións concretas por parte da alcaldesa.

Un dos principais exemplos que sinalan é o da pista de pádel municipal, que permanece inhabilitada desde hai meses pola falta de paneis de cristal. “É unha instalación que sería moi útil no verán, ao estar ao aire libre, pero leva moito tempo sen poder empregarse”, apuntan desde o BNG. Segundo recolle a acta do pleno, a alcaldesa respondeu entón que o problema era “de índole económica” e que estaban a estudar a posibilidade de substituír os cristais por metacrilato.

Outro dos puntos de preocupación é a situación dos sumidoiros da vila. “Moitos están atascados e can-

do chove a auga sae por calquera lado”, advertiu o grupo nacionalista, que preguntou pola previsión dunha limpeza xeral da rede. A rexedora comprometeuse a facer unha intervención “antes do inverno”, aínda que, segundo o BNG, non houbo avances desde entón.

O comunicado tamén lembra que no mesmo pleno se fixo referencia ao estado da ponte do Nogueiredo, que presenta un burato desde setembro de 2023. “Pasou un ano e aínda non se iniciaron os trámites para a reparación”, critican, engadindo que a única resposta obtida foi que “están pendentes de que lles comuniquen cales son os pasos a seguir”.

Finalmente, o BNG sinala que no mes de xaneiro de 2025 volveron trasladar ao goberno local novas queixas, como o mal estado do valado de madeira na saída de Lourenzá cara ao Val, preto da zona de autocaravanas. “A resposta foi evasiva e sen concreción ningunha”, reprochan, asegurando que “a pasividade do executivo municipal está a pór en risco o benestar da veciñanza”.

O PSdeG-PSOE lanza unha campaña para recoller propostas veciñais



O grupo municipal do PSdeG-PSOE vén de poñer en marcha unha nova campaña de participación cidadá baixo o lema “Escoitámosvos”, unha proposta que busca crear espazos de diálogo real coa veciñanza a través dunha serie de encontros abertos nas distintas parroquias do municipio.

A iniciativa quere fomentar a escoita activa e directa, achegando os representantes socialistas ás persoas para recoller inquedanzas, suxestións e propostas sobre o día a día no concello. Desde o grupo municipal sinalan que o obxectivo é claro: “Facer política útil comeza por escoitar. Temos claro que O Vicedo constrúese entre todas e todos, e a nosa prioridade son as persoas, as súas necesidades e os seus proxectos de vida”.

A campaña terá un carácter itinerante, cun calendario de encontros

que se anunciará nas vindeiras datas e que incluírá as parroquias de Cabanas, Riobarba, Negradas, Suegos, Mosende, San Román do Val e O Vicedo. Trátase, segundo explican, de achegar a política municipal aos barrios e aldeas, facilitando un contacto directo e horizontal cos representantes do PSdeG-PSOE.

“Queremos romper coas dinámicas de distancia entre institucións e veciñanza. Este é un exercicio de escoita real, porque gobernar ben comeza por entender as realidades concretas das persoas”, sinalan desde a agrupación socialista.

A imaxe da campaña preséntase cun deseño sinxelo, claro e emocional, baixo a mensaxe “O Vicedo somos TOD@S”, coa que o grupo quere reforzar a súa vontade de representar a todas as persoas sen exclusións, independentemente da súa idade, lugar de residencia ou sensibilidades políticas.

A Deputación impulsa con máis de 20.000 euros a VIII Romaxe Viquinga

A Casa da Cultura do Vicedo acolleu a presentación oficial da VIII edición da Romaxe Viquinga, unha celebración xa consolidada no calendario festivo da Mariña que terá lugar o vindeiro 26 de xullo na praia de Area Grande. O Deputado de Recursos Sostibbles, Francisco Cajoto Caserío, anunciou durante o acto que a Deputación de Lugo destinará máis de 20.000 euros para apoiar economicamente esta recreación histórica.

Cajoto definiu a romaxe como unha “homenaxe á nosa historia e á nosa identidade costeira”, destacando a súa capacidade para evocar a relación milenaria do pobo galego co mar e cos encontros culturais que marcaron o seu devir. “É un evento que mestura tradición e moderni-



dade, memoria e imaxinación”, asegurou o deputado, quen destacou o respaldo da Deputación a través do Plan Deputación, un programa que, segundo explicou, “permite apoiar aos concellos e á veciñanza en

o vicedo

O PP esixe á Deputación o arranxo inmediato da estrada de acceso á praia de Xilloi

Os deputados provinciais do Partido Popular reclamaron ao goberno bipartito da Deputación de Lugo que execute de inmediato as obras de mellora e mantemento da estrada LU-P-6405 ao seu paso polo concello do Vicedo. Esta vía provincial, que rexistra un elevado volume de tráfico, especialmente durante o verán, é a principal conexión coa praia de Xilloi, un dos areais máis visitados da Mariña e con bandeira azul desde hai anos.

Antonio Ameijide, Demetrio Salgueiro e Javier Varela, xunto co alcalde do Vicedo, Jesús Novo, desprazáronse ao lugar para inspeccionar o estado da estrada e comprobar a urxencia da intervención. Durante a visita, confirmaron que solicitarán no próximo pleno provincial que se acometa o arranxo do treito que vai desde Vilasuso ata a estrada LU-862, uns 1,3 quilómetros que, segundo denuncian, foron ignorados nas actuacións anteriores.

Ameijide sinalou que “pedimos algo tan básico como completar o aglomerado en quente dun pequeno treito, unha demanda compartida por todos os veciños e avalada por dous acordos unánimes do pleno municipal”. Lembrou que xa en novembro de 2020 o Concello do Vicedo aprobou por unanimidade instar á Deputación a actuar “o antes posible”.

proxectos que manteñen vivo o noso patrimonio inmaterial”.

Durante a presentación participaron tamén o alcalde do Vicedo, José Novo, e integrantes da compañía Queiman e Pousa, responsable das actividades da festa. Entre eles estaban o artista Quique Bruxo Queiman e a cantante Andrea Pousa, que volverán dar vida a un evento que combina rigor histórico e entretemento para todos os públicos.

Como vén sendo habitual, a Romaxe Viquinga do Vicedo incluírá recreacións do desembarco das tropas normandas e da súa loita contra os exércitos do rei Ramiro I. Haberá, ademais, espectáculos de época, combates, animación musical e actividades dirixidas tanto a nenos como a adultos.

O Concello aposta pola tecnoloxía para mellorar a vida da veciñanza

O Concello da Pontenova vén de poñer en marcha o proxecto Territorio Rural Intelixente, unha ambiciosa iniciativa financiada con 191.800 euros que ten como obxectivo principal mellorar a calidade de vida das persoas maiores a través das novas tecnoloxías e da recuperación de espazos comunitarios.

O acto de presentación desenvolveuse na aula de informática da Casa da Cultura, onde se explicaron os obxectivos e as diferentes fases do plan. Un dos elementos centrais da proposta é o acondicionamento do antigo colexio de Vilameá, que será transformado nun centro social adaptado ás necesidades da po-

boación sénior, con espazos para o encontro, a aprendizaxe e a atención personalizada.

Un dos momentos máis emotivos da xornada foi a entrega de tabletas personalizadas a quince veciños e veciñas das distintas parroquias do municipio, todos eles con idades comprendidas entre os 72 e os 98 anos. Estes dispositivos inclúen unha aplicación de videoasistencia, pensada para facilitar o contacto coas profesionais dos servizos sociais e favorecer o seguimento continuo do seu benestar.

As traballadoras sociais municipais acompañaron o proceso de entrega e serán as encargadas de facer o seguimento individua-

lizado das persoas participantes. O obxectivo, explican desde o Concello, é fomentar a autonomía das persoas maiores e mellorar a súa conexión co entorno social e familiar, reducindo así situacións de illamento ou dependencia.

Desde o equipo de goberno destacan que o proxecto Territorio Rural Intelixente supón “un paso adiante cara a un rural máis inclusivo, conectado e con futuro”. Subliñan tamén que a iniciativa é só o comezo dun programa máis amplo que buscará consolidar o uso da tecnoloxía como ferramenta de benestar nas zonas con envellecemento demográfico.

Volve a II Rapa das Bestas Equus Norte de Neipín

A parroquia da Pontenova acollerá os días 18 e 19 de xullo a segunda edición da Rapa das Bestas Equus Norte, unha celebración que mestura tradición ecuestre, gastronomía, música e lecer popular. O evento, organizado coa colaboración do Concello, a Deputación de Lugo e o programa Puraga, arrincará o xoves 18 cunha ruta gastronómica polos bares locais, na que se ofrecerán mini hamburguesas gratuítas de carne de cabalo de pura raza galega. Quen complete o percorrido participará nun sorteo de agasallos á medianoite no Rony Bar.

O venres 19, o punto central da festa será no Alto de Neipín, onde ás 11:30 terá lugar a entrada dos cabalos ao curro para a tradicional rapa. Ás 13:30, o grupo Bombardero animará a sesión vermú con música en directo. Pola tarde,



ás 16:30, o Club Hípico Castiñeiro realizará unha demostración de doma para amosar a conexión entre o home e o cabalo. A xornada completaráse cun xantar especial na Pulpería Suso, cun menú por 30 euros. As prazas son limitadas e requiren reserva previa. A Equus Norte consolídase así como unha cita que une identidade rural e celebración comunitaria.

Aberto o prazo para matricularse no Punto de Atención á Infancia

O Concello abriu o prazo de inscrición para o Punto de Atención á Infancia (PAI) de cara ao curso 2025/2026, que permanecerá aberto ata o 31 de xullo. As solicitudes deben entregarse no Rexistro municipal en horario de 09:00 a 14:00 horas. Terán prioridade os nenos e nenas que xa estiveron matriculados no curso anterior, pero tamén deberán presentar a solicitude de reserva. As prazas restantes asignaranse segundo os criterios establecidos

na normativa.

As familias de novo ingreso deben achegar varios documentos, entre eles: o libro de familia, DNI dos proxenitores, certificado de convivencia, documentación económica (como a declaración da renda), tarxeta sanitaria, carné de vacinación actualizado, certificado médico, catro fotos tamaño carné e autorizacións para a recollida do menor. No caso de tratamentos médicos, é obrigatoria unha autorización asinada polos

pais cos detalles da medicación e os seus horarios. Tamén se require informe de alerxias e, se procede, xustificación da situación laboral dos proxenitores.

O alcalde Darío Campos Conde asinou o documento que regula este proceso, no que se insiste na obrigatoriedade de entregar toda a documentación no prazo establecido para poder optar a unha praza neste servizo municipal dirixido á atención temperá da infancia.

O Goberno local ofrece un mes de actividades de verán

Xa está en marcha o prazo de inscrición na nova edición do campamento de verán dirixido a cativada de entre 3 e 14 anos, que se desenvolverá entre o 14 de xullo e o 14 de agosto en horario de mañá, de 10:00 a 14:00 horas, de luns a venres. A actividade pretende ofrecer un espazo de lecer, socialización e aprendizaxe durante as vacacións escolares.

As inscricións poderán realizarse ata o 10 de xullo na Casa do Concello ou

chamando ao número de teléfono 982 342 277. O número de prazas está limitado a 50, que se cubrirán por rigorosa orde de inscrición.

O campamento conta con dúas modalidades segundo a duración da participación. Para dúas semanas, o prezo é de 30 euros para empadroadas no municipio e de 70 euros para non empadroadas. No caso de optar polo mes completo, os prezos serán de 50 euros para empadroados e 100 euros para o resto.

Vegadeo súmase ao Campus Rural contra o despoboamento

Vegadeo dará un paso máis na súa estratexia de loita contra o despoboamento coa incorporación ao programa estatal Campus Rural, impulsado polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico. A vila asturiana foi elixida para presentar este plan ao sector primario e ao tecido socioeconómico local, nun acto que terá lugar o martes 2 de xullo ás 20:00 horas no Salón de Plenos do Concello.

O Campus Rural permite que es-

tudantes universitarios realicen prácticas remuneradas en municipios en risco de despoboamento, como é o caso de Vegadeo. As prácticas están financiadas integramente con 1.000 euros brutos mensuais por estudante, e van dirixidas tanto a entidades públicas como a empresas privadas, asociacións sen ánimo de lucro e iniciativas do rural.

A sesión informativa servirá non só para presentar a iniciativa e resolver dúbidas, senón tamén para recoller propostas e perfís de in-

terese que o Concello canalizará cara á Universidade de Oviedo, entidade coa que se coordina o programa.

A participación no programa non implica custos para as entidades receptoras, pero é imprescindible poñerse en contacto co Concello para formalizar a solicitude. Desde o goberno municipal insisten en que esta iniciativa “non só enriquece o tecido produtivo, senón que contribúe a crear arraigamento e futuro no medio rural”.

Corte parcial da AS-11 entre os concellos de Vegadeo e Pesoz

Ata o 26 de novembro a estrada AS-11 que une Vegadeo e Pesoz, pasando polo Alto da Garganta, sufrirá restricións de circulación debido a unhas obras de adaptación para mellorar a seguridade peonil. Os traballos centraranse no tramo comprendido entre os puntos quilométricos 0,400 e 1,350, concretamente na zona entre El Noveledo e Las Clavelinas. Segundo informou o Concello de Vegadeo, o carril esquerdo en sentido Pesoz permanecerá

cortado diariamente entre as 08:00 e as 19:00 horas. Non se habilitarán desvíos alternativos, pero o tráfico será regulado por semáforos para garantir a circulación segura, especialmente do autobús escolar e dos vehículos de emerxencias, que terán sempre acceso autorizado.

As actuacións buscan adaptar a vía para un uso máis seguro por parte dos peóns, ao tempo que se mellora a accesibilidade.

MAR

O palangre de Burela, contra as cordas tras a sentenza da UE

A Organización de Produtores Pesqueiros do Porto de Burela (OPP-7) manifestou a súa decepción pola sentenza do Tribunal Xeral da Unión Europea, que rexeitou o recurso presentado contra a prohibición de pesca con artes de fondo en zonas con presenza ou risco de existencia de ecosistemas mariños vulnerables. A decisión xudicial, feita pública en Luxemburgo, avala o Regulamento de Execución 2022/1614, aprobado pola Comisión Europea o 15 de setembro de 2022.

A entidade burelesa, que interpuxera o recurso o 13 de decembro dese mesmo ano, expresou o seu respecto pola decisión xudicial, mais cualificouna de “incomprensible” e “moi afastada da realidade do sector”, en especial no que atinxe ao palangre de fondo ou demersal.

Segundo explican desde a OPP-7, o regulamento europeo aplicouse de xeito uniforme a todas as modalidades de pesca, sen diferenciar entre as técnicas utilizadas nin os seus efectos reais no medio mariño. “A Comisión usou un modelo deseñado para o arrastre e aplicouno a outras artes como o palangre, que practicamente non ten contacto co fondo mariño”, critican.

A organización considera que esta falta de diferenciación técnica levou a unha decisión “desproporciona-



da”, especialmente prexudicial para o palangre, unha das artes máis selectivas e sostibles, segundo indican. “Non se pode matar moscas a cañonazos”, advirten, asegurando que só un terzo das zonas vetadas ten realmente valores ambientais que xustifiquen a prohibición, mentres o 68% restante foi incluído por extrapolación.

No comunicado, a OPP-7 lamenta que o tribunal non tivese en conta o forte impacto económico e social que esta normativa tivo sobre o sector. “Nos primeiros 50 días desde a entrada en vigor das restricións, a nosa frota perdeu máis do 30% das capturas”, afirman. A organización lembra tamén a falta de consulta pública e a escaseza de datos científicos específicos para cada tipo

de arte de pesca como elementos clave que a sentenza pasou por alto. A OPP-7 considera que o recurso era unha ferramenta lexislativa imprescindible para frear unha forma de actuar da Comisión Europea que cualifican de “perigosa para todo o sector pesqueiro europeo”. A organización teme que esta sentenza precipite a desaparición do palangre, “un sistema de pesca que debería ser modelo de sustentabilidade”. A entidade tamén fai un chamamento ás administracións públicas, tanto galegas como estatais e europeas, para que cooperen entre si e co sector, ante a posibilidade de que boa parte da frota tradicional desapareza en pouco tempo se non se revisa a normativa.

Máis de 130 escolares da Mariña participan nas xornadas Eu Como Peixe



Máis de 130 nenos e nenas de infantil e primaria de varios centros educativos da Mariña participaron nas xornadas divulgativas “Eu Como Peixe”, unha iniciativa impulsada pola Organización de Produtores Pesqueiros do Porto de Burela (OPP-7) en colaboración coa dietista Alba Vila. A actividade, dirixida a crianzas de entre tres e oito anos, busca fomentar desde idades temperás o coñecemento do sector pesqueiro e a incorporación do peixe na súa alimentación diaria.

Os centros CEIP San Miguel de Reinante (Barreiros), CEIP Plurilingüe Celso Currás (Trabada) e CPR Plurilingüe Sagrado Corazón de Jesús (Ribadeo) foron escenario destas sesións didácticas, que forman parte do plan de produción e comercialización da OPP-7 e con-

tan co apoio financeiro da Xunta de Galicia e do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA).

En cada unha das xornadas houbo unha charla divulgativa conducida por Alba Vila, profesional da nutrición que tamén coordina os menús de varios colexios da contorna e conta con centros en Burela e Foz.

A actividade combina contido educativo cun enfoque lúdico e visual adaptado á idade dos participantes.

Con esta campaña, a entidade mariñeira busca promover unha alimentación saudable entre os máis pequenos, e reforzar o vínculo coa actividade pesqueira local, transmitindo ás novas xeracións o valor do mar como fonte de riqueza, traballo e cultura.

A pesca submarina galega estuda accións legais contra a Xunta

A Asociación Galega de Pescadores Submarinos Responsables (AGPESUR) mantivo unha nova reunión coa Consellería do Mar, sen avances significativos sobre a situación de discriminación que, segundo denuncian, sofre o seu colectivo. A pesar de pequenos cambios ofrecidos pola Administración galega, a asociación considera que persiste a intención política de seguir regulando de forma arbitraria a práctica da pesca submarina en Galicia.

O máis grave, sinalan dende AGPESUR, é que estas limitacións mantéñense a pesar de que a propia Consellería recoñece non contar con xustificación técnica ou científica para aplicalas. “O mesmo responsable que critica en Europa a falta de base científica nas normativas sobre arrastre, utiliza ese mesmo argumento para seguir restrinxindo

a pesca submarina en Galicia”, indican nun comunicado.

Segundo a asociación, isto non é só unha cuestión de matices legais, senón unha vulneración evidente e continuada de dereitos. Cando unha limitación se aplica sen fundamento obxectivo, falan de arbitrariedade; cando se mantén no tempo conscientemente, consideran que se está vulnerando dereitos fundamentais; pero cando a administración recoñece o erro e decide igualmente mantelo, advirten que podería estar cometéndose unha presunta prevaricación.

AGPESUR lembra que as restricións naceron nos anos 1999 e 2009 por presións dalgunhas confrarías de pescadores profesionais que esixiron limitar a presenza de pescadores submarinos no mar. “Entón e agora, a administración cedeu ante

intereses corporativos, privatizando un recurso público e deixando de lado principios como a igualdade, o acceso xusto aos recursos ou a soberanía alimentaria”, denuncian. Durante a xuntanza, a Consellería foi incapaz de explicar por que só a pesca submarina está suxeita a unhas limitacións que non afectan a ningunha outra modalidade. “Seguimos sen obter resposta”, lamentan. AGPESUR insiste en que a súa actividade é selectiva, sostible e centrada no autoconsumo, e que as restricións actuais non só carecen de sentido, senón que penalizan un modelo respectuoso co medio mariño. Por iso, esixen unha rectificación inmediata da normativa vixente e anuncian que seguirán presentando propostas baseadas en datos contrastados e evidencias técnicas.

Marta Villaverde foi nomeada nova conselleira do Mar

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda Valenzuela, asinou o decreto de nomeamento de Marta Villaverde Acuña como nova conselleira do Mar, tras a dimisión de Alfonso Villares Bermúdez.

Marta Villaverde ocupaba, desde abril de 2024, o cargo de directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro. Con anterioridade, desenvolveu outras responsabilidades dentro da mesma consellería, como subdirectora xeral de Pesca e Mercados da Pesca (2019-2023) e subdirectora xeral de Valorización dos Produtos do Mar (2023-2024).

É licenciada en Veterinaria pola Universidade de Santiago de Compostela e funcionaria do corpo facultativo superior da Xunta de Galicia desde o ano 2006. Ao longo da súa carreira, estivo sempre vinculada ao sector primario galego, tanto no ámbito do mar como no medio rural. Entre os seus cargos anteriores



destacan tamén o de facultativa veterinaria (2001-2006), inspectora veterinaria de Saúde Pública na Consellería de Sanidade, xefa de área de Seguridade Alimentaria (2014-2016) e inspectora pesqueira no Servizo de Inspección e Control de Recursos da Subdirección Xeral de Gardacostas de Galicia (2012-2014).

Mergullarse para ver e protexer o que outros non poder ver

O club CAS Costa Lugo transforma o mergullo nunha ferramenta de coñecemento do medio mariño, fomentando a participación da comunidade

Por Ana Somoza.

Hai máis dunha década cun grupo de amantes do mar decidiu formalizar o seu vínculo co fondo mariño da costa lucense. No ano 2012 nacía o Centro de Actividades Subacuáticas Costa Lugo Buceo Viveiro —máis coñecido como Cas Costa Lugo—, unha entidade que, segundo explica o seu presidente, Julio Vázquez, xurdiu da vontade de “coñecer a nosa costa dende dentro”. A idea, di, partía de algo moi sinxelo pero profundamente transformador: “Todos os que mergullamos somos un pouco aventureiros, e queríamos explorar a natureza que temos ao lado da casa”. Esa curiosidade converteuse, co tempo, nun compromiso profundo co medio mariño e cun xeito colectivo de vivilo: “Non é un deporte solitario. Existen normativas, como ir sempre en parella, levar bandeira de mergullo ou dispoñer dunha embarcación. É un traballo en equipo”.

seguridade. E tamén avanzamos noutros aspectos: agora mesmo hai normativas específicas que permiten que os nenos tamén poidan iniciarse no mergullo”. A democratización desta actividade chegou tamén á infancia, e iso, para o presidente do club, é unha excelente nova: “Cando un rapaz coñece o fondo mariño, queda marcado para sempre”.

SENSIBILIZAR. Un dos eixes da actividade do club é a organización de campañas de limpeza de fondos e praias. Levan anos realizando accións de retirada de lixo nas augas de Viveiro, Ribadeo e noutras zonas da costa lucense. “Facémolo polo menos unha vez ao ano, e imos variando o lugar segundo onde vexamos que podemos sensibilizar máis á xente”, explica Julio. Para el, o valor principal destas intervencións non está só na cantidade de residuos retirados: “O máis importante non é encher sacos de

todo: plásticos, cabos, móbiles, máscaras de COVID...”, relata. Pero hai achados que resultan especialmente impactantes. “O das máscaras foi moi chamativo. Primeiro porque nos fixo lembrar aquela época tan dura, pero tamén porque amosa o fráxil que é o noso mundo”, comenta. Noutros casos, o tempo sorprende: “Nunha ocasión atopamos unha botella de leite dos anos setenta ou oitenta”. Os residuos tamén revelan os problemas estruturais do litoral. “As depuradoras e os aliviadoiros das zonas costeiras non sempre poden asumir o volume de auga en épocas de choiva intensa ou de moito turismo”, advirte. Esa incapacidade, afirma, fai que moitos refugalloos rematen no mar. “É moi habitual atopar compresas baixo a auga, moito máis do que a xente pensa”.

O PODER DO EXEMPLO. Preguntado polo impacto real destas campañas, Julio non dubida: “Se conseguimos concienciar só a unha persoa, xa paga a pena”. O seu enfoque é claro: “Non facer nada non é unha opción. A unión fai a forza, e fronte a un proble-

“A limpeza non é coller plásticos, é sensibilizar. Se conseguimos sensibilizar só a unha persoa, o traballo xa paga a pena”

ma grande necesitamos unha solución tamén grande, colectiva”. O club tamén se involucra na divulgación. Están a desenvolver proxectos audiovisuais que permitan amosar o medio mariño a quen non pode mergullarse. “Hai persoas que, pola idade ou por cuestións de saúde, non poden mergullarse. Pero cando ven os vídeos ou as fotos que facemos, din que é unha maneira fantástica de achegarse a ese mundo”, conta.

COMEZAR SEN MEDO. Para quen pensa iniciarse no mergullo, Julio lanza unha mensaxe de tranquilidade e ánimo. “O importante é que lle guste a auga e a natureza. E despois, perder o medo”. Moitos mitos arredor do mergullo, di, son infundados: “Hai quen pensa



que se estás no fondo non podes subir. Pero iso é falso. Simplemente hai que respectar a velocidade de ascenso, que non debe superar os nove metros por minuto, para non sufrir danos fisiolóxicos”. Tamén desbota o medo á claustrofobia: “Moita xente pensa que vai sentirse atrapada, pero a realidade é que a sensación que tes baixo a auga é de liberdade”.

COLABORACIÓN. Outro dos campos nos que o Cas Costa Lugo desenvolve actividade é o da

se deixan non seu sitio porque a súa recuperación e conservación ten un custo moi elevado. Unha vez fóra da auga, calquera obxecto mariño deteriorase rapidamente e require un proceso moi específico para a súa conservación”.

MIRAR CARA AO FUTURO. O Cas Costa Lugo segue medrando e facendo comunidade arredor do mar. Os retos que teñen por diante inclúen ampliar as actividades de sensibilización, mellorar a formación interna e



UNHA COMUNIDADE ACTIVA. Hoxe o Cas Costa Lugo conta con arredor de 150 socios, todos eles practicantes de mergullo recreativo e non profesional. Aínda así, están federados, algo que, segundo conta Vázquez, “ten vantaxes que non che ofrece un seguro privado de responsabilidade civil”. A federación é tamén unha maneira de dar respaldo legal e organizativo á actividade que desenvolven, que foi evolucionando co paso dos anos. “En todo este tempo cambiaron moitas cousas”, recoñece. “A lexislación actual é moito máis esixente en canto a medidas de

plástico, senón o impacto que iso ten sobre quen o ve. Se a xente observa o que hai no fondo, toma conciencia. Se ven que hai dano, intentan protexelo”. O obxectivo é que a sociedade se implique. “A natureza é un espello”, reflexiona, “e aínda que o fondo do mar non se vexa, hai moita vida aí abaixo”. Por iso insiste na importancia de coñecerla: “Cando amamos algo, protexémolo”.

DE BOTELLAS A MÁSCARAS. As cousas que aparecen no fondo do mar son tan diversas como inesperadas. “Atopamos un pouco de



colaboración co patrimonio arqueolóxico subacuático. “Temos contacto habitual con Miguel San Claudio, arqueólogo mariño, e con outros profesionais de Galicia”, conta Vázquez. Nunha das limpeza, por exemplo, atoparon unha belarmina, un tipo de xarra decorada cun rostro barbudo e un escudo, moi característica da época moderna. “O noso protocolo nestes casos é avisar. Damos as coordenadas, e os expertos encárganse de recollelo se o consideran necesario”, explica. Con todo, non todo o que se atopa se pode extraer. “Hai achados que

fomentar unha cultura de respecto ambiental entre as novas xeracións. Julio Vázquez ten claro que o camiño pasa por seguir mostrando o que hai baixo a superficie: “Cando coñeces o mar, xa non volves ser o mesmo. Por iso o noso traballo é mergullarse e contar o que hai”. Neste 2025, cando se cumpren trece anos da fundación do club, o que comezou como unha aventura entre amigos consolídase como un proxecto comunitario con impacto real. Porque como di o seu presidente, “pechar os ollos á natureza só nos fai cegos”.

DEPORTES

O tenis volve a Burela co XI Memorial José Luis Yebra

As pistas de tenis da Marosa en Burela acollerán, entre o 12 e o 27 de xullo, unha nova edición do Torneo de Tenis do Concello, que chega ao seu undécimo aniversario e que leva o nome de Memorial José Luis Yebra.

O torneo desenvolverase nas pistas recentemente renovadas e contará cunha ampla variedade de categorías: Individual Absoluto (con cadro de consolación para os eliminados na primeira fase), Dobres Absoluto e Xóvenes Promesas, con polo menos dúas franxas por idades. Esta estrutura busca facilitar a participación de persoas de diferentes perfís, consolidando así o torneo como unha cita interxeracional e integradora. O prazo para anotarse está aberto ata o 9 de xullo.

Como en edicións anteriores, ao remate do torneo realizarase un acto especial de lembranza a José Luis Yebra, no que se entregará un recordo á súa familia. A gran final está prevista para o 27 de xullo, e dende o club convidan á veciñanza a achegarse e desfrutar dun espectáculo deportivo que é xa parte do verán burelés.

Rinlo e Ribadeo prepáranse a VII Carreira Nocturna

A sétima edición da Carreira Nocturna Rinlo-Ribadeo celebrarase o sábado 23 de agosto de 2025, consolidándose como unha das citas máis destacadas do calendario deportivo do verán na Mariña. A proba, organizada polo club Atletismo Ribadeo, percorrerá 9 quilómetros nun escenario que une o encanto de Rinlo coa beleza urbana de Ribadeo.

Nesta edición, o evento contará cun padriño de excepción: o ultrafondista Julio César Antolín Rey, un dos corredores máis respectados do panorama internacional. O atleta, que participou en probas lendarias como a Marathon des Sables (Marrocos), a Gobi March (Mongolia), a Atacama Crossing (Chile), ou a Ultra-Trail du Mont Blanc (Francia), amosouse “moi ilusionado de formar parte dunha carreira que une deporte, paisaxe e convivencia”.

As inscricións xa están abertas e agárdase unha ampla participación tanto de corredores locais como de visitantes. Unha carreira que non é só unha competición, senón unha experiencia compartida.

O Riotorto conquista a Copa Deputación de Segunda e Terceira

O Riotorto puxo o ramo á súa tempada con alegría, tras proclamarse campión da Copa Deputación nas categorías de Segunda e Terceira, logo de vencer por 2-0 ao San Roque no campo do Pichón. Un título que serve de merecido premio e consolo tras a súa recente eliminación na fase de ascenso.

O equipo, que chegou con moitas baixas e o banco axustado, asinou unha vitoria sólida fronte a un San Roque tamén combativo, pero que quedara fóra do ascenso na primeira eliminatoria ante o Sada.

Nun partido moi igualado, os riotortenses souberon aproveitar mellor os momentos clave. O primeiro gol chegou no minuto 25, a balón parado, e deulle tranquilidade ao equipo. Xa na segunda metade, o Riotorto tivo o encontro baixo control, malia unha ocasión moi clara do rival tras un erro defensivo.

O segundo tanto, nun despexe que cambiou de banda e entrou escorado, asegurou o resultado e a copa. O marcador non se movería máis, malia algunhas contras perigosas dos gañadores. Os últimos minutos estiveron marcados pola tensión e as



dúas expulsións no San Roque, tras dúas entradas duras.

Con este título, o Riotorto pecha unha campaña brillante, na que loitou pola Liga ata o final e quedou ás portas do ascenso tras caer na prórroga do partido de volta. A Copa serve como xusta recompensa ao traballo, compromiso e regularidade do equipo durante toda a tempada.

SD VIVEIRO. A SD Viveiro acadou un fito histórico na categoría cadete ao proclamarse campioa da Copa Deputación logo de vencer ao Racing Vilalbés no campo mindoniense de Viñas da Veiga. O equipo celeste impúxose con autoridade nun encon-

tro que serviu tamén para celebrar o ascenso á Primeira, culminando así unha tempada que os afeccionados lembrarán por moito tempo.

O partido disputouse nun ambiente de deportividade e emoción, con dúas afeccións entregadas que encheron as bancadas. Os xogadores do Viveiro amosaron unha gran madurez táctica e un forte espírito colectivo, claves para superar un rival combativo como o conxunto vilalbés.

O título da Copa Deputación supón un premio máis que merecido para un grupo que non só brillou en resultados, senón tamén nos valores do deporte base.

A carreira popular Maruxaina contará cun percorrido para todas as idades

San Cibrao prepárase para acoller unha nova edición da súa carreira máis emblemática: a V Carreira Popular Maruxaina, que se celebrará o 19 de xullo no complexo deportivo A Veiga. A cita, xa consolidada no calendario deportivo da Mariña, contará con categorías para todas as idades e será puntuable para o circuíto de carreiras Duacode Run-FozRun 2025.

O evento dará comezo ás 11:00 da mañá coas probas infantís, que inclúen distancias adaptadas segundo a idade: 200 metros para a categoría Pitufu, 500 para os Benxamíns, 1.000 metros para os Alevíns, e 1 milla para as categorías Infantil e Cadete. A carreira absoluta, na que se percorreren 5 quilómetros, terá lugar ás 12:00 horas.

As inscricións están abertas a través da plataforma www.sportmaniacs.com, onde tamén se pode consultar toda a información sobre os horarios e percorridos. Desde o Concello animan á participación tanto de atletas locais coma de visitantes, e lembran o carácter festivo e familiar dun evento que busca poñer en valor a contorna costeira.

A Marcha Cicloturista de Viveiro celebra a súa 37ª edición

A Peña Ciclista Lar de Viveiro volve organizar un dos eventos deportivos máis tradicionais da Mariña co regreso da Marcha Cicloturista, que este ano acada a súa 37ª edición. A cita será o vindeiro sábado 14 de setembro e levará aos participantes por un esixente percorrido de 74,99 quilómetros, cun perfil montañoso que terá o seu punto álxido na subida ao Monte de San Roque.

A proba, non competitiva pero con tramos cronometrados, forma parte do calendario oficial da Federación Galega de Ciclismo, e está pensada para ciclistas afeccionados con boa preparación física. A ruta acumula 1.657 metros de desnivel positivo e 1.306 de desnivel negativo, cunha pendente media do 0,5 %, e terá dous puntos de avituallamento sólido e líquido: un na contrarrexloxo, entre os quilómetros 30 e

35, e outro na chegada, situada no cumio do San Roque.

A organización, que conta coa colaboración dos concellos de Viveiro, Ourense e Muras, así como da Deputación de Lugo, xa abriu o prazo de inscrición a través da páxina oficial da Federación Galega de Ciclismo. Desde a Peña Lar destacan o ambiente de compañeirismo que caracteriza este evento, que cada ano reúne a ciclistas de distintos puntos de Galicia e mesmo doutros territorios.

O evento é tamén unha oportunidade para poñer en valor o entorno natural e paisaxístico da zona, con estradas que discorren por paraxes de gran beleza, coma os montes viveirenses e as ladeiras de Ourense. A Marcha Cicloturista de Viveiro consolídase así como unha das citas imprescindibles do ciclismo afeccionado en Galicia.

O Folgueiro League regresa con forza ao campo de Boavista

Os días 12 e 13 de xullo, o campo de Boavista acollerá unha nova edición do Folgueiro League, un torneo de fútbol 7 organizado pola Unión Deportiva Folgueiro que se consolida como unha cita deportiva destacada do verán na Mariña. A competición contará con dúas categorías: a tradicional sénior e a xa consolidada Folgueiro League Baby, destinada a xogadores e xogadoras sub 18.

A organización prevé unha participación elevada, e ofrecerá premios en metálico e trofeos para os tres primeiros clasificados en cada categoría. No caso da categoría sénior, o equipo gañador recibirá 800 euros e trofeo, mentres que o segundo e o terceiro clasificado recibirán 450 euros e 200 euros respectivamente, ademais dos seus correspondentes trofeos. O cuarto posto será recompensado coa inscrición gratuíta na seguinte edición e tamén un trofeo. A cota de inscrición nesta categoría é de 160 euros, incluíndo o seguro de participación.

Na categoría sub 18, os premios se-



rán de 350, 200 e 150 euros para o primeiro, segundo e terceiro posto, ademais dos trofeos. Os equipos que desexen competir nesta categoría deberán aboar unha cota de 120 euros, que tamén inclúe seguro. No caso de que algún equipo sub 18 queira competir tamén na categoría sénior, a cota ascende a 160 euros.

Para máis información ou dúbidas, os interesados poden contactar cos teléfonos 696 843 741, 678 164 085 ou 626 597 114.

DEPUTACIÓN

Adxudicado por medio millón o programa E para Dixitalizarse, Lugo

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou por case medio millón de euros adxudicar o contrato do programa E para Dixitalizarse, Lugo. Así o informou tras a reunión a Voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, quen destacou que esta iniciativa “ten como obxectivo achegar as novas tecnoloxías á veciñanza, reducir a fenda dixital e fomentar a inclusión no territorio”.

O proxecto está financiado con fondos europeos captados pola Deputación ao abeiro do Reto Rural Dixital, dentro do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia da Unión Europea, e desenvolverase ata o 20 de marzo de 2026, aínda que o 60% das accións deberán executarse antes do 31 de decem-

bro de 2025.

Pilar García Porto explicou que “se trata dunha proposta pioneira coa que a institución provincial levará formación en competencias dixitais á veciñanza dos 55 concellos da provincia con menos de 5.000 habitantes”, quedando fóra só os municipios máis poboados: Lugo, Monforte de Lemos, Viveiro, Vialba, Sarria, Foz, Ribadeo, Burela, Chantada, Guitiriz, Outeiro de Rei e Castro de Rei.

A programación, que será deseñada xunto coa empresa adxudicatária, incluírá 500 accións formativas centradas nas tecnoloxías da información e da comunicación (TIC), e estará adaptada a diferentes perfís e idades. A formación abranguerá desde o uso de aplicacións móbiles

ou a banca electrónica para persoas maiores, ata contidos de informática básica, redes sociais ou ciberseguridade para a mocidade, persoas desempregadas ou emprendedoras.

Tamén se ofrecerán obradoiros dixitais a familias sobre os riscos de internet ou o uso responsable dos dispositivos.

“A posta en marcha deste proxecto demostra, unha vez máis, a capacidade do Goberno da Deputación para captar fondos europeos, que xa superan os 18 millóns de euros desde o ano 2019”, sinalou García Porto. Un investimento que “permitiu desenvolver proxectos clave contra o despoboamento no rural e a favor da modernización dos concellos, como os programas Xeopadrón ou Impulsa TIC”, engadiu.

Comezan os traballos de desbroce en 4.200 quilómetros de vías

A Deputación de Lugo comezou este luns, 2 de xuño, os traballos de desbroce nos máis de 4.200 quilómetros de estradas provinciais. A institución provincial destina este ano en torno a 1,5 millóns de euros a estas tarefas que arrancan de forma simultánea nas 24 zonas nas que está dividido o contrato da súa rede viaria para levalo a cabo dun xeito máis eficiente.

As rozas terán un prazo de execución dun máximo de mes e medio, polo que está previsto que a mediados de xullo estean rozadas as estradas provinciais nos 67 concellos. Unhas tarefas coas que a Deputación mellorará a seguridade viaria e a comodidade dos condutores, ademais de favorecer a prevención de incendios durante o verán.

As 24 zonas nas que está dividida a rede provincial para desenvolver os desbroces son as seguintes:

A mellora da mobilidade centra outro dos grandes piares dos Orzamentos este ano 2025, e por iso o Goberno provincial destina ás estradas máis do 21 % do total. A Deputación incrementou, ata os 27,31 millóns de euros as partidas de obra nova, conservación, desbroce e actuacións do Parque Móbil, o que representa unha suba destes apartados en máis dun 42 % respecto ao 2024, cando a institución destinou 19,4 millóns de euros. O dobre do investimento que no 2019, cando as partidas para estradas sumaban algo máis de 14 millóns.



Rematan con éxito as rutas do Románico

Unhas 300 persoas desfrutaron estes días da quinta edición do Coñece o románico da provincia de Lugo, un programa de rutas gratuítas que organizou a Deputación pola provincia. Neste quinto ano, a institución provincial programou un total de 16 itinerarios ao seu paso por unha vintena de concellos co obxectivo de poñer en valor e difundir o patrimonio do territorio lucense.

“Todas as rutas completaron as prazas, polo que esta nova edición foi un éxito un ano máis”, sinalou a Deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto. Explicou a responsable provincial que este programa enmárcase na estratexia turística da Deputación de Lugo, que aposta por un modelo de turismo de proximidade, sostible,

de calidade, e desestacionalizado. Unha iniciativa que se desenvolve en pequenos grupos, sen masificacións, e que deixa valor real no territorio en termos económicos e de emprego.

As visitas comezaron o último venres de maio co itinerario guiado en Lugo, pola Catedral de Santa María e a Cidade Medieval. Esa fin de semana tamén houbo rutas polo Saviñao, Portomarín e Paradela, Taboada e o rural da capital lucense; Monforte de Lemos, Foz e Viveiro. Este sábado pasado, 7 de xuño, foron protagonistas os percorridos polo románico de Pantón, Antas de Ulla, Ribas de Sil, Quiroga, Palas de Rei e Monterroso. A edición finalizou onte, domingo, con itinerarios por Sarria, Chantada, Meira e Sober.

O Impulsa TIC renovará equipos e sistemas de protección nos concellos

A Xunta de Goberno aprobou ampliar o proxecto Impulsa TIC, o programa que lanzou a institución provincial para a transformación dixital e modernización das administracións locais da provincia. Así o explicou a voceira socialista, Pilar García Porto, quen detallou que “concretamente, acordamos licitar dúas novas actuacións por algo máis de 240.000 euros para a instalación dunha nova infraestrutura que permita mellorar as capacidades e servizos de 31 concellos”.

Para paliar esta situación, a Deputación de Lugo licita dous proxectos por un importe de 120.879 euros cada unha para os 31 concellos que solicitaron participar nesta nova actuación. O primeiro deles irá destinado á renovación de servidores municipais. “Dotaremos a

estes concellos de equipos informáticos novos de última xeración para ampliar as capacidades e recursos tecnolóxicos dos servidores municipais actuais, con medidas de seguridade e dispoñibilidade”, explicou García Porto, quen engadiu que dentro do contrato non só se realizará o subministro, senón que se instalará e configurará en cada concello para que quede completamente operativo.

A Deputación levará a cabo un segundo proxecto para implantar sistemas de protección e de copias de seguridade, que preveña por unha parte de accesos indebidos aos principais servidores e, por outra, que conteña proteccións ante cortes de subministro eléctrico, co fin de aumentar a seguridade e dispoñibilidade dos servizos municipais.



Unha sesión formativa do Xeopadrón arranca para os 67 concellos

Os representantes dos 67 concellos da provincia participaron na xornada técnica organizada pola institución provincial para poñer en marcha o Xeopadrón, o programa de dixitalización da información municipal. A cita contou coas explicacións dos responsables da empresa adxudicatária sobre o alcance das primeiras tarefas desta iniciativa na que a Deputación inviste 1,3 millóns de euros.

Na xornada, participaron máis de 50 persoas, entre alcaldes, alcaldesas, tenentes de alcaldes e técnicos municipais.

Esta nova iniciativa da institución provincial ao servizo dos concellos está pensada “para avanzar na modernización da administración local”, explicou José Tomé, quen valorou

ademais que “contar cun padrón municipal actualizado, rigoroso e vinculado ao territorio é clave para planificar ben, xestionar mellor e tomar decisións informadas”. “Iso é o que nos propoñemos con Xeopadrón: mellorar a calidade dos datos do padrón, depuralos e vincular esa información cunha base de datos xeorreferenciada de fogares e vivendas. Un paso estratéxico cara ao futuro Padrón Online que está desenvolvendo o INE a nivel estatal”, argumentou.

“Desde 2019, levamos conseguido máis de 18 millóns de euros en fondos europeos, e con eles estamos a transformar servizos e estruturas nos concellos da provincia”, recordou o presidente.

COLABORACIÓN

As vedoiras

SENTIDIÑO,POUCOPEROQUEDURE



Noelia Castro Yáñez

A Mariña xa comeza a referver, somos niño de aves que teñen un voo estival. A comarca semella durmida en inverno, pobos alestargados pero malia o que pensan os turistas, vivos. Porque vivir, vivimos todo o ano. Coido que o noso encanto reside na temporada baixa, pero isto xa é opinión persoal. Temos un párroco novo, abre os ollos coma pratos agora ao entrar no adro da igrexa e ver o bulir de xente, cre que están a ter froito as súas homilías soporíferas pero axiña se lle baixan os fumes cando os escoita falar. Agora xa non somos catro e a caixa, pasou a non atopar onde aparcar e como prescindiu do sancristán, anda a pedir favores. Pensabamos que o problema da vivenda non ía con nós, alleos aos epicentros das comunicacións, semella que o turismo lle atopou certo encanto a pasar a Gañidoira e sentir o frescor no peito. Corredoiras

cheas de curvas e aldeas polas que non pasa o autobús, pero si a panadeira. Porque, sinto repetirme, pero de setembro a maio, comemos pan todos os días e ata somos quen a saborealo sen sobresaltos. Para evitar un deles hoxe espertei cedo e collín o Mitsubishi para ir a Viveiro, onte comezou o Resu e preferín ir en todoterreo. Comín o mesmo atasco pero ía eu máis tranquila, se non atopo sitio onde deixalo, podo subilo a algures onde non estorbe, parece que indo unha no alto deixa os problemas máis lonxe. Falaban dentro da conciliación entre a vida da vila e un evento desa magnitude, se tivéssemos unha rede de infraestruturas digna, paliar os efectos de multiplicar por dez a poboación unha fin de semana sería un mal menor e mesmo poderíamos nós prantexarnos gozar duns plans que sentimos como propios pero na distancia. Atopeime a R. que me levou durante décadas no autobús que conduciu ata a xubilación, sorprendida confesoume que estaba en Viveiro medio en secreto, a súa muller non quería que baixase á vila no medio do festival e el negouse

a quedar sen o café cos compañeiros, namentres me contaba isto, un home increpounos por

de agora, son de todos. Ficamos molestos e ofendidos, pero prometo non sermos así o resto do



parar a falar, entendo que aburrido polas mareas de xente que ocupaban unhas rúas, que ata o

ano, somos hospitalarios e gústanos recibir a xente. Cando volvía do meu compro-

miso, parei na miña librería favorita e sortes que hai na vida, atopei un libro de contos do Valadouro. Ao chegar á casa e sentar a botarlle un ollo ao libro atopei unha historia de vedoiras, en feminino, porque na tradición galega sempre soubemos que as mulleres temos un don para percibir sinais. Mulleres que segundo a tradición foron bautizadas por erro cos óleos dos defuntos no canto da auga bendita da pía. Coido que non fun a única en criarme no medio de contos das sinais, ben seguro en cada vila desde a que me ledes podedes nomear unha casa cunha persoa con algún destes poderes. Ver os enterros dos veciños horas antes de morreren, recibir sinais inequívocas que invitaban á transición ao máis alá. En definitiva, cousas de meigas. Moi apartadas da relixión, porque como dicía a avoa, contra Deus non pode ninguén. Por moi bruxas que sexan, pero sempre vencelladas ás crenzas populares. Non semellou azaroso o meu encontro con ese texto pero servíume para esquecer os corenta minutos de máis que me levou o camiño de volta á casa.

O agradecemento non se compra en Amazon

O PUPITRE



Julio Díaz

Flores, debuxos, cartas, spa, escapadas de fin de semana, pezas de xoiería,... Este é o amplo abano de regalos que reciben os docentes cando finaliza o curso escolar por parte das familias en agradecemento pola dedicación aos seus fillos durante todo o curso. Cando un busca en Google ideas de regalos de fin de curso para profes, o buscador ofrece resultados que van dende os 10 ata os 175 euros; se buscas noutros buscadores, os resultados son similares. Entre os obxectos destacan bolsas, botellas, cuncas personalizadas, caixas regalo, bonos spa ou para un restaurante. Eu non son partidario que a ninguén polo seu traballo se lle teña que

incentivar con grandes agasallos nin con caros obxectos, moitas veces en competencia entre familias para ver quen é máis á hora de agasallar. Eu son máis partidario da xenerosidade e desprendemento no día a día, trasladado no recoñecemento do noso traballo e no prestixio que a nosa profesión debe recuperar. Rebota no meu cerebro a reflexión dun docente que escoitei fai uns días “os docentes o que necesitamos son menos regalos e máis recoñecementos e apoio por parte das familias e da sociedade e por riba de todo dunha Administración que cada día vapulea o noso traballo, aínda que iso, hoxe en día, non deixa de ser máis que unha utopía. O regalo polo regalo ou pola obrigación a min paréceme innecesario pero aínda me parecen máis innecesarios e fora de lugar os regalos colectivos. Ninguén debe meterse en si un pai/nai quere ter un detalle, non



facelo, canto quere gastar ou non quere gastar nada, ou non pode; por iso estou totalmente en contra dos regalos colectivos, xa que cando se prema ao grupo de pais, ao final non é positivo pois moitos deles vense contra as cordas e incluso vense ao final obrigados a facer ese pago para que o seu fillo non sexa inferior ao resto.

Venme á memoria unha anécdota que escoitei e foi que un grupo de pais decidira comprar unha funda nórdica coas caras dos nenos de toda a clase estampada, aínda que ao final primou a cordura e o regalo foi outro. Imaxinan a ese pobre docente todas as noites con ese panorama antes de durmir coas caras de Luisito, Sorallita, Fermín, Tonecho,...vendo como te quedas sopa e poñendo os pés a Sarita e a Marco que xa non se despegan de ti en todo o día, uff uff deixa, deixa. Vou pechar “o pupitre” deste mes coa miña experiencia persoal: levo xa 40 anos, doutra maneira ou outra, no mundo do ensino e o mellor recorde que teño foi un agasallo dun alumno, dun alumno moi especial, foi no primeiro contacto con rapaces de curta idade. Eu viña de impartir docencia a rapaces adultos e mesmo universitarios e o meu primeiro contacto con alumnos de primaria foi moi impactante,

incluso cheguei a pensar en claudicar e volver aos meus “maiores”; despois duns días non o deixaría por nada, foi un curso gratificante, no que tiveron un alumno cun síndrome que o facía especial, teño que dicilo, volqueime con el, era unha esponxa. Quero recordar ese final de curso, eu estaba de paso nese centro, a 150 km da miña casa e rematado o curso ese rapaz e a súa nai viñeron a agradecerme o meu traballo e que por favor volvese ao curso seguinte “menudo regalazo” aínda tendo que facer 300 km diarios gustárame volver a ver ao meu Xabier. Eu quedome co regalo da nai de Xabier, un boli artesán, e paso de spa e do xamón. Sinto non ter atopado en ningún buscador ao consultar “regalo para docentes” o seguinte lema “o mellor regalo é que valores o seu traballo e co-labores con el no ben común, que é o teu fillo”. Boas vacacións.

Summertime

CULTURA



Rebeca Maseda

Finalmente.... Chegou o verán! Esa época do ano na cal a xentiña do norte vive de portas para fóra e a do sur intenta sobre-

levar a calor como pode. Levo un ano e pouco vivindo en Sevilla e a xente que me coñece ben sabe que son a máis norteña do universo e que a vida a vinte graos faime moi feliz.

Pois ben, ao bo tempo, boa música e precisamente disto quero falarvos nesta ocasión. Porque se hai unha canción que soa a sol, a noites longas e a brisa morna que che roza os pés descalzos, esa é Summertime. Ese tema que semella que foi escrito para poñerse a mirar o ceo sen facer nada máis. Pero ollo, que detrás desa melodía suave e case hipnótica hai unha historia ben curiosa.

de era un malabarismo musical. O tema forma parte da ópera “Porgy and Bess”, estreada en 1935 e baseada nunha novela de DuBose Heyward, quen tamén colaborou na letra da canción.

ao seu bebé mentres lle promete un mundo mellor que, paradoxalmente, sabemos que case seguro non chegará nunca. Así de potente é a cousa: sinxela en forma, pero profunda como un pozo sen fondo.

versión que fixo historia. A voz de Ella é coma un refresco de limón nun día de calor pegañenta: clara, elegante e ao mesmo tempo chea de forza. A súa interpretación converteu Summertime nun estándar

máis de 25.000 versións. Dende Billie Holiday ata Janis Joplin (cunha interpretación desgarradora que parece que vai arder o mundo), pasando por Norah Jones, Miles Davis ou mesmo Sublime, aquela banda de ska-punk dos noventa. Un auténtico fenómeno musical que, con cada nova versión, segue renecendo, coma o verán cando chega de novo tras meses de frío. Hai quen di que Gershwin se inspirou no espiritual negro Sometimes I Feel Like a Motherless Child, pero o certo é que el pasou bastante tempo mergullándose na cultura sureña, intentando captar a esencia da música da comunidade afroamericana. Non foi un copia-pega nin moito menos. Foi un traballo de escoita e respecto, algo que se nota no resultado final. Así que, xa sabedes: se neste verán vos dá por poñer música mentres vos tomades algo fresquiño, deixade que soe Summertime. E se podedes, buscade a versión de Ella, porque, amigas e amigos, hai cancións que son eternas, e esta é unha delas. Unha desas xoias que consegue que, por uns intres, todo pareza estar no seu sitio. E como diría a propia canción... “Summertime, and the livin’ is easy...”



A idea era crear unha especie de berce cantado, unha nana que recollera a alma e a tradición espiritual afroamericana. E vaia se o conseguiu. A primeira vez que soa Summertime na ópera, unha muller negra canta para acougar

E agora chega o punto no que entra ela, a raíz indiscutible: Ella Fitzgerald. Se Summertime xa era boa, cando ela lle mete a voz... xa non hai marcha atrás. Foi nos anos 50 cando Ella, xunto con Louis Armstrong, gravaron unha

do jazz, deses que todo músico quere tocar polo menos unha vez na vida. Pero o máis tolo de todo isto é que Summertime é, atención, unha das cancións máis versionadas da historia. Calcúlase que existen

TELÉFONOS DE INTERESE

ALFOZ	
Concello:	982 55 80 01
Garda Civil:	982 57 40 30
Centro de Saúde:	982 55 86 97
BARREIROS	
Concello:	982 12 40 02
Garda Civil:	982 12 41 94
Centro de Saúde (cita previa):	982 12 41 05
BURELA	
Concello:	982 58 60 00
Policia Local:	982 58 62 11
Garda Civil:	982 58 57 05
Centro de Saúde (cita previa):	982 58 51 29
Hospital da Costa (centraliña):	982 58 99 00
Capitanía Marítima:	982 57 51 53
CERVO	
Concello:	982 55 77 77
Policia Local:	615 52 10 52
Garda Civil:	982 58 57 05
Centro de Saúde (cita previa):	982 55 75 25

FOZ	
Concello:	982 14 00 27
Policia Local:	982 13 36 40
Garda Civil:	982 14 04 44
Centro de Saúde (cita previa):	982 13 23 85
Agencia Tributaria:	982 13 35 12
LOURENZÁ	
Concello:	982 12 10 06
Garda Civil:	982 52 19 05
Centro de Saúde (cita previa):	982 12 20 29
MONDOÑEDO	
Concello:	982 52 40 03
Policia Local:	982 50 70 40
Garda Civil:	982 52 19 05
Centro de Saúde (cita previa):	982 50 74 52

OUROL	
Concello:	982 55 91 09
Garda Civil:	982 56 10 39
Centro de Saúde (cita previa):	982 55 90 62
PONTENOVA, A	
Concello:	982 34 22 77
Garda Civil:	982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa):	982 34 24 00
RIBADEO	
Concello:	982 12 86 50
Policia Local:	982 12 86 50
Garda Civil:	982 12 80 48
Centro de Saúde (cita previa):	982 13 01 43
RIOTORTO	
Concello:	982 34 62 22
Garda Civil:	982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa):	982 34 66 63

TRABADA	
Concello:	982 13 50 11
Garda Civil:	982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa):	982 13 53 00
VALADOURO, O	
Concello:	982 57 40 00
Garda Civil:	982 57 40 30
Centro de Saúde (cita previa):	982 57 43 12
VICEDO, O	
Concello:	982 59 00 02
Garda Civil:	982 59 01 81
Centro de Saúde (cita previa):	982 59 03 51
VIVEIRO	
Concello:	982 56 01 28
Policia Local:	982 56 29 22
Policia Nacional	982 56 17 11
Policia Nacional cita DNI	060/ 982 57 06 62
Centro de Saúde (cita previa):	982 56 12 01
XOVE	
Concello:	982 59 20 01
Centro de Saúde (cita previa):	982 59 24 24



TELÉFONOS DE INTERESE

Emerxencias: 112

Urxencias Sanitarias: 061

Incendios Forestais: 085

Garda Civil: 062



www.amariñaxa.com

DE RUTA EN RUTA

Abadín: Ruta dos Muíños

Un camiño curto e accesible que combina natureza, historia e patrimonio etnográfico nun entorno privilexiado da Terra Chá

Entre as numerosas propostas de ocio que ofrece o municipio, destaca a posibilidade de practicar sendeirismo polos seus variados camiños e carreiros. Un destes percorridos coincide coa ruta costeira do Camiño de Santiago. Nesta ocasión, centrarémonos na coñecida Ruta dos Muíños, o itinerario máis curto da Rede de Sendeiros da Terra Chá, cunha lonxitude de apenas 5,7 quilómetros. O traxecto discorre polo corazón dunha frondosa fraga, conectando cinco antigos muíños hidráulicos situados ao longo do río da Fraga. Este camiño de trazado lineal comeza no Lugar da Laxe, ao carón do muíño de Corvite, unha construción fabril dos primeiros anos do século XX que foi restaurada. Preto dese punto, nas inmediacións do antigo centro escolar de Corvite, arrinca propiamente o camiño. Alí pódense admirar as belas edificacións das escolas e a Casa do Mestre, hoxe parcialmente abandonadas, que evocan tempos pasados.

A ruta continúa paralela á canle do río Anllo, entre unha exuberante vexetación de ribeira. Pouco despois, crúzase a estrada e tómasse un antigo camiño de carros que, noutros tempos, servía para atender a intensa actividade que se desenvolvía neste afluente. O primeiro muíño que se atopa é o do Mazo, situado na Vesada. A medida que se avanza por un soto impresionante, van aparecendo outras edificacións tradicionais como os muíños de Trasón, da Fraga e o Pequeno Escravello, este último en

Foxacos. Todos eles foron construídos en enclaves estratéxicos para aproveitar a forza motriz da auga do río. Na parte final do traxecto, os camiñantes terán que afastarse da beira do río para alcanzar o punto final da ruta. Desde alí parte unha pequena desviación que leva ao muíño de Cabo da Vila, que conserva no seu interior os mecanismos orixinais de funcionamento, ofrecendo unha testemuña viva da enxeñaría tradicional. Cómpre estar atentos, pois non é raro que algún corzo se cru-

ce no camiño e acompañe por momentos aos sendeiristas durante esta curta pero fermosa andaina. Importa tamén prestar atención ao tempo: nos días de choiva, o terreo pode encharcarse con facilidade e resultar esvaradío. Este sendeiro forma parte da atractiva Rede de Sendeiros da Terra Chá, unha proposta que combina natureza, patrimonio e historia nunha mesma experiencia. Ademais do valor paisaxístico e ecolóxico, a Ruta dos Muíños ofrece unha oportunidade única para coñecer de preto o patri-

monio etnográfico ligado á vida rural de séculos pasados. Estes muíños eran esenciais para a economía das parroquias, xa que permitían moer o gran e abastecer ás familias. Hoxe, a través desta ruta, pódese recuperar a memoria dese pasado e poñer en valor unha cultura tradicional que, malia o paso do tempo, segue moi presente na identidade da comarca. Para as persoas interesadas en descubrir a Terra Chá a pé, este sendeiro é unha excelente porta de entrada a un territorio cheo de sorpresas naturais e humanas.



DATOS



2 horas



6 quilómetros



Dificultade media

HOMOLOGACIONES MARÍTIMA

- FORMACIÓN BÁSICA EN SEGURIDAD MARÍTIMA
- BUQUES DE PASAJE
- FORMACIÓN BÁSICA EN PROTECCIÓN MARÍTIMA
- FORMACIÓN DE BOTES
- AVANZADO CONTRA INCENDIOS
- ACTUALIZACIÓN: FORMACIÓN BÁSICA EN SEGURIDAD MARÍTIMA
- ACTUALIZACIÓN: AVANZADO EN LUCHA CONTRA INCENDIOS

CENTRO HOMOLOGADO PARA IMPARTICIÓN CURSOS MARINA MERCANTE
MINISTERIO DE TRANSPORTES MOVILIDAD Y AGENCIA URBANA





GRUPO FORMAT

formación integral de empresas
para información sobre más formaciones:
www.grupoforma-t.com
TEL.: 982 513 605